

ORBITA

Xornal do IES RIBEIRA DO LOURO. Xuño - 2012
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA



“Deixemos o pesimismo para tempos mellores” (Eduardo Galeano)

O ano do deseño gráfico no IES Ribeira do Louro

Durante este curso, os corredores do IES Ribeira do Louro convertéronse en privilexiados lugares nos que toda a comunidade educativa puido contemplar as habilidades do noso alumnado para o deseño gráfico. Grazas á moi activa colaboración do profesor do Departamento de Plástica, Mario Iglesias, gran parte das actividades complementarias organizadas por diferentes departamentos do centro e equipos de traballo (Filosofía, Ciencias, Música, Biblioteca, Dinamización) contaron para a súa promoción con brillantes carteis creados por moitos dos seus alumnos



Lorena Argibay (4º ESO-B)




Diana Carballo (4º ESO)



Dayana Álvarez (1º BACH.)



Karina Holguin (4º ESO)



Diana Carballo (4º ESO)

Macroenquisa sobre usos e actitudes lingüísticas no noso instituto

O IES Ribeira do Louro propónse frear o cambio lingüístico que se está a producir no noso centro e potenciar a lingua galega entre o estudiantado

O teatro volve a brillar

Os tres grupos de teatro do noso instituto, coordinados polo Equipo de Dinamización Lingüística, levan á escena con éxito textos de gran dificultade interpretativa



As noites de Cabiria, de Federico Fellini



Cyrano de Bergerac, de Edmond Rostand



O bosque animado, de W. Fernández Flórez



VISITAS:
Facultade de Química



CELEBRACIÓNS:
Día da Muller



ENTREVISTAS:
Jonathan Vila



CONFERENCIAS:
Ángel Carracedo



HOMENAXES:
Carlos Brandao



Na imaxe, algúns membros do equipo de redacción de Órbita

Órbita, xornal do IES Ribeira do Louro (O Porriño)

ALUMNADO

Equipo de redacción:

Sara Bastos (1º ESO), Paula E. Flores (1º ESO), Carla Balado (2º ESO-A), Eva González (2º ESO-B), Modesto Iglesias (2º ESO-B), Ángel Palacios (2º ESO-B), Sara Silva (4º ESO), Teresa Gómez (4º ESA), Diego Gregores (PCPI Comercio), Michael Campos (PCPI Instalacións), Antía Caride (1º BACH.-A), Sara Domínguez (1º BACH.-A), Nerea Estévez (1º BACH.-A), Iria Fernández (1º BACH.-A), Alejandra Ferreira (1º BACH.-A), Saray Losada (1º BACH.-A), Rajaá Rizki (1º BACH.-A), Nazaret Borja (1º BACH.-B), Alba Fernández (1º BACH.-B), Aitor Lago (1º BACH.-B), María Lago (1º BACH.-B), Sofía Lorenzo (2º BACH.-A), Marta Viéitez (2º BACH.-A), Cristian Lorenzo (2º BACH.-B), Yolanda Insunza (CS Comercio Internacional)

Colaboracións especiais:

Kevin Campo (4º ESO-A), Diana Carballo (4º ESO-A), Denis González (4º ESO-A), Andrea Hermida (4º ESO-B), Karina Holguin (4º ESO-A), Lorena Martínez (4º ESO-A), Jacobo Pérez (4º ESO.-A), Marcos Rodríguez (4º ESO-A), Daniel Román (4º ESO-A), Bruno Romero (4º ESO-A), Lorena Argibay (4º ESO-B), Almudena Besada (4º ESO-B), Alberto Fernández (4º ESO-B), Dayana Álvarez (1º BACH.-A), Katia Fernández (1º BACH.-A), Ángel López (1º BACH.-A), Yennifer Teixeira (1º BACH.-A), Alejandra Ledo (1º BACH.-B), Antonio Otero (1º BACH.-B), Sheyla Pazos (1º BACH.-B), Yanina Gallego (1º BACH.-B), Andrea Ramilo (1º BACH.-B), Rubén Pérez (1º BACH.-B), Judit Vila (2º BACH.-A), Lyudmyla Chub (CS Comercio Internacional), Yesica Santamaría (CS Comercio Internacional).

PROFESORADO:

Entrega e supervisión de traballos de estudantes:

Xulio César Abalde, Virxinia Calviño, Xulia Cerviño, Mario Iglesias, Guillermo Comesaña, Eva Fernández, Margarita López, Rosario Lucas, Xosé Manuel Míguez, Aurora Sobrino, Mª Luisa Tenreiro.

Textos de seu:

Xulio César Abalde, David Barros, Virxinia Calviño, Guillermo Comesaña, Mª Paz Fernández, Dolores Méndez, Ana Perdigueru, Asunción Teixeira.

Outros agradecementos:

Ana Castro, Antonio Faña, Victorino García, Arturo Longa, Rubén Martínez, Antonio Méndez, Euloxio Reinoso, Mª Encarnación Rodríguez, Isabel Saco.

A nosa gratitude tamén a estoutros membros da comunidade educativa:

Xosé Luis Vilar (ONCE), Patricia Fernández, Miguel Termenón, Enrique Teixeira, Ana Alén, Xusto Gutiérrez, Olimpia Gómez, Mª Carmen González, Cándido Pérez, Alfonso Alonso, Rosa Pereira, e os compañeiros do IES Taboada Chivite.

Mecanografado de artigos manuscritos:

Lara Álvarez, Verónica Monteiro, Paula Durán, Aralle Rodríguez (alumnas de Xestión Administrativa, coordinadas por Mª Sol Mouzo).

Asuntos económicos: Xoana Rosa Muñoz

Tratamento para a versión dixital en Intenet: Xosé Manuel Iglesias

Coordinación: Delio García

EDITORIAL:

Aquí tedes un novo número da revista *Órbita*, a publicación editada polo Equipo de Dinamización Lingüística do IES Ribeira do Louro na que levamos traballando dende o comezo de curso. Seguramente habedes cadrar con nós en que, lendo as súas páxinas, un pode comprobar a calidade e enorme forza aínda da escola pública. E dicimos aínda porque os recortes orzamentarios en educación nos preocupan. O noso Equipo de Dinamización que, ademais da revista, coordinou o funcionamento de tres grupos de teatro no noso instituto, unha actividade central para a mellora da excelencia educativa, sufriu este ano (igual ca todos os de Galicia) un recorte brutal por parte da Consellería de Educación do 75%. Se o ano pasado tivemos unha subvención de 1320 €, este ano reduciuse a 349€. Para que vos fagades unha idea, só editar esta revista supónnos un mínimo de 800 €.

Os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística naceron hai moitos anos para potenciar o uso da lingua galega entre os estudantes (que como vemos na enquisa que publicamos aínda resulta algo prioritario) e neste momento están detrás dunha gran parte das actividades complementarias que se realizan nos centros educativos en Galicia, polo que están contribuindo tamén á mellora da calidade na educación. Dende estas páxinas pedímoslles ás autoridades educativas da Xunta de Galicia que non arrúnen o traballo destes Equipos.

Ogallá nos poidades ler o curso que vén!

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O IES Ribeira do Louro propónse frear o cambio lingüístico que se está a producir no noso centro e potenciar a lingua galega entre o estudantado

Segundo se recolle no Proxecto Lingüístico aprobado polo noso instituto, ese é un dos obxectivos que se marcan como prioritarios, e máis se cabe logo de se coñeceren os resultados dunha enquisa realizada a un moi elevado número de alumnos e alumnas do noso centro, na que se pon en evidencia como sendo o galego a lingua predominante das familias dos nosos estudantes (o 51% no caso dos pais, e o 66% no caso dos avós) a porcentaxe descende ata o 32% no caso dos alumnos, e máis aínda, ata o 23%, cando se atopan no instituto. Dada a relevancia da enquisa que, ademais dos usos e actitudes lingüísticas, achega información sobre índices de lectura ou consumo de televisión, *Órbita* quixo publicar aquí os resultados, tal como aparecen no devandito Proxecto Lingüístico.

No ano 2010 realizamos unha enquisa no noso centro para coñecer de maneira precisa o uso da lingua galega e castelán entre os estudantes do IES Ribeira do Louro. Centramos a nosa análise

na ESO (1º, 2º, 3º, 4º) e mais en 1º BACH., é dicir, naquel estudantado que vai fornecer posteriormente os grupos de 2º BACH, ciclos formativos ou educación de adultos, e efectuamos un total



de 175 enquisas.

Á hora de deseñar o cuestionario, quixemos que este puidese reunir dúas características fundamentais, a de ser completo e a de resultar doado de cubrir

nun tempo reducido (5 minutos).



Velaquí os resultados, a súa análise fundamental e as medidas a adoptar:

1. Que lingua falas ti normalmente?




-Como vemos non existe equilibrio e o galego está nunha clara situación de inferioridade. Neste intre non estamos mantendo nin sequera ese 32% de alumnado que vén da casa falando galego sempre ou de xeito principal (perdemos 8,6 puntos porcentuais). Coidamos entón que un obxectivo prioritario do Proxecto Lingüístico debe ser **deseñar actividades para frear este cambio lingüístico** que se está a producir.

2. Que lingua falan os teus familiares directos?





-Comprobamos agora que a lingua predominante das familias dos nosos alumnos segue a ser o galego (o 51% no caso dos pais, e o 66% no dos avós). Por tanto, outro obxectivo do noso proxecto debe ser **que unha parte importante de alumnos recupere a lingua que lles é propia no seu contorno familiar máis inmediato**. Debemos impedir que se tronche de xeito definitivo a transmisión lingüística entre pais e fillos. Temos que aumentar a autoestima cultural e lingüística do noso alumnado, facer que lles teñan cariño á lingua dos seus pais e dos seus avós.



3. En que lingua te dirixes ao profesorado?

-Ollamos que a lingua do profesorado determina nunha maioría dos casos a lingua do alumno, polo que está nas nosas mans axudar a aumentar os cativos usos lingüísticos en galego por parte do estudantado. **Propomos pregarlle ao profesorado que nas súas relacións co alumnado fóra da aula utilice normalmente a lingua galega, e pedímoslle que faga o mesmo na súa relación coas familias. É esencial tamén solicitar o anterior ao persoal de administración e servizos.**

4. En que lingua sentes maior seguridade para escribir e falar



-Aínda que haxa que tratar con cautela estas respostas, ao se trataren de impresións expresamente subxectivas, coidamos que poden aproximarnos a un coñecemento sobre a comparación entre competencias galego-castelán no alumnado do noso centro:


A sensación de mellor competencia en castelán é claramente superior. Un obxectivo razoable neste aspecto sería aumentar a porcentaxe dos que se sintan con total seguridade nas dúas linguas, e polo menos equilibrar as porcentaxes dos que sintan máis seguros nunha lingua ou noutra.

Propomos dúas medidas para mellorar a competencia lingüística (tanto en galego coma en castelán): en primeiro lugar, **pedir que nas programacións de todos os departamentos se teña en conta esta competencia** e a organización de actividades que a melloren: realizar exposicións orais, valorar a expresión (ortografía, puntuación, variación léxica e sintáctica) nos exames en materias non lingüísticas, ...; e en segundo lugar, **solicitar que nas clases de linguas estranxeiras nas que se poidan facer exercicios de tradución e contraste de linguas, se lle dea tamén cabida ao galego** (no caso de que non se faga).

5. Pensas que se debería falar máis galego no instituto? Por que?

-Formulamos esta pregunta coa intención de analizarmos as actitudes lingüísticas do alumnado verbo da normalización do galego. Lendo os resultados e as respostas coas que xustificaban a súa opinión (lembramos que neste caso o tipo de resposta era aberta e non se lle presentaban opcións), podemos concluír que neste aspecto **as actitudes positivas cara a un maior uso do galego son claramente maioritarias.**

Dentro do 48% que responderon afirmativamente, podemos ler enunciados do tipo: "Porque é a nosa lingua, porque vivimos en Galicia, porque se se perde o galego, a cultura de Galicia desaparece, porque debemos ter conciencia do noso idioma, porque é unha lingua que temos que coidar e é unha pena que se extinga, porque non hai moitos rapaces que o falen, porque cada vez estase usando menos, porque sempre está ben aprender outra lingua, porque hai que practicala, porque é unha lingua que precisamos, porque moitas persoas non saben falar ben o galego, porque



así aumentan os falantes, para afacermos tamén a esta lingua, para coller soltura, porque fomentaría máis o uso do galego na vida diaria, porque os que falan galego tenden a falar máis castelán polas compañías, porque usar dous idiomas dáche máis "tablas" na vida, porque debemos acostumar os alumnos dende novos, porque é un idioma moi bonito, porque é a miña lingua e non son capaz de falala nada ben, porque debemos defender máis o noso idioma, porque

somos galegos". Como vemos, dentro deste grupo as actitudes positivas respecto do galego son evidentes e salientan especialmente as opinións que amosan a preocupación pola propia supervivencia do galego se non facemos algo (preto da metade das respostas van nesa dirección e conteñen as palabras: perderse, extinguir, desaparecer, existir, conservar).

Por outra banda, no grupo dos que responderon "non" a maioría das res-


postas non indican unha opinión negativa sobre o galego senón aquela que vai na liña de que se ten a sensación de que xa se fala bastante, que as cousas están bastante ben e que non cambiaría moito o que hai, ou a lóxica resposta de que como usa case sempre o castelán, o galego parécelle máis difícil. Con todo, parécenos importante salientar que **aínda existe un certo número de alumnos (un 6% do total de enquisas realizadas) que amosan de xeito explícito prexuízos sociais aínda non superados** respecto do idioma propio de Galicia e seguen respondendo: "Non, porque o galego non me gusta".

Os que non responderon ou dixeron directamente que non sabían representan unha pequena porcentaxe (6%). Houbo tamén outros (5%) que non se posicionaron nin a prol nin en contra da normalización e usaron a expresión depende, hai persoas que xa o falan o suficiente e outras non, ou a min dáme igual, ou iso deberíano decidir os profesores.

6. Canto tempo ves a televisión ao día (aprox.)?

-Está claro que para a normalización do galego podemos facer moito dende a escola ao ser un medio de socialización moi importante, aínda que loxicamente hai moitos factores sociais que xogan en contra. Un dos principais é o papel que xogan os medios de comunicación, a maioría en castelán, e quixemos preguntarlles aos nosos alumnos directamente por eles.

En primeiro lugar polo grao de consumo e por outra parte sobre en que medida entran tamén dentro das súas preferencias, dentro da oferta existente, os programas en galego:




Os datos sobre a cantidade de tempo que os nosos rapaces e rapazas pasan de xeito pasivo diante dun aparello de televisión son enormemente preocupantes para a súa educación integral:


fixémos-nos que o 27,3% ve a televisión tres horas ou máis todos os días. Parece claro que cómpre concienciar as familias (sobre todo a través das titorías)

para que o alumnado faga un uso moito máis moderado deste medio de comunicación, de xeito que aquela porcentaxe se reduza drasticamente. Se conseguíssemos que eses estudantes investisen ese tempo noutras actividades, semella evidente que estaríamos contribuíndo a unha mellora do seu rendemento académico.


Ves algún programa en lingua galega?



7. Les normalmente libros pola túa conta, sen que cho manden os profesores?



Entre eses libros de lectura voluntaria, hai ás veces títulos en galego?




-Pregunta importante para o reforzo da competencia lectora e lingüística do noso alumnado. Temos unha porcentaxe bastante alta dos podemos considerar moi bos lectores (41%), aqueles que len sen que llo manden durante as vacacións e ao longo do curso. Aquí cumprirá seguir traballando para conseguir que ese 28% dos alumnos que confesan ler só os libros que lles mandan no instituto se afeccionen a ler de cando en vez por pracer. Como vemos, entre os bos lectores, a disposición para ler en galego é moi favorable, o que resulta un aspecto moi positivo.


ENQUISA AO PROFESORADO

(Data: setembro do 2010, no primeiro claustro antes do comezo do curso)


1. Que lingua flas ti normalmente fóra das aulas?




2. Sinala o teu grao de capacidade para empregar o galego na actividade docente



3. No caso de que a túa resposta anterior fose "moi baixa, baixa ou media", estarías disposto a facer un curso para mellorar a túa competencia en lingua galega?



4. Pensas que deberiamos facer un maior esforzo para conseguir que os nosos estudantes empreguen máis a lingua galega no instituto?



-Destes resultados desexamos salientar agora que no estratéxico sector do profesorado aínda existe unha considerable porcentaxe (13%) que admite que posúe unha competencia baixa ou moi baixa en galego. Evidentemente, resulta complicado aspirarmos a mellorar a competencia do alumnado se non facemos algo neste aspecto. Un obxectivo do Proxecto Lingüístico debe ser facilitar aos profesores o perfeccionamento da súa competencia mediante a organización de cursos de galego no propio centro (unha importante porcentaxe deles amosaron a súa disposición favorable a facelos: en números concretos, once).



A Comunidade Educativa rende homenaxe a Carlos Brandao, un profesor extraordinario

Alumnado, profesorado e persoal non docente organizan unha actividade poético-musical en lembranza do noso excepcional compañeiro, á que tamén asistiron os seus familiares. Recollemos aquí o fermoso discurso de Guillermo Comesaña, director do IES Ribeira do Louro, sobre a figura do noso profesor de música e, no último ano, tamén secretario do centro



A aula na que Carlos Brandao aplicou as súas sempre anovadoras técnicas pedagóxicas, levará para sempre o seu nome



O discurso do director do IES Ribeira do Louro, Guillermo Comesaña, sobre a personalidade do noso compañeiro, emocionounos a todos

“Para os que non o coñecestes ben ou nin sequera o chegastes a coñecer, sabede que Antonio Carlos Brandao Barbosa foi unha persoa con maiúsculas, unha persoa como hai poucas, extraordinario cos alumnos e compañeiro exemplar; das poucas persoas que pasan pola vida facendo unicamente o ben. E non é falar por falar, é a realidade. Estou seguro de que non hai entre nós ninguén que poida dicir nin pensar nada malo del, nin que lle quixese mal nunca. E o mellor de todo, todo o facía sen levantar a voz, sen facerse notar, sen querer destacar nin buscar o recoñecemento público.

Todos gardamos, e gardaremos sempre, algunha imaxe de Brandao que nos fará telo sempre ben presente nos nosos corazóns. Entre as miñas imaxes están a do profesor rodeado de alumnos cos que trata

de solucionar algún problema da clase, con calma, razoando, poñéndose no lugar das persoas de 12, 13 ou 14 anos, que é cousa ben difícil, por certo. Tamén sei que vós, os alumnos, estes días sufristes coa ausencia do voso profesor; lembrádeo sempre e que sexa un modelo nas vosas vidas. Outra imaxe, a do profesor comprometido coa marcha do curso falando cos seus compañeiros titores nas reunións,



O acto de homenaxe atinxiu especial intensidade cando a nai do noso compañeiro, moi agradecida, lembrou o amor que o seu fillo sentía pola súa profesión. Non puidemos conter as bágoas cando nos contou esta fermosa anécdota moi propia do seu carácter: “Sempre que eu lle preguntaba ‘Que tal os teus alumnos’, el rectificábase dicindo ‘Non son os meus alumnos, mamá, son os meus nenínos’”

buscando formas de mellorar, ofrecéndose a colaborar, na sala de profes ou nunha aula, con Ana, Víctor, Sara, Lourdes... Outra imaxe, o secretario preocupado polo bo funcionamento de todo nas xuntanzas con Coco e con Aurora, e porque cadren as contas, facendo reflexionar a todo o consello escolar sobre a crise e o aforro, aprendendo de Rudi os segredos do cargo, organizando o traballo coas lim-

padoras, cos conserxes, cos administrativos, con Alfonso e Rosa...

En fin, cadaquén terá a súa lembranza persoal, a súa imaxe que levará sempre del. E mentres na nosa mente e no noso corazón recordemos a Brandao, Brandao seguirá vivo entre nós.

Todos lembramos as cartas de amor ás profesoras no San Valentín ou o misterio das velas do xantar de Nadal. Todos sentiamos a presenza dun anxo que deixaba un roncel de felicidade, de maxia humana e de alegría de vivir.

Deixádeme que vos conte unha historia. Probablemente o noso compañeiro só empezou unha viaxe coma a que fixo o santo que se chamaba coma el, Brandao. Este santo, un abade irlandés, chamado Bréandan en gaélico, Brendan,



Momento no que alumnado, profesorado e persoal non docente axudan a plantar unha árbore en memoria de Brandao. Mentres, o violoncello acompañaos cunha fermosa melodía

Brandon ou Brennan en inglés, Brandán ou Borondón en castelán, viviu no século VI e foi un santo viaxeiro; algúns ata cren que puido ser o primeiro europeo que chegase, sen sabelo, a América. Os relatos das súas viaxes contan que, na súa procura do paraíso, chegou a unha illa que podería ser unha das Canarias, dos Azores, Cabo Verde ou mesmo das Antillas ou as Bahamas.

Nunha desas illas, o santo Brandao atopou unha árbore, branca coma o mármore, e de

follas anchas pintadas de vermello e de branco. Era tan alta que parecía que subía por riba das nubes. Chegaba lonxe a súa sombra e entre as súas follas había paxaros brancos dunha beleza sen igual. No solpor, cando a luz empeza a caer, os paxaros forman un coro. Cantando con voces moi doces, dan grazas a Deus pola paz da compañía destes viaxeiros inesperados. Máis adiante, o santo Brandao e os viaxeiros chegan ao Paraíso, ao Xardín das Delicias. Ao chegar ven unha muralla máis branca que a neve e que sube ata as nubes, cuberta de pedras preciosas: rubís, ágatas, xaspes, ametistas, esmeraldas... Por riba desa montaña outra montaña, toda de ouro, e por riba a muralla que dá entrada ao paraíso: alí hai fermosos

bosques e ríos, os prados son xardíns perennemente floridos, con árbores espléndidas, fermosas flores e froitas de deliciosos perfumes. Non hai toxos nin silveiras nin estrugas. Árbores e flores medran e dan a súa froita. Alí, cada día é un suave verán, os bosques están cheos de caza e os ríos de saboroso peixe. Flúen ríos de leite e mel e todo desborda abundancia. Finalmente, unha voz dille a Brandao e aos viaxeiros: “E detrás daqueloutra montaña aínda hai máis, pero aí non vos está permitido entrar de momento; aquí non terminan as glorias do paraíso: tantas marabillas como viches e cen mil veces máis poderás atopar máis alá, pero non as coñecerás polo de agora. Esta vez viñeches co corpo, dentro de pouco has voltar coa alma.

Agora regresa e agarda a hora do teu xuízo”. Aos tres meses chegou de volta a Irlanda e o resto xa o sabedes.

E por aí andará o noso Brandao, coa música da árbore dos paxaros ou coas delicias do paraíso, onde ben seguro se ha atopar.

Mentres tanto, nós queremos imitar ese paraíso con estas modestas árbores e plantas, para que se pousen nelas os paxaros e o seu espírito permaneza sempre un pouco con nós”.



Nestas catro fotografías podemos ver distintos intreos da homenaxe ao noso querido escolante, con lectura de poemas e interpretacións musicais





O profesorado vota NON aos recortes na educación

O 25 de outubro pasado, os profesores e profesoras do ensino público galego participaron masivamente nun referendo para expresar o seu rexeitamento ás medidas de recorte emprendidas pola Consellería de Educación e a prol da defensa do ensino público como único garante da igualdade de oportunidades entre todas as persoas. No IES Ribeira do Louro participaron nesta consulta 49 profesores (o 78%) e todos menos un votaron en contra das medidas adoptadas pola Xunta, que supuxeron a redución en Galicia de máis de mil profesores nos últimos dous cursos



A consulta foi convocada en todos os centros de ensino públicos de Galicia polos sindicatos CIG e UGT. A resposta por parte do profesorado foi masiva



Intre no que unha profesora do IES Ribeira do Louro introduce na urna o seu voto respecto das medidas en educación adoptadas pola Xunta

Oito anos de Dirección

Logo de oito anos na Dirección do IES Ribeira do Louro, Guillermo Comesaña deixará o cargo no remate deste curso, e tivo a amabilidade de atender a petición de *Órbita* para nos deixar unhas verbas de despedida, que inclúen os mellores desexos para o labor do próximo equipo directivo.

“Foi para min un orgullo representar á comunidade educativa deste centro nos últimos oito anos. O primeiro que me gustaría facer é pedir desculpas polos fallos cometidos ou polo que se puido facer e non se fixo. Con todo, a pesar desas eivas, remato esta etapa contento, non polos resultados ou as consecuencias do meu traballo, que son outros quen o deben xulgar, pero si por dous motivos fundamentais: un, pola conciencia que teño de ter feito sempre o que considerei mellor para o bo funcionamento do centro e asumir os problemas con responsabilidade, e outro, o máis importante e o que máis satisfacción me deu, por ter disfrutado da oportunidade de coñecer un pouquiño máis a todos os compañeiros, tanto persoal docente como non docente, e en especial a seis persoas magníficas (as do equipo directivo) e traballar con elas ao longo destes anos.

Recibir apoio, consello e colaboración dos distintos membros do equipo directivo nesa fábrica de problemas que é o instituto foi para min unha honra e un privilexio do que estou profundamente agradecido. Todos por igual, cada un no seu estilo e coa súa forma de facer as cousas, le-

varon adiante o instituto facilitando enormemente, non só o traballo de dirección, senón tamén o de todo o profesorado.

Outro motivo de satisfacción foi para min observar como membros do profesorado, coa alta aspiración de elevar a calidade non só das clases, senón tamén da cultura, a sensibilidade e a formación integral do alumnado, adicaron moito tempo do seu traballo nestes últimos anos a distintas tarefas fóra do horario estritamente lectivo:

Para empezar, os que fan posible que esta revista se edite ano a ano coa colaboración de alumnado e profesorado; podemos seguir polo equipo interdisciplinar da biblioteca e as súas actividades (blog, concursos, hora de ler, club de lectura, PLAMBE ...); despois os departamentos que se esforzan en facer participar ao alumnado e explorar a vea artística (Música, Plástica) ou a formación integral (Educación Física, Filosofía) por poñer algún exemplo. Finalmente, quero expresar a miña especial gratitude e admiración polo profesorado de 1º ciclo de ESO. Grazas a eles, en especial aos titores, pola súa profesionalidade e bo criterio, saen adiante eses



Actual equipo directivo do IES Ribeira do Louro. De esquerda a dereita: Juana Muñoz (secretaria), Antonio Faíña (xefe de estudos de diurno), Guillermo Comesaña (director) e Aurora Sobrino (vicedirectora)

curso tan problemáticos e cuxos resultados non se chegan a ver moitas veces máis que a longo prazo.

En canto ao alumnado, o meu mellor recordo é para todos os que día a día, con constancia e afán de superación, en moitos casos enfrontándose a problemas persoais, procurades dar o mellor de vós e vos esforzades para levar adiante os estudos, colaborar coa marcha das clases e facer que o instituto sexa un lugar de traballo agradable. Tamén neste apartado merecen mención especial todos aqueles membros do alumnado que dunha maneira ou doutra colaborades nas actividades propostas e deixades a vosa pegada nas distintas actividades do centro á parte das estritamente académicas (revista, teatro, festas e celebracións, etc.)

Finalmente, gustaríame que a persoa que asuma a dirección do centro

nos próximos anos teña ánimo e acerto para afrontar as novas situacións que se vaian presentando nas que seguro que non faltarán os problemas. Os anos que me tocou vivir como director foron anos de grandes cambios: das comunicacións en papel aos correos electrónicos, da LOXSE á LOE, do PEC, o PCC e a PXA a todo tipo de plans: convivencia, lector, autoprotección, lingüístico...

Deséxolle sorte á próxima persoa que asuma a dirección, pois tamén os próximos anos serán de cambios e novos retos: os axustes da crise, os novos ciclos LOE, a reforma do bacharelato... Que os cursos que veñen sexan, se for posible, mellores que os pasados.

Seguirémonos vendo e seguiremos traballando”.

Guillermo Comesaña Casal
Director do IES Ribeira do Louro

Tres grupos de teatro no noso instituto

Durante este curso, o Equipo de Dinamización Lingüística conseguiu coordinar o funcionamento de tres grupos de teatro no noso centro e levar a escena con éxito algúns retrincos escollidos de clásicos literarios e cinematográficos, con textos de gran dificultade interpretativa: *Cyrano de Bergerac*, de Edmond Rostand; *As noites de Cabiria*, de Federico Fellini, e mais *O bosque animado*, de Wenceslao Fernández Flórez. Como ferramenta didáctica para calquera docente que os queira empregar nas súas aulas, *Órbita* quixo publicar integramente os textos representados. Proximamente, ademais, gravaremos unha película coas obras e porémola a disposición de todos na rede co título de “Retrincos teatrais-2012”.

CYRANO DE BERGERAC, *de Edmond Rostand*

O famosísimo drama romántico francés que nos fala da fascinación que as palabras exercen sobre as persoas, de que a elocuencia, a expresión fermosa das ideas e sentimentos, ten o poder de engaiolar a calquera ser humano.

Ficha técnica e artística:

Elenco de actores e actrices (por orde de intervención):

Presentadora..... ALEJANDRA LEDO (1º BACH.)

Cyrano CRISTIAN PREGAL (1º BACH.),
SHEYLA PAZOS (1º BACH.),
ALBA FERNÁNDEZ (1º BACH.),
SARA DOMÍNGUEZ (1º BACH.)

Home RAMÓN CAMIÑA (2º ESO)

Visconde de Valvert.... RAÚL PÉREZ (2º ESO)

Cristián YONAY GÓMEZ (1º BACH.),
ALMUDENA BESADA (4º ESO),
ANTÍA CARIDE (1º BACH.)

Rosana..... CLARA AVENDAÑO (1º BACH.),
YENNIFER TEIXEIRA (1º BACH.)



Imaxe correspondente a unha escena de Cyrano de Bergerac. Rosana (Yennifer Teixeira), no balcón, fala con Cyrano (Sara Domínguez).

A obra estreouse en París en 1897 e dende ese ano perviviu como un clásico do teatro francés ata os nosos días. Representouse unha chea de veces en escenarios de todo o mundo e dela fixéronse tamén moitas versións cinematográficas. Para escribir a súa peza, Edmond Rostand inspirouse na vida dun autor francés do séc. XVII, coetáneo de Molière, e chamado precisamente así, Cyrano de Bergerac.

Decorado e atrezzo Alumnado de 3º ESO

(coordinación: Mario Iglesias)

Técnicos de escena..... Alfonso Alonso, Rosa Pereira e Aurora Sobrino

Técnicos de son David Barros e Antonio Méndez

Vestuario Familias dos estudantes e *Don Difraz*
(coordinación: Virxinia Calviño)

Música *Marche pour la Cérémonie des Turcs*,
de Giovanni Battista Lulli (interp. Modo Antiquo, dir. Federico Maria Sardelli)

Pano e control musical.... Antía Caride, Saray Losada e Yennifer Teixeira

Coordinación e adaptación do texto Delio García



O Visconde de Valvert (Raúl Pérez) búrlase do nariz de Cyrano (Cristian Pregal), momento no que este vai aproveitar para lanzar un dos monólogos máis famosos e enxeñosos da historia do teatro, de gran dificultade interpretativa



Rosana (Clara Avendaño) recítalle de memoria a Cyrano (Alba Fernández) algunhas palabras de amor que lle dirixiu a ela Cristián: “Nos meus sentimentos só ecoa o voso nome, e se os bicos puideran enviarse por escrito, Rosana, leríades a miña carta cos beizos”



Velaquí os doce actores e actrices que participaron na representación de Cyrano de Bergerac



Cristián (Almudena Besada) repite as palabras que Cyrano (Sheyla Pazos) lle di para poder captivar coa súa elocuencia a Rosana: "Douche o meu corazón, terá máis vida nas túas mans"

CYRANO DE BERGERAC, de Edmond Rostand

TEXTO

ESCENA 1 (Nun teatro)

CYRANO: Un momento... Dícideme, por que mirades tanto o meu nariz?

HOME(abraido): Eu non o miraba!
CYRANO (camiñando cara a el): Que ten de abraiante?

HOME(recuando con medo): A vosa señoría engánase.

CYRANO: É mol e pendurante coma unha trompa?

HOME: Eu non...

CYRANO: Ou aquilino coma o peiteiro dun moucho?

HOME: Eu...

CYRANO: Ou acaso ten unha verruga na punta?

HOME: Pero se...

CYRANO: Ou algunha mosca por el pasea? Respondédeme? Ten algo de estraño?

HOME: Andei con moito xeito de non miralo?

CYRANO: E por que non o mirastes?

HOME: É que eu...

CYRANO: El desgústavos?

HOME: Cabaleiro...

CYRANO: Dávos noxo a cor que ten?

HOME: Ouh, non!, non é...

CYRANO: A súa forma é obscena?

HOME: Ca! Ao contrario.

CYRANO: E daquela, por que o desprezades? Se cadra parécovos un pouco grande?

HOME: Paréceme pequeno, moi pequeno..., minúsculo.

CYRANO: O que? Como? Acusarme de semellante ridículo? Que o meu nariz é cativo?

HOME: Meu deus!

CYRANO: O meu nariz é enorme, parvo desnarigado! O meu nariz é grandísimo. E tes que saber, paifoco, que estou moi orgulloso de semellante

apéndice. Porque un nariz grande é característico dun home faladeiro, bo, cortés, liberal e valeroso, tal como son e tal como vós endexamais poderedes ser, parapouco! Porque unha cara sen ningunha cousa especial... está tan espida de orgullo, de graza, de lirismo e suntuosidade coma esta (ponse por detrás) que a miña bota vai buscar debaixo das vosas costas (dálle unha patada nas tafanas).

HOME: Ai! Valédeme! Axudádeme. A min os gardas.

CYRANO: Que isto sirva de aviso aos parvos que atopan divertido o centro da miña cara. E se por ventura, o mirón é nobre, teño por costume antes de deixalo marchar, meterlle por diante e un pouco máis arriba unha espada, no canto da punta da miña bota.
HOME: E ninguén vai responderlle como se merece?

VISCONDE DE VALVERT: Agardade un intre e veredes... Vou cortarlle o voo a ese aguiacho (Avanza cara a Cyrano) Tedes... Tedes... un nariz... un nariz moi grande. Ha, Ha!

CYRANO (imperturbable): E xa dixestes todo?
VISCONDE: Eu...

CYRANO: É un pouco curto, rapaciño. Pódense dicir moitas máis cousas sobre o meu nariz variando o ton. Por exemplo, agresivo: "Se tivese un nariz semellante, cabaleiro, cortaríao de vez"; amigable: "Como bebedes: metendo o nariz na cunca ou coa axuda dun funil?"; descritivo: "É unha rocha... un pico... un cabo... Que digo un cabo! É toda unha península!"; curioso: "De que vos serve ese nariz: de escritorio ou gardades nel as tesoiras?"; gracioso: "Tanto amades os paxaros que vos preocupades de lles pór esa alcándara para que se pousen?"; truculento: "Cando fumades e o fume do tabaco sae por esa cheminea..., non berran os veciños 'lume, lume'; previsto: "Tede moita conta, porque

ese peso faravos dar de narices contra o chan"; tenro: "Por favor, colocade un parasol para que o sol non vola murche"; pedante: "Só un animal, aquel que Aristóteles chama hipocampelefantocamelos, tivo debaixo da testa tanta carne e tanto óso"; dramático: "É o mar Vermello cando bota sangue"; admirativo: "Que marabilla para un perfumista"; sinxelo: "Cando se pode visitar ese monumento"; respectuoso: "Permitídemecabaleiro que vos dea os meus parabéns, iso é o que se chama ter unha personalidade".

Todo iso, pouco máis, é o que diríades se tivésedes maxín ou algunha letras. Pero de maxín non tedes nin un átomo e de letras soamente as cinco que forman a palabra p-a-r-r-v-o.

VISCONDE: Lercho, ruín, figura ridícula.

CYRANO (descubríndose e saudando coma se o Visconde viñese de se presentar): E eu, Cyrano Sabino Hércules de Bergerac.

ESCENA 2

(Nunha taberna)

CYRANO: Aos meus brazos, sodes un valente e iso satisfáime.

CRISTIÁN: Por que?

CYRANO: É que non sabedes que son o seu irmán?

CRISTIÁN: De quen?

CYRANO: Dela, de Rosana.

CRISTIÁN: O seu irmán, vós?

CYRANO: Vaia..., un curmán lonxano..., pero é o mesmo.

CRISTIÁN: Ela díxovos?

CYRANO: Moitas cousas.

CRISTIÁN: Quéreme?

CYRANO: Case seguro.

CRISTIÁN: Ouh, señor, que satisfacción sinto ao vos coñecer!

CYRANO: Rosana espera unha carta.

CRISTIÁN: Pero miña?

CYRANO: Si, por que non?

CRISTIÁN: Non podo escribila, se o fago estou perdido.

CYRANO: Por que?

CRISTIÁN: Porque calquera escolar escribiría sobre o amor con máis acerto ca min, son un torpe. Entre homes non me faltan palabras, pero diante dunha muller, paralízome, emudezo, tremo, parezo unha persoa que tateixa cando trato de facerlle as beiras a unha rapaza.

CYRANO: De veras. Eu en troques coído que se me atopara nunha situación semellante non me faltaría elocuencia para conseguir o seu amor.

CRISTIÁN: Ouh, se eu soubera expresar este inmenso amor...

CYRANO: E se eu tivera o voso físico... Dos dous poderíase facer un perfecto heroe de novela romántica.

CRISTIÁN: Se eu tivera o voso maxín.

CYRANO: (Logo dunha pausa de meditación) Podedes telo.

CRISTIÁN: O que?

CYRANO: Dícideme: seriades quen de lle repetir as frases que vos ditara e enviar as cartas que eu escribira?

CRISTIÁN: Pero...

CYRANO: Non quero que Rosana sufra unha decepción. Queredes que a gañemos entre os dous... para vós?

CRISTIÁN: Pero Cyrano.

CYRANO: Por que non, Cristián?

CRISTIÁN: Non sei, dáme medo.

CYRANO: Non teñas medo, é a ti a quen ela quere. Conquistaa ti só poñendo nos teus beizos as miñas palabras e ao xuntárense farán o milagre. Aceptas? (Como apremiando unha resposta favorable) Aceptas?
CRISTIÁN: Tanto significa para ti?
CYRANO: Si... (Amosando agora unha certa indiferenza, para non amosar abertamente o seus sentimentos sobre Rosana) É representar unha comedia, unha experiencia de poeta. Queres que colaboremos, ti na luz, eu na sombra. Ti serás a miña beleza, eu o teu maxín e cativaremos a princesa. Dime, é que o premio non vale o risco?
CRISTIÁN: Vós sodes un amigo (E danse unha aperta).



Primeiro plano de Cyrano
(Alba Fernández)

(Vén da páxina anterior)

ESCENA 3

(Durante os ensaios, no interior da vivenda dun dos protagonistas)

CRISTIÁN: “Douche o meu corazón, terá máis vida nas túas mans. Arrincando as flores conservamos a louzanía da planta. Así te amo eu, Rosana...” Que tal?

CYRANO: Parvo! Hai dez maneiras de dicir esa frase. É que non sabes darlle expresión e sentido. “Así te amo eu”.

CRISTIÁN: “Considérome feliz cando vos vexo sorrir. Sodes a rosa branca na que Cupido se agocha para que non fuxa a súa presa. No xardín do meu corazón sodes a máis..., a máis...”

CYRANO: “...recendente flor”.

CRISTIÁN: Así coma o tenro gromo ansía a choiva... e a aguiña busca o ceo... e as ondas se precipitan na beira do mar..., así o meu corazón ansía a túa presenza.

CYRANO: Ben, ben. Sabes que vas pondo máis emoción nas túas verbas?

ESCENA 4

(Nos xardíns que rodean a casa de Rosana)

CYRANO: E que opinión vos merece Cristián despois de telo tratado?

ROSANA: É xeitoso, é encantador e ámo.

CYRANO: Ben, e parécetvos intelixente?

ROSANA: Incluso máis que vós?

CYRANO: Eh?

ROSANA: Non quixen dicir iso...

CYRANO: Non, non, se me alegro...

ROSANA: Endexamais un home dixo cousas tan fermosas. Esas cousas que non son nada e o son todo. Moitas veces quédase absorto, extasiado, a súa inspiración falla, pero de súpeto dime algo tan maravilloso... Ai!

CYRANO: De veras, eh?



Intre no que Cristián (Yonay Gómez) lle fala a Rosana coa súa propia voz, e non coas prestadas e requintadas verbas de Cyrano. Lamentablemente para el, a reacción de Rosana non é positiva: -“Ámovos, -Si, ese é o tema, pero adornádeo..., adornádeo”.

ROSANA: Aínda non estades convencido. Vos credes que se un home é guapo loxicamente ten que ser un parvo.

CYRANO: Non é unha consecuencia. E dicíndome, domina o tema do amor, fala ben?

ROSANA: Non fala, recita. A súa prosa é poesía, soña. A outra noite díxome de improviso, fixédevos ben neste concepto,...

CYRANO: Si, si, dende logo.

ROSANA: “... Douche o meu corazón. Terá máis vida nas túas mans. Arrincando as flores conservamos a louzanía da planta...” Que tal?

CYRANO: Pasable. E escribe ben?

ROSANA: Unha marabilla. escoitade isto: “Quitáchesme o corazón, déixame o teu para que sufras por ti”.

CYRANO: Primeiro, dávolos, e logo pídevos prestado o voso. En que quedamos?

ROSANA: Burládesvos? Estades celoso.

CYRANO: Celoso?

ROSANA: Si, os poetas son todos iguais. Atreveriádesvos a criticar este enunciado?: “Só vos pido que creades que o meu corazón non ten máis arela ca vós, nos meus sentidos só ecoa o voso nome, e se os bicos puideran enviarse por escrito, Rosana, leríades a miña carta cos beizos”.

CYRANO: Ouh, si, non está mal de todo. Pero un pouco amaneirado.

ROSANA: Pois escoitade isto.

CYRANO: Aprendédelo de memoria?

ROSANA: Letra por letra. É un mestre.

CYRANO: Non será tanto.

ROSANA: Si, un mestre.

CYRANO: Ben, ben, pois si, un mestre.

ESCENA 5

(Na rúa, dirixíndose aos xardíns de Rosana)

CRISTIÁN (apurando o paso): Non! CYRANO (persegúndoo): Aínda podes aprendelas.

CRISTIÁN: Non!

CYRANO: Téñoche preparadas unhas frases delicadas, brillantes.

CRISTIÁN: Non. Estou farto de que me prestes as palabras, as ideas, todo teu, e de representar esta comedia.

CYRANO: Non te lembrás que...

CRISTIÁN: Si, foi un xogo ao principio, pero agora ela quere-me.

CYRANO: Ah!

CRISTIÁN: E en boa medida grazas a ti. Xa non temo nada. De aquí por diante falarei por min mesmo.

CYRANO: Iso si que vai ser certo.

CRISTIÁN: Xa o verás. Non te preciso. Tampouco preciso axuda para ter unha muller entre os meus brazos, e esta noite, vouna ter (Peta na porta da vivenda de Rosana).

CYRANO: Cristián...

CRISTIÁN: Grazas, meu amigo. E adeus!

CYRANO: Estás a cometer un grave erro.

CRISTIÁN: Déixame... Vaite dunha vez.

CYRANO: Como queiras...

ESCENA 6

(Nos xardíns de Rosana. Á noite)

ROSANA: Vén a noite... Agardade (fai unha pausa). Xa están lonxe. O aire é doce, non pasa ninguén. Estamos sós. Senténmonos e faláde-me. Escóitovos.



Primeiro plano de Rosana
(Clara Avendaño)

CRISTIÁN: Ámovos!
ROSANA: (pechando os ollos) Si, iso. Faláde-me de amor.
CRISTIÁN: Ámote.

ROSANA: Ese é o tema, pero adornádeo..., adornádeo.

CRISTIÁN: Eu...

ROSANA: Adornádeo.

CRISTIÁN: Ámote tanto.

ROSANA: Dende logo, pero... que máis?

CRISTIÁN: Que máis? Gustaríame tanto que vos me amarades! Rosana, dime que me queres.

ROSANA: Ofrecédesme un caldo limpo cando esperabas cremas! Dícideme como me amades.

CRISTIÁN: Pois... moito!

ROSANA: Ouh, non... Describide os vosos sentimentos.

CRISTIÁN: O teu pescozo... Gustaríame bicar o teu pescozo.

ROSANA: Cristián!

CRISTIÁN: Quérote.

ROSANA (indignada): Aínda estamos así?

CRISTIÁN (retena para que non marche): Non, non te quero.

ROSANA: Menos mal.

CRISTIÁN: Adórote.

ROSANA: Outra vez?

CRISTIÁN: Si, vólvo-me tolo.

ROSANA: Iso desgústame. Desgústame tanto coma se vos volverades feo.

CRISTIÁN: Pero...

ROSANA: Ide capturar a voso elocuencia que fuxiu.

CRISTIÁN: Eu...

ROSANA: Vos amádesme, xa o sei. Abur.

CRISTIÁN: Un momento! Quixera dicirvos ...

ROSANA: Que me adorades?

CRISTIÁN: Pero eu...

(Rosana pecha a porta, dándolle con ela no nariz)

(Segue na páx. 12)



Cyrano (Sara Domínguez) ama en secreto a Rosana (Yennifer Teixeira) pero só pode aspirar a dicirlle cousas bonitas a través de Cristián (Antía Caride).



Imaxe correspondente á escena de presentación da nosa obra, na que Cyrano (Cristian Pregal) lle deixa claro ao Home (Ramón Camiña), e a todos os que o escoitan, a súa facilidade de palabra

(Vén da páxina anterior)

ESCENA 7

(Continuamos nos xardíns da casa de Rosana, ao pé da súa fiestra)

CYRANO (que estaba a escoitar entre os arbustos): Felicítovos, cabaleiro, polo éxito. Un gran triunfo.
CRISTIÁN: Axudádeme.
CYRANO: Eu non, fala por ti mesmo, amiguiño. Non precisas axuda para apertares a unha muller.
CRISTIÁN: Non, Cyrano, por favor.
CYRANO: E converter o teu amor nunha comedia?
CRISTIÁN: Non poderei vivir se non recobro o seu amor agora. Agora mesmo.
CYRANO: Agora? E como demos che vou ensinar agora?
CRISTIÁN: Axúdame, Cyrano. Axúdame.
CYRANO (cavilando nun plan): A súa fiestra. A noite está bastante escura.
CRISTIÁN: Ben, e que?
CYRANO: É máis do que mereces. Dareiche o que poida. Ponte alí. Alí,

diante do balcón. Apuntareiche dende aquí.

CRISTIÁN: Pero pódete oír.
CYRANO: Chámaa.
CRISTIÁN: Rosana. Rosana.
ROSANA: Quen chama?
CRISTIÁN: Cristián.
ROSANA: Vós outra vez.
CRISTIÁN: É que tiña que dicirvos...
ROSANA: Non, marchade, non me digades ren.
CRISTIÁN: Por favor.
ROSANA: Xa non me amades coma antes.
CYRANO (Vaille apuntando a Cristián en voz baixa o que ten que dicir): Non, como antes non... Ámovos moito máis..., infinitamente máis e máis.
CRISTIÁN: Non, como antes non... Ámovos moito máis..., infinitamente máis e máis.
ROSANA: Un pouco mellor.
CYRANO: O amor medra dentro da alma... e berra coma un neno destrozando o meu corazón..., que é o seu berce.
CRISTIÁN: O amor medra dentro da alma... e berra coma un neno destrozando o meu corazón..., que é o seu berce.
ROSANA: Aínda mellor. Pero un neno tan

perigoso, por que non destruílo antes de nacer?

CYRANO: Intenteino e foi inútil... Descubríñ como vós descubriredes que ese recén nado é un pequeno Hércules...
CRISTIÁN: Intenteino e foi inútil... Descubríñ como vós descubriredes que ese recén nado é un pequeno Hércules...
ROSANA: Ben
CYRANO: ...tan forte para afogar esas dúas serpes..., o orgullo e mais a dúbida.
CRISTIÁN: ...tan forte para afogar esas dúas serpes..., o orgullo e mais a dúbida.
ROSANA: Iso está moi ben. Pero ao falar parece que vacilades. É que tamén coxea a vosa imaxinación?
CYRANO (segue en voz baixa): Isto vai sendo difícil.
ROSANA: Esta noite as vosas palabras tremen. Por que?
CYRANO (Fai lle acenos a Cristián para que lle faga sitio e lle deixe continuar a el, coa súa propia voz): É que... como está moi escuro teñen que buscar ás tentas na sombra o voso oído.
ROSANA: As miñas non teñen semellante dificultade.
CYRANO: É que a vosa voz, como descende, vai máis lixeira. A miña sobe e enreda máis.

ROSANA: Achegádevos. Subide ao banco.
CYRANO: Non.
ROSANA: Entón baixarei eu.
CYRANO: Non.
ROSANA: E por que un non tan rotundo?
CYRANO: Deixádeme gozar na sombra do privilexio de falarvos sen ser visto.
ROSANA: Sen vervos?
CYRANO: Si, si. A noite envólvenos espallando o seu manto encol de nós. Non precisades verme para oír o meu corazón. Deixádeme que me ilusione a idea de que vos falo por primeira vez.
ROSANA: Por primeira vez?
CYRANO: Si. Porque ata agora sempre vos falei a través de...
ROSANA: De que?
CYRANO: A través da vertixe que infunden os vosos ollos. Mais esta noite..., esta noite coido que será a primeira en que vou falarvos.
ROSANA: A vosa voz non parece a mesma.
CYRANO: É certo. Esta noite teño outra voz, a miña. Son o mesmo pero máis sincero.



Presentadores das pezas representadas polos tres grupos de teatro do centro. De esquerda a dereita: Alejandra Ledo (Cyrano de Bergerac), Aitor Lago (As noites de Cabiria) e Antía Caride (O bosque animado). Con eles podemos entender mellor estas obras

CYRANO: Só existo para amarvos. O voso nome é un axóuxere prendido no meu corazón. Cando penso en vós, estremézome, o axóuxere axítase e di: "Rosana, Rosana".
ROSANA: Si. Iso é amor.
CYRANO: Amor. Cando se fixa demasiado tempo a vista no sol, vense enriba das cousas cercos encarnados. Do mesmo xeito, cando afasto a vista do lume do teu cabelo, os meus ollos, cegados, ven por todas partes manchas avermelladas.
ROSANA: Si. Iso é amor.
CYRANO: Decides ben. Este sentimento terrible e celoso que me envolve, que me domina, é o verdadeiro amor. Pola túa felicidade eu daría a miña, aínda que ti nunca chegaras a descubri-lo. Se algunha vez puidera, aínda que de lonxe, oír a risa da felicidade nacida do meu sacrificio! Cada mirada túa suscita en min unha virtude nova. (Fai unha pausa) Na sombra percibo que tremedes coma unha flor entre as follas; estades trémula, e eu sinto ao longo desta póla de xasmín toda a paixón que hai no voso tremor.
ROSANA: Si, estou conmovida. E tremo, e choro e ámovos porque me gañastes para vós.
CYRANO (solemne): Gañeite para el, e fun eu mesmo.

Cae o pano

Ficha técnica e artística:

Elenco de actores e actrices (por orde de intervención):

- Presentador..... AITOR LAGO (1º BACH.)
Mago MATEO CAMPOS (1º BACH.)
Cabiria SARAY LOSADA (1º BACH.)
Público JULIO LÓPEZ (2º ESO)
Voluntario 1 RAÚL PÉREZ (2º ESO)
Voluntario 2 RAMÓN CAMIÑA (2º ESO)
Voluntario 3 JOSÉ RAMÓN LAGO (2º ESO)
Decorado e atrezzo Alumnado de 3º ESO
(coordinación: Mario Iglesias)
Coreografía musicalVictorino García
Técnicos de escena..... Alfonso Alonso, Rosa Pereira e
Aurora Sobrino
Técnico de son David Barros e Antonio Méndez
Vestuario Familias dos estudantes e *Don Difraz*
(coordinación: Virxinia Calviño)
Música Tema inicial da banda sonora de *The Front*
Page, de Billy May (presentación do mago);
Valse N.15 en La bemol Maior, de Johannes
Brahms (baile de Cabiria)
Pano e control musical Antía Caride e Yennifer Teixeira
Coordinación e adaptación do texto Delio García



Imaxe da representación d' *As noites de Cabiria*. En primeiro plano, o mago (Mateo Campos). Ao fondo, de dereita a esquerda, os voluntarios 1 (Raúl Pérez), 2 (Ramón Camiña) e 3 (José Ramón Lago)

AS NOITES DE CABIRIA, de Federico Fellini

Un drama que conta a vida dunha muller fascinante, unha muller que malia todas as dificultades polas que pasa na vida, é quen de non perder o ánimo e seguir confiando no ser humano e nunha vida na que a felicidade sexa posible.

TEXTO

NUN TEATRO

Entra Cabiria e séntase nunha butaca

MAGO: E agora pasaremos á segunda parte do espectáculo con algúns experimentos de magnetismo, hipnotismo e autosuxestión. Se hai alguén na sala

que queira participar nestes experimentos, por favor, que teña a bondade de subir ao escenario. (Voluntario 1 ergue a man) Vostede, señor, grazas... Suban, suban, señores, non hai perigo ningún nin risco ningún, trátase de experimentos científicos. (Voluntarios 2, 3 e 4 erguen tamén a man) Suban cantos queiran, non deixen de participar

neste número sensacional... Pero é precisa tamén a participación dun representante do fermoso sexo. (Dirixíndose a Cabiria) Oia, señorita, quere vostede subir?
CABIRIA: Quen? Eu?
MAGO: Si, muller. Non teña vostede medo.
CABIRIA: Eu non quero subir.

MAGO: Vai deixar a estes rapaces sós aquí?
PÚBLICO 1: anda, muller, non te fagas rogar, sube xa.
MAGO: A ver, que lle pasa, quere que eu a vaia buscar? Pois con moito gusto vou recollela. Veña, suba vostede. Non tema nada. Aquí somos todos bos amigos.



O mago (Mateo Campos) hipnotiza a Cabiria (Saray Losada) e fai que revele en público os seus sonhos e ilusións



Cabiria (Saray Losada) baila un valse cun imaxinario home ideal. A coreografía musical desta obra foi preparada polo noso profesor Victorino García, a partir dunha obra de Brahms





Distintos intrs desta obra do director de cinema italiano Federico Fellini, na que a actriz e os actores realizaron unha interpretación maxistral. Na foto inferior central, vemos como os alumnos de 3º ESO se encargaron do deseño e realización dos elementos de decorado, baixo a coordinación de Mario Iglesias

CABIRIA: Todos eses son ganchos e están compinchados.

MAGO: Entón, sube vostede?

CABIRIA: Pois si, agora mesmo.

MAGO: Non teña medo.

CABIRIA: Ai, medo eu!

MAGO: Verá vostede como o pasamos ben... (Comeza co experimento) Que calor. Vostedes tamén teñen calor, non si rapaces? Pois entón ofreceréilles un paseño en barco. Algún de vostedes sofre de mareo?

VOLUNTARIO 1: Eu estiven de pequeno na illa de Elba.

VOLUNTARIO 2: Iso soñáchelo.

VOLUNTARIO 1: Digoche que é verdade.

MAGO: Entón non hai aquí ningún que se maree. Magnífico. Tanto mellor. (Traen un banco ao escenario) Esta é a nosa embarcación. Chamámola "a intrépida" porque desafia vitoriosa e intrepidamente as ondas do mar... Vamos, rapaces, achéguese, non teñan medo. Vostede, señorita, déixese estar. A embarcación agárdanos. O mar está tranquilo e o tempo é bo.

VOLUNTARIO 3: Non, non, eu non sigo. Vou para baixo, marchó.

MAGO: (Co brazo erguido e a palma da man sinalándoo) Onde vas? (O Voluntario 3 volve ao sitio e o mago saúda ao público, que aplaude). Aos seus sitios, rapaces. (Coas mans dirixidas cara a eles co gallo de os hipnotizar) Mírenme a min. Mírenme a min. (Vólvese agora para o patio de buta-

cas) Aos remos. A vogar. Un, dous; un, dous. O mar está a ser límpido, tranquilo e transparente. Non senten a brisa? Que pracer, respirar a pleno pulmón este ar salino... Miren, uns goliños!

VOLUNTARIOS (todos): Si, mira como saltan.

VOLUNTARIO 1: Olla, por alí vai un. Que emocionante.

MAGO: Algún de vostedes non se atopa moi ben. O mar está a empeorar, navegamos ao garete, as ondas aumentan, o vento como zoa. Hai unha borrasca, a ver se podemos chegar a terra sans e salvos. Ti, ao temón. Sálvese quen poida.

VOLUNTARIO 4: Afogo. Valédeme. Lánçenme un salvavidas. Valédeme. (Os outros voluntarios pónense a rezar... Chega o mago a cada un deles e tócalles na cabeza e nos ombreiros. Os voluntarios van espertando. A xente aplaude e o mago saúda).

MAGO: Grazas, rapaces, poden baixar.

CABIRIA: Vaia medo que pasaron, eh! (e inicia a súa marcha con eles)

MAGO: Onde vai vostede, señorita? CABIRIA: Dime a min?

MAGO: Si

CABIRIA: É que non rematei?

MAGO: Non, claro que non. Vaime deixar só?

CABIRIA: (Mirando ao público) Que quererá este agora?

MAGO: Casada ou solteira?

CABIRIA: Solteira.

MAGO: Ah... Pasouno ben?

CABIRIA: Pois a verdade, non moito. MAGO: Quixera falar unha palabra con vostede (e esténdelle a man para que Cabiria a colla). É vostede de Roma?

CABIRIA: Vaia, vivo en Roma.

MAGO: E en que barrio vive? (polonia, balioni, Prat?)

CABIRIA: En Prat.

O mago pasa a man por riba da cabeza de Cabiria.

MAGO: Veña, señorita, sexa sincera comigo. Onde vive vostede?

CABIRIA: No barrio de San Francisco (no barrio das prostitutas)

PÚBLICO 1: Ese é o barrio das prostitutas!

VOLUNTARIOS 1, 2, 3 e 4 (dende o patio de butacas) comezan a asubiar e rir.

O Mago vólvelle a pasar a man a Cabiria para sacala da hipnose.

CABIRIA: Pero de que se rin?

MAGO: É de broma. Non se preocupe. Así que non está casada pero desexa casar.

CABIRIA: E por que teño que casar? MAGO: Porque eu coñezo un rapaz feliz casando con vostede.

CABIRIA: Comigo?

MAGO: É un home novo, rico, que monta a caballo. En fin, veremos se podemos chegar a un acordo. Vostede en que traballa?

PÚBLICO 1: pide esmola. Ha, ha.

CABIRIA: Ben, mire, eu estou ben como estou, non me falta nada. Así que, ata outro día.

VOLUNTARIO 1: iso non o cres nin ti CABIRIA: Dígolles que non me falta de nada. Sáibanos vostedes.

MAGO: Mel nas filloas. Alégrome. Así que vostede é rica, unha boa conta corrente, propietaria de casas...

CABIRIA: A casa onde vivo, é miña. (Ao público) Quedoulles claro a vostedes? E agora marchó.

MAGO: Un intre. Non me deixe vostede en mal lugar. Agarde polo menos que lle presente ao meu amigo Óscar.

CABIRIA: Pero quen é ese Ó-S-C-A-R (pronuncia este nome moi devagar, como se xa entrase en transo).

MAGO: Aquí o ten. Velaquí Óscar. (Cabiria pecha os ollos e comeza a andar amodiño polo escenario) Un momento, Óscar. Ven que che presente á rapaza. Que elegante estás! Ela tamén te quería coñecer.

CABIRIA: Moito gusto.

MAGO: O gusto é todo seu, créame. (Ponlle unha grilanda de flores na cabeza) E agora que están feitas as presentacións, eu déixooos sós... Este é un fermosísimo xardín tranquilo, cheo de flores. Aquí poden falar con toda confianza (o mago séntase), non os escoita ninguén. Señorita, non ve que Óscar lle ofrece o brazo. Veña, vaia de ganchete con el, non ten nada de malo. (Soa unha tranquila música de piano)

(Segue na páx. 15)

O BOSQUE ANIMADO, de Wenceslao Fernández Flórez

A fermosa novela de mensaxe por veces radicalmente ecoloxista: os seres humanos debemos coidar o noso medio natural, xa non só porque resulta esencial para a nosa propia sobrevivencia ou porque mellora a nosa calidade de vida, senón nomeadamente porque a natureza non é nosa, porque a compartimos con outros seres vivos.



Imaxe correspondente a unha escena d' O bosque animado, a preciosa obra de Wenceslao Fdez. Flórez

Elenco de actores e actrices (por orde de intervención):

Presentadora..... ANTÍA CARIDE (1º BACH.)
Deusa da fraga.....ANDREA GONZÁLEZ (3º ESO)
Deusa da fraga 2 ÁNGELA PALACIOS (2º ESO)
Muller 1 NEREA FERNÁNDEZ (2º ESO)
Home RAMÓN CAMIÑA (2º ESO)
Muller 2 ÁNGELA PALACIOS (2º ESO)
Coello goso MARTA MARTÍNEZ (2º ESO)
Coello fraco 1 MÓNICA LÓPEZ (2º ESO)
Coello fraco 2 MODESTO IGLESIAS (2º ESO)
Lobo DAYANA ÁLVAREZ (1º BACH.)
Oso WIDAD RIZKI (2º ESO)
Coelliño 1 ÁNGELA PALACIOS (2º ESO)
Coelliño 2 NEREA FERNÁNDEZ (2º ESO)

Decorado e atrezzo Alumnado de 3º ESO
(coordinación: Mario Iglesias)

Técnicos de escena..... Alfonso Alonso, Rosa Pereira e
Aurora Sobrino

Técnicos de son David Barros e Antonio Méndez

Música *Merlo en Samarugo e Cuco en San Simón*
(*Sons da Terra, arquivo sonoro do Concello da Cultura Galega*)

Vestuario Familias dos estudantes e *Don Difraz*
(coordinación: Virxinia Calviño)

Pano e control musical Raúl Pérez e Yennifer Teixeira

Texto W. Fernández Flórez, na tradución de Valentín Arias

Coordinación e adaptación do texto Delio García

(Vén da páxina anterior)

CABIRIA: Pero é que acabo de coñecerlo (fai o aceno de collerlle o brazo).

MAGO: Pasee... Os xasmíns floreceron, cantan os reiseñores. Óscar non se atreve a falar, é un pouco tímido. Agora di: "Canto tempo hai que desexaba coñecerla. Permíteme unha pregunta?"

CABIRIA: Si.



As deusas da natureza explicáncanos a esencia da fraga.
Á esquerda, Ángela Palacios; á dereita, Andrea González

MAGO: "Non tivo noivo aínda" (Cabiria move a cabeza negando). "Non houbo ningún home na súa vida? Imaxinábao. Vina tantas veces na fiestra". (Cabiria fai o xesto de coller flores do chan). "Coller flores denota unha alma delicada. Dígame, podo confiar en vela outra vez?" (Cabiria ofrécelle unha flor) "Grazas. Como dixo que se chamaba?"

CABIRIA: María.

MAGO: "María, que fermoso nome. Grazas, María, conservare esta flor como a lembranza máis prezada. Permíteme un baile?" Por favor, mestre, Óscar e María dexan bailar. Agora a Orquestra vai executar un lindísimo vals (Cabiria comeza a bailar soa no escenario). "Eu son rico pero estou só e tristeiro. Que importancia poden ter os automóviles de luxo, as viaxes, os grandes hoteis. Son fume, ilusión. O que eu desexo ter é unha casa, unha familia, unha muller coma vostede".

CABIRIA: Se me tivera coñecido cando tiña dezaioito anos, co meu cabelo negro e longo, moi longo.

MAGO: "Para min é coma se aínda tivese dezaioito anos".

CABIRIA (deténdose): Entón é verdade? Quéreme vostede? (O mago comeza a darse conta de que quizais deba interromper o espectáculo)

CABIRIA: Fala de veras? Non trata de enganarme? Quéreme vostede de verdade? (O mago mira para o público, érguese, faille un aceno coa man a Cabiria para que esperte. Cabiria cae no escenario).

MAGO: Señorita, señorita. (Dálle unhas palmadas na cara para que esperte e reaccione) Esperte vostede (Cabiria acorda e érguese lixeira). (Ao público) Grazas!

CABIRIA : Pero que me obrigou a facer?

Cae o pano



À esquerda, o coello fraco 1 (Mónica López) di: “Témoslles medo aos homes”. No centro, o coello fraco 2 (Modesto Iglesias) e o coello goso (Marta Martínez), escoitan atentos



O home escritor (Ramón Camiña) explícalles ás mulleres 1 e 2 as virtudes da vida no campo. À esquerda, Ángela Palacios; no centro, Nerea Fernández.

O BOSQUE ANIMADO, de WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Escena I

PERSONAXE DA FRAGA 1:

A fraga é un tapiz de vida apertado contra as enrugadas da terra; nas súas covas afúndese, nos seus outeiros elévase, e nas súas chairas iguálase. Onde fixades a vosa mirada albiscades louzanía; onde fixades o voso pé dobrades herbas que despois procuran reincorporarse co apocado esforzo doloroso de homiños eslombados; onde levedes a vosa presenza haberá un sobresalto máis ou menos perceptible de seres que foxen entre a ramallada, de alimañas que se refuxian na toxreira, de insectos que escorregan entre os vosos zapatos. A fraga é un ser feito de moitos seres. Non son tamén seres as nosas células?

PERSONAXE DA FRAGA 2:

É certo. A fraga, que en lingua galega se chama a ese lugar onde se mesturan variadas especies de árbores, é ela mesma un ser composto de moitos seres. Precisamente cando un home consegue levar á fraga unha alma atenta decátase de moitas historias. Non hai que facer outra cousa que mirar e escoitar. Entón compréndese que existe outra alma alí, infinitas almas; que está animada a fraga enteira.

PERSONAXE DA FRAGA 1:

O problema é que os seres humanos adoitan levar raiada xa, coma un disco, a superficie endurecida do seu ánimo, e van de aquí para alí, pero sempre soan o mesmo, eles non poden escoitar máis cá propia voz da súa vida.

PERSONAXE DA FRAGA 2. Se eses homes se asoman á fraga, pensan que o aire é bo de respirar, ou en canto diñeiro produciría a madeira, ou na dozura de pasear entre a sombra verde coa súa amada, ou en devorar un xantar sobre a carriza, preto da fontenla onde poñerían a refrescar as botellas. Nada máis pensarían e en nada diso estaría a fraga, senón eles.

PERSONAXE DA FRAGA 1. Triste obsesión que fai tan cativos os horizontes da vida. Eu, eu, eu!

Escena II

MULLER 1: Pois a min gústame mellor a cidade có campo. O campo é tremendo.

HOME: Pois é o único sitio onde se pode vivir.

MULLER 1: Si, como medicina, si. Podemos definir o campo dicindo que é unha boa medicina.

HOME: Que tolería! Por que non definir a cidade dicindo que é un magnífico veneno?

MULLER 1: Pero as rúas, os espectáculos... Só asomarse ao balcón e ver pasar a xente xa enche as horas.

HOME: E que mellor espectáculo quere vostede cá contemplación dunha paisaxe campestre. Aprenda a ver pasar as nubes e produciralle maior pracer có desfile estúpido dos transeúntes. En Madrid, sempre que podo, fuxo para a serra.

MULLER 2: Vive vostede en Madrid?

HOME: Si, pero aquí nas miñas vacacións de verán traballo mellor, escribo con máis soltura...

MULLER 2: Se cadra fai versos?

HOME: Nunca fixen versos. Traballo en asuntos científicos.

MULLERES 1 e 2: Ah!

HOME: Mais... non é que me falte imaxinación, non crean vostedes. Ás veces teño ideas que precisan dunha expresión literaria e, por espaxerex o ánimo escribo contiños. A noite pasada rematei un.

MULLER 2: Traeo vostede consigo?

HOME: Traio. Aínda que teño que advertirlas que quizais a principal vantaxe do meu conto é que é breve.

MULLER 2: Como se titula?

HOME: “O irmán home”. É un conto de Noiteboa.

MULLER 1: E por que escribe vostede no verán un conto de Noiteboa?

HOME: Ben... En verdade puidera referilo a calquera outro día, pero como fago intervir diversos animalíños que non se atopan xuntos, necesitaba alegar que existía unha paz, unha tregua entre eles, e pareceume bo pretexto para a concordia o desa conmemoración do suceso máis amoroso e conmovedor do que foi teatro o mundo.

MULLER 1: Pois lea, lea, lea vostede.

HOME: No alto do monte, cheo de neve hai unha xuntanza de animais...

Escena III

(No alto do monte, cheo de neve)

COELLO GROSO (Aos coellos fracos 1 e 2)

Alá abaixo, nas veigas, todos nos alegramos da vosa evasión. A miña muller tamén vos quería vir ver, pero a coitada está en estado. Imos ter unha gran familia, compañeiros. En fin... parece que non vos foi moi ben entre os homes. Vides tan fracos...

COELLO FRACO 1:

A camiñada e os sobresaltos puxéronnos así. Madrid está moi lonxe da serra e pasamos grandes apuros no camiño. Non era comida o que faltaba alá, podédesnos crer.

COELLO FRACO 2:

Levamos fartadas de cousas que non probaredes nunca os que non estiveses nun curral.

COELLO GROSO (relambéndose):

Disque se come moi ben nos currais.

LOBO:

As pezas criadas nos currais coñécense axiña polo sabor da carne. Os homes saben o que fan.

OSO:

Coido que si. Na montaña pásase moita fame, sobre todo nos meses de neve. Pero aínda así, en ningún sitio se vive mellor ca na montaña.

COELLO GROSO:

Vivir nas proximidades das leiras é preferible cando se ten tanta familia coma min. Gózase de menor liberdade, pero hai verzas e os fillos críanse con máis corpo. Ides quedar vós na montaña?

(Segue na páx. 17)

(Vén da páxina anterior)

COELLO FRACO 1:

Si, témoslles medo aos homes.

COELLO FRACO 2:

Son terribles os homes.

LOBO:

Depende. Eu comín un certa vez que sabía a sardiñas, pero cando se alimentan razoablemente son un grande bocado.

OSO:

Se non fixesen máis ca matar, poderíaselles perdoar. Nós tamén matamos. Eles fan algo peor, aldraxan. A un irmán meu caído en cativeiro obrigárono a tocar o pandeiro e a pedir esmola.

COELLO FRACO 1:

Eu vin na cidade cabalos que levaban sombreiros de palla.

OSO:

É ridículo. Aldráxano todo, aldráxano todo.

COELLIÑO 1 (vén correndo todo asustado e cae).

LOBO:

Que belidas son estas criaturas!

(Ao coelliño 1) Mancácheste, entremés da miña vida?

COELLIÑO 1:

Un home! Un home!

LOBO:

Son tan delicados. Un pequeno tropezo e xa delira.

(Ao pai) Penso que este

rapaz xa non lle serve a vostede para nada. Podíamos comelo.

COELLIÑO 2:

Un home! Vimos un home!

LOBO:

Onde está?

COELLIÑO 2:

Alá, naquela costeira. Enriba da neve.

LOBO:

Morto?

COELLIÑO 2:

Si.

COELLIÑO 1:

Non.

(Os animais chegan ata onde está o home)

OSO:

Está morto?

LOBO:

Non, pero non chegará ao mencer. Estase xeando. Se o como agora mesmo, fágolle un favor. Coido que eu debería chamar polos meus compañeiros.

OSO:

É un cazador?

LOBO:

Naturalmente, é un cazador.

COELLO GROSO:

Que facemos?

LOBO:

E que habemos facer? Esa é unha pregunta digna dun coello. Matarémolo; non si, compañeiro oso?

OSO:

Si, debemos matalo. É un cazador.

COELLO FRACO 1 (máis familiarizado coa presenza dos homes, achegouse a miralo):

Santo Deus!

Pero se é don Manuel...!

OSO:

Quen é don Manuel?

COELLO FRACO 2:

O noso último dono, o dono que nós tiñamos en Madrid. Coñecémolo perfectamente.

LOBO:

Daquela podemos devoralo con máis satisfacción. Debíamos comero agora. Pode volver en si e ten a escopeta ao seu carón.

COELLO FRACO 1:

Non é unha escopeta.

OSO:

Non, é unha lanza.

COELLO FRACO 2:

Tampouco é unha lanza. É un caxato de montaña. O noso dono non cazou nunca.

LOBO:

Agardo que non nos poñamos sentimentais. Se os compañeiros coellos queren a súa parte, terana dentro duns minutos.

COELLO FRACO 1:

Dicímosvos que non é un cazador. Por que matalo? É un home namorado da serra, coma o amigo oso, coma o amigo lobo, coma nós. Os sábados vestía un pouco estrañamente, tal como aí o vedes, e marchaba, con sol ou con neve, a percorrer os cumes afastados. Non saía a matar, nin trouxo nunca á súa volta vítimas cheas de sangue. Miraba o que non mira o cazador: a beleza do sol que nace ou do sol que se pon, o aspecto fantástico dun penedo, a fermosa figura de cada árbore, e oía o vento e mais o son do regato co corazón cheo de dozura.

OSO:

Eu tamén vin máis dunha vez homes coma este subir ledamente pola montaña e andaren entre a neve nos días máis duros do inverno. Por que o farán?

COELLO FRACO 2:

Eu sei, e vós saberíadelo tamén se



O escritor coruñés Wenceslao Fernández Flórez

coñecédeses a súa vida. Dígovos en verdade que non hai alimaña do monte máis digna de compaixón cós homes da cidade. A cidade é un barullo incessante: présa, rebumbio, loucura. O caudal humano nas rúas é coma o tropel de animais que foxen dun bosque incendiado. O aire está podre; o sol, doente; a auga, envelenada. Os paxaros teñen cárcere; as flores, tamén. A cidade é un curral de homes. E algúns homes foxen—coma eu fuxín— dese curral, aínda que por pouco tempo. Senten coma nós a necesidade de se reintegraren á terra nai, tan belida, de respiraren o aire libre dos cumes, de correren polo bosque, de beberen debuzados a auga do regato, tan fresca e limpa, que enche a alma de emoción como se bebésemos dunha vea da Terra. Despois volven tristemente ao seu curral inmundo. Este que aí está, ignorante de que decidimos a súa sorte, non é o home feroz, inimigo noso. É o irmán home que safu coma nós da terra e que coma nós a ama. Respectemos a vida do irmán.

LOBO:

(Ao coello fraco) Precioso discurso.

OSO:

(Aos demais) Coido que está tolo.

OSO:

Non. Ten razón. Debemos auxiliar ao home que fuxiu da cidade, o mesmo que axudamos aos coellos evadidos.

LOBO:

En fin..., esta é noite de paz e sodes a maioría... Que decidides?

OSO:

Axúdame a darlle unha fretas para que reaccione. Pero agocha as gadoupas. Pensa que tan só neste caso podemos quizais chamarlle a un home "irmán". Fagámolo polo común amor á nosa nai a Natureza.



O coello fraco 2 (Modesto Iglesias) nun intre da súa intervención: "Na cidade o aire está podre; a auga, envelenada. Os paxaros teñen cárcere; as flores, tamén". Á esquerda vemos o lobo (Dayana Álvarez)



Un imaxe na que vemos como o lobo comproba se o excursionista está vivo. Os coellos agardan a resposta e tamén o oso (Widad Rizki)

Cae o pano



“O teatro nunca está en crise”

Entrevistamos a Irene Moreira Fontán, directora da compañía de teatro XERPO

TERESA GÓMEZ /

Poderías contarnos que é XERPO

Pois pasou por varias etapas: empezou sendo unha asociación adicada exclusivamente ao teatro, que aínda segue existindo, e dende hai anos tamén é unha empresa. Eu sempre a defino como unha “plataforma de artistas”, para recoller esas dúas ideas.

Cando nace a túa vocación pola farándula?

Vaia, vocación, vocación, creo que non tiven. O que me gustou e atraeu moito dende cativa foi ver, cando acompañaba a miña irmá que facía teatro en Maxisterio, como quentaban os actores. Aquilo era o que máis me gustaba de todo, máis cá obra, máis que nada, o que se miraba detrás. Entón a partir de aí, funme interesado e con 17 anos dixen: “Vou facer un grupo de teatro, a ver que pasa”. E de aí saíu todo.

Que sentes cada vez que realizas unha obra?

O primeiro que sentes é que o podes facer mellor, por iso fas máis obras a continuación. Coido que os artistas nunca estamos satisfeitos, e o día que esteamos satisfeitos, deixamos de facer arte. Pero sentes tamén certa satisfacción porque estas comunicando algo e é o teu momento de comunicar.

Sabemos que é moi difícil, pero si tiveras que escoller un autor teatral e una obra, con cal te quedarías?

Autores, moitos, pero vou citar



unha autora para que non quede un autor, que é Yasmina Reza e a obra por exemplo *O trineo de Schopenhauer*.

Por que esa autora e esa obra?

É alguén á que lle teño unha debilidade especial. Escribe unha comedia intelixente, cun ritmo trepidante que me fascina e na escola monteina cos alumnos. Rímonos pero tamén quedamos un anaco pensando naquilo do que acababamos de rimos.

Como funciona a vosa escola de teatro no Porriño?

Actualmente é unha escola privada, que funciona grazas á cantidade de alumnado que temos, a través das súas cotas. Como unha escola normal intentamos ser non só un centro de interpretación, senón contar con máis disciplinas cavando un pouco o eido escénico.

Falemos dos alumnos: calquera idade é boa para comezar neste mundo?

Si e non, e vou dicir por que. Moitos pais e nais



Á dereita da imaxe podemos ver a Irene Moreira xunto coa xornalista de Órbita que preparou esta entrevista

xogar e aí está o traballo profesional do teatro, de que se decaten de que esa vergoña é absurda sempre que estean enriba dun escenario.

Fai falta moita aplicación ou só con vocación chega para interese neste eido?

Fai falta traballo e constancia, ou sexa, que che apeteza é un paso importante?, si, pero se che

crise deixou a cultura moi tocada.

Tamen é certo que había unha forma de vivir dun xeito subvencionado, que estaba provocando que moitas obras de teatro e artistas con pouca calidade estiveran aí simplemente porque tiñan subvencións. Claro que a crise é mala, pero por outra banda aguiza o enxeño, e os que en realidade son bos, vanse manter e aguantar. Son épocas.



Imaxes tiradas da páxina web de Xerpo Cultural, que ilustran as actividades nas que as persoas interesadas no teatro se poden matricular na súa escola do Porriño: interpretación, teoría, actividades circenses, caracterización, danza e canto.

veñen a matricular a seus fillos porque din que son “teatreiros na casa ata máis non poder”. Isto non pega que o diga eu, pero canto máis teatreiros menos teatro fan, quero dicir, que a descuberta está nos nenos tímidos e que aquí nas clases poden aumentar a súa autoestima, mellorar aspectos na comunicación e sentirse ben no escenario. Hai nenos que ao principio e sobre todo aos cinco anos (aquí empezamos con cinco anos) veñen a xogar e non son conscientes do que están facendo.

Despois os nenos e nenas pasan a fase de vergonza, de que non queren ser nenos, non queren

apetece e non traballas, os problemas e barreiras que vas atopar son moitos.

Cal é a túa visión sobre a situación na que está hoxe o teatro en Galiza?

Non me gusta falar do teatro galego, teatro español ou teatro europeo, porque o teatro ou é bo ou é malo. E a nivel económico se me preguntas por ese eido, eu creo que hai un cambio a nivel mundial, e afecta ao teatro e afecta a todo. Evidentemente a

Quero dicir, o teatro nunca está en crise, coido que nunca o estivo e é unha das artes máis antigas. No comezo dos tempos, no momento en que unha persoa das cavernas se pon a contar algo, pois xa está facendo teatro, polo tanto, iso vai existir sempre.

Día Internacional da Muller

Cálida acollida das nosas monologuistas no IES Taboada Chivite (Verín)

Durante o mes de marzo, a actividade “Grandes Mulleres da Historia”, coordinada polo Departamento de Filosofía e mais o Equipo de Dinamización do IES Ribeira do Louro, ademais de representarse como cada ano nas aulas do noso centro, puido ser vista polos nosos compañeiros do IES Taboada Chivite, de Verín. Dende estas páxinas de *Órbita* queremos agradecer o enorme agarimo con que foi recibida a nosa expedición a terras ourensás, e moi especialmente ás persoas coordinadoras do Equipo de Biblioteca, do Equipo de Dinamización Lingüística e do Club de Lectura do devandito instituto, coas que levamos colaborando en diversas actividades nos últimos cursos.



Representación dos monólogos teatrais “Grandes mulleres da historia” nunha aula do IES Taboada Chivite



As nosas actrices foron agasalladas con flores polo profesorado do centro ourensán

GEORGE ELIOT

Bos días. Chámome Mary Ann Evans, aínda que en todo o mundo son coñecida polo seudónimo que usaba para asinar as miñas obras literarias, George Eliot. Trátase dun nome masculino que tiven que empregar a mantenta para que o público me tomase en serio; lembrede que estabamos nun tempo cheo de prexuízos respecto da muller cando quería exercer de escritora. Nacín en Inglaterra en 1819 e fun unha extraordinaria novelista (quizais a miña obra mestra é *Mediados de marzo –Middlemarch-*, ou unha colección de contos titulada *Escenas da vida clerical*, chea de observacións psicolóxicas penetrantes sobre cada un dos personaxes), mais tamén escribín poesía. E precisamente agora, se me permitides, vouvos recitar un poema que me gusta especialmente e que se titula “Cando ti calas”:

Cando calas tamén falas de ti mesmo.

Cando calas un segredo,
coñezo a túa fidelidade de amigo.

Cando calas a túa propia dor,
coñezo a túa fortaleza.

Cando calas perante a dor allea,
coñezo a túa impotencia e o teu respecto.

Cando calas perante a inxustiza,
coñezo o teu medo e a túa complicidade.

Cando calas perante o imposible,
coñezo a túa madurez e dominio.

Cando calas perante a estupidez allea,
coñezo a túa sabedoría.

Cando calas perante os fortes e poderosos,
coñezo o teu temor e covardía.

Cando calas perante o que ignoras,
coñezo a túa prudencia.

Cando calas os teus propios méritos,
coñezo a túa humildade e grandeza.

O Silencio é o templo onde o sabio medita,
o cárcere do que foxe o necio
e mais o refuxio no que se agochan os covardes.

Cando calas,
ti, por que o fas?



George Eliot (Dayana Álvarez)



Isabel Cota, unha das coordinadoras do Club de Lectura (“A árbore vermella”) do IES Taboada Chivite, coas nosas actrices



Virxinia Calviño (Departamento de Filosofía) e Delio García (coordinador do Equipo de Dinamización Lingüística) cun fermoso galano que trouxeron como recordo para o noso instituto



Bos días. Chámome María Wonenburger e nacín en Montrove, no concello de Oleiros, en 1927. O meu sorprendente apelido procede dun tataravó meu que emigrou a Galicia dende a Alsacia (territorio francés onde se fala alsaciano, un idioma emparentado co alemán). Son importante por ser unha extraordinaria matemática galega, con traballos que son recoñecidos dende hai décadas pola comunidade científica internacional.

Con 18 anos trasladéime a Madrid para cursar os estudos universitarios e cinco anos despois, en 1950 licencíame en Matemáticas pola que hoxe é Universidade Complutense.

A brillantez coa que cursei a carreira fixo que en 1953 o Instituto de Educación Internacional dos EEUU me concedese unha bolsa para completar a miña formación nese país, e en 1957 doutoreime na prestixiosa Universidade de Yale. Durante varios anos impartín clases en diversas universidades de Estados Unidos e Canadá e, en concreto, na Universidade de Toronto, onde eu era a única muller ocupando un posto de profesora de Matemáticas, dirixílle en 1966 unha famosa tese ao agora moi coñecido alxebrista Robert Moody.

A miña liña de investigación centrouse nomeadamente na Teoría de Grupos e Álgebras de Lie que é unha ferramenta moi poderosa para a física moderna, xa non só para a solución de problemas coñecidos, senón como unha guía para a formulación e desenvolvemento de enfoques novos na descripción dos fenómenos físicos. Pódese dicir que eu son a nai da teoría hoxe coñecida baixo o nome de Teoría de Kac-Moody. Fun contratada pola Universidade de Indiana en 1967 e alí permanecín ata 1983. Nese ano decidín voltar a Galicia por motivos persoais, en concreto para coidar a miña nai, que se puxera malaíña.

Son moito máis coñecida no estranxeiro ca no meu propio país e se buscades información sobre min en Internet veredes que a maioría das referencias están en inglés. Secomasí, parece que nos últimos anos iso está a cambiar. Na anterior lexislatura, o goberno da Xunta creou uns premios de ciencia que levan o meu nome e, moi recentemente, no 2010 a Universidade da Coruña concedeume o honoris causa. Beizóns.



María Wonenburger
(Yennifer Teixeira)

Bos días. Chámome Federica Montseny e nacín en Madrid en 1905. Estou aquí porque fun a primeira muller en España en ocupar o cargo de ministra. Iso aconteceu durante a II República española.

Con só 16 anos publiquei a miña primeira novela e comecei a escribir en revistas importantes dentro do pensamento libertario español. En 1931 afilíame á CNT, o sindicato anarquista, onde tiven un gran protagonismo tanto polas miñas ideas como polo feito de ser unha excelente oradora.

O meu labor no goberno de Francisco Largo Caballero como Ministra de Sanidade e Asistencia Social foi moi activo, aínda que se viu limitado pola escasa duración do meu mandato, só un semestre, e ademais cando xa comezara a Guerra Civil. Mais nese curto espazo de tempo planifiquéi lugares de acollida para a infancia (en nada parecidos aos deprimentes orfanatos que existían daquela), comedores para embarazadas nos que se velaba por unha completa alimentación, centros para tirar da prostitución as mulleres (unha das maiores escravitudes ás que estaba e segue sometida), o primeiro proxecto de Lei do aborto de España e mais unha serie de medidas para que as persoas con discapacidade puidesen atopar traballo.

Como outros miles de españois, co final da Guerra Civil tivenme que exiliar a Francia, onde fun perseguida pola policía nazi e franquista, que pediu a miña extradición. Afortunadamente as autoridades francesas non a concederon, pero vivín en liberdade vixiada ata a liberación de Francia en 1944.

Coa chegada da democracia a España, voltei e continuei co meu activismo a prol do anarquismo, e gocei do gran prestixio ata o meu pasamento en 1994. Moitas grazas.



Federica Montseny
(Clara Avendaño)

Bos días. Chámome María Soliño (ás veces os poetas prefíren referirse a min co nome de María Soliña, se cadra polo que foi a historia da miña vida) e nacín en Cangas do Morrazo en 1551. Moitos considéranme un símbolo do sufrimento do pobo debido ao desamparo con que moitas veces nos deixa o Estado.

Boa parte da miña vida transcorreu con absoluta normalidade. Neste tempo Cangas tiña un porto pesqueiro e da ría extraíanse grandes cantidades de pesca, congro e outras especies que se vendían frescos ou se exportaban secos a varias provincias de España e do estranxeiro. Precisamente o meu home, Pedro Barba, tiña unha empresa de manufactura de peixe e fanos moi ben.

Pero un día as cousas mudaron radicalmente. Neste tempo, o Goberno español gastaba enormes cantidades de recursos en guerras no exterior e paradoxalmente deixaba descoidadas as nosas costas dos ataques de piratas e corsarios doutros países. Pois ben, o que aconteceu o 9 de decembro de 1617 nunca o esquecerei. Nesa data uns mil piratas turcos arribaron á vila de Cangas e supuxeron a nosa ruína. Para que vos fagades unha idea, debedes saber que en Cangas viviamos unhas 400 persoas e os turcos mataron a máis de cen e a outras dúascentas leváronas como escravos. A un dos que asasinaron foi ao meu marido e caín entón nunha fonda depresión. Sentíame tan tristeira e soa que todas as noites ía pasear á praia onde morrera o meu home.

Mais non rematou aí a miña desgraza. Como eu era unha das mulleres máis ricas da localidade, os membros da chamada Santa Inquisición, coñecedores de que se me loxaban condenar, todos os meus bens pasarían ás súas mans, denunciáronme por bruxería, argumentando que os meus paseos pola noite á beira do mar só se podían explicar porque era unha meiga que quería reunirse co demo. Entrei no cárcere en 1621, con setenta anos e aí fun torturada cruelmente. Non existe acta da miña defunción pero imaxínade canto puíden durar logo deste suplicio físico e psicolóxico.



María Soliño (Noelia Fernández)

Bos días. Chámome Rosalind Franklin e nacín en Londres en 1920. Son importante por ser a primeira persoa en fotografar a molécula do ADN e descubrir a estrutura da nosa composición xenética.

Fun dende pequena unha excelente estudante e aínda que, por ser muller, ó principio meu pai non quería deixarme estudar na universidade, ó final conseguín ir. En 1941 gradúeime en Química na Universidade de Cambridge e logo de traballar durante uns anos en París, no Departamento Nacional de Química de Francia, voltei á miña terra natal para comezar a miña andaina como investigadora na Unidade de Biofísica do King College na Universidade de Londres. Foi aquí onde se produciu o acontecemento polo que hoxe son coñecida en todo o mundo: utilicei a técnica da difracción dos raios X para estudar a molécula do ADN e en 1953

obtiven a primeira radiografía na que xa se podía ver a estrutura da dobre hélice. Por certo, esta imaxe foi usada sen que eu o soubese por tres colegas meus que en 1962 recibirían o Premio Nóbel de Fisioloxía, e que nin sequera tiveron a cortesía de citarme.

En 1958, con tan só 38 anos, un cancro de ovario rematou coa miña vida. É moi probable que esta doenza fose causada por me expor repetidamente á radiación durante as miñas investigacións. Grazas.



Rosalind Franklin (Alejandra Ledo)

Bos días. Chámome Vandana Shiva e nacín en Dehradun, no norte da India, en 1952. Son unha sobranceira activista dos movementos pola xusticia global, que outros chaman movementos antiglobalización, e en 1993 concedéronme o Premio Nobel Alternativo polo meu traballo a prol dun mundo mellor para todos os habitantes do planeta.

Crieime nunha fermosa zona do sur do Himalaia e durante os anos 70 participei no movemento Chipko, formado principalmente por mulleres, que adoptamos a táctica de denuncia ecoloxista consistente en permanecer abrazadas ás árbores para evitar que foran taladas.

Son física e en 1982 creei a Fundación para a Investigación Científica, Tecnolóxica e Ecolóxica, a cal ten entre as súas iniciativas, entre outras, o pulo e o espallamento da agricultura ecolóxica e mais o estudo e mantemento da biodiversidade.

Na nosa organización temos denunciado as prácticas criminais de moitas empresas transnacionais, como a compañía estadounidense Union Carbide. Debedes saber que por non querer gastar cartos en seguridade para evitar accidentes, unha fábrica de pesticidas desta corporación, ubicada na cidade india de Bhopal, matou hai uns anos a 30.000 persoas por unha nube tóxica de isocianato de metilo.

Temos denunciado tamén a empresas como Coca-Cola porque cada unha das fábricas que ten na India consome diariamente 2 millóns de litros de auga e están desecando os pozos e deixando sen auga potable a moitas comunidades.

Como vedes, traballamos en moitas fronte e outra das cuestións que máis nos preocupa é a práctica da biopiratería por parte das empresas químicas e farmacéuticas privadas. Hoxe sabemos que moitos dos seus produtos que se venden nos mercados de Occidente non son precisamente o froito da investigación, senón de piratar, de facer seus ilícitamente os coñecementos milenarios das comunidades locais, co obxectivo de facer negocio. Moitas grazas.



Vandana Shiva (Sara Silva)

Bos días. Chámome Alice Guy e nacín en París en 1873. Fun a primeira muller directora de cinema. En 1894 comecei a traballar como secretaria de Léon Gaumont, un dos pioneiros da industria cinematográfica. En 1996 dirixín unha das primeiras películas de ficción, *La fée aux choux*, e en 1906 a longametraxe *A vida de Cristo*, que inclúe algo de cor.

En 1907 trasladeime co meu marido Herbert Blaché a Estados Unidos, onde fundamos en Nova Jersey unha compañía moi importante de produción cinematográfica, *The Solax Company*. Mesmo cheguei a dirixir durante algún tempo a empresa que producía as curtametraxes de Chaplin. Pero cando a industria se trasladou a California e me divorciei de Blaché, quedei sen apoios para seguir realizando películas e voltei a Francia

En total dirixín unhas seiscentas películas, de diversos xéneros (western, drama, espionaxe, fantasía, policíaco, etc.). En moitas das miñas películas existía un protagonista feminino e tratei temas como a maternidade. En 1913 cheguei a escribir que as mulleres “son unha autoridade no eido das emocións”, e xa que se dicía que o cinema estaba evoluíndo cara a certo sentimentalismo burgués, coidaba as mulleres estaban especialmente dotadas para realizar películas.

Ademais da miña abundantísima filmografía, fun coñecida polo meu estilo experimental e as miñas innovacións técnicas coas que fun moi popular, aínda que acabei perdendo o tren dunha industria dominada por homes. Moitas grazas.



Alice Guy (Alba Fernández)



María, “a profetisa”: alquimista exipcia (Tamara Iglesias)

E aquí estamos
outras oito
mulleres que des-
tacamos en diver-
sas disciplinas do
saber. Se queres
coñecer algo máis
sobre nós, con-
sulta os números
anteriores da
revista *Órbita*
(pódelos descar-
gar da web do
instituto).



Trótula de Salerno: médica italiana (Karina Holguin)



Artemisia Gentileschi: pintora italiana
(Aroa Torres)



Téano: matemática grega
(Widad Rizki)



Olympe de Gouges: líder feminista francesa
(María Preciosa)



Concepción Arenal: xurista galega
(Noelia Lago)



Hildegarda de Bingen: médica alemá
(Andrea González)



Agnocide: xinecóloga grega
(Raja Rizki)

Os nosos estudantes demostran a súa creatividade no deseño gráfico

Durante este curso os corredores do IES Ribeira do Louro convertéronse en privilexiados lugares nos que toda a comunidade educativa puido contemplar as habilidades do noso alumnado para o deseño gráfico. Grazas á moi activa colaboración do profesor do Departamento de Plástica, Mario Iglesias, gran parte das actividades complementarias organizadas por diferentes departamentos do centro e equipos de traballo (Filosofía, Ciencias Naturais, Música, Biblioteca, Dinamización Lingüística) contaron para a súa promoción con brillantes carteis creados por moitos dos seus alumnos. Velaquí unha pequena mostra á que tivo acceso Órbita.

Carteis para a promoción de uso do galego (Equipo de Dinamización Lingüística)



Alejandra Ferreira (1º Bach.-A)




Diana Carballo (4º ESO-A)



Lorena Martínez (4º ESO-A)



Katia Fernández (1º Bach.-A)



Judit Vila (2º Bach.)



Sheyla Pazos (1º Bach.-B)


Carteis para o Día contra a violencia de xénero (Departamento de Filosofía)



Yanina Gallego (1º Bach.-B)



Dayana Álvarez (1º Bach.-A)




Ángel López (1º Bach.-A)

Carteis para as V Xornadas Microlóxicas do IES Ribeira do Louro (Departamento de Ciencias Naturais)



Bruno Romero (4º ESO-A)



Diana Carballo (4º ESO-A)



Alejandra Ledo (1º Bach.-B)

Carteis para "Voces do Louro" (Departamento de Música)



Alejandra Ferreira (1º Bach.-A)



Yanina Gallego (1º Bach.-B)



Alejandra Ledo (1º Bach.-B)


Carteis para a Semana do Libro (Equipo de Biblioteca)



Alejandra Ledo (1º Bach.-B)



Daniel Román (4º ESO-A)




Sara Domínguez (1º Bach. A)




Diana Carballo (4º ESO-A)



Karina Holguin (4º ESO-A)



Yanina Gallego (1º Bach.-B)



Andrea Ramilo (1º Bach.-B)



Ángel López (1º Bach.-A)



Alejandra Ferreira (1º Bach.-A)



Marcos Rodríguez (4º ESO.A)



María Lago (1º Bach.-B)



Sheyla Pazos (1º Bach.-B)

Carteis para a celebración do Entroido (Vicedirección)




Yennifer Teixeira (1º Bach.-A)



Andrea Hermida (4º ESO-B)



Diana Carballo (4º ESO.-A)



Denis González (4º ESO-A)

Carteis para a celebración do Entroido (Vicedirección) (continuación)



Antonio Otero (1º Bach.-B)



María Lago (1º Bach.-B)




Jacobo Pérez (4º ESO-A)




Sara Domínguez (1º Bach.-A)


Carteis de texturas e composición (Departamento de Plástica)



Andrea Ramilo (1º Bach.-B)



Ángel López (1º Bach.-A)



María Lago (1º Bach.-B)



Antonio Otero (1º Bach.-B)



Antonio Otero (1º Bach.-B)



Alejandra Ledo (1º BACH.-B)



Yanina Gallego (1º Bach.-B)



Jacobo Pérez (4º ESO-A)



Andrea Ramilo (1º Bach.-B)



Diana Carballo (4º ESO-A)



Alejandra Ledo (1º Bach.-B)



Carteis de texturas e composición (Departamento de Plástica) (continuación)



Bruno Romero (4º ESO-A)



Yennifer Teixeira (1º Bach.-A)



Ángel López (1º Bach.-A)



Lorena Argibay (4º ESO-B)




Alberto Fernández (4º ESO-B)



Andrea Hermida (4º ESO-B)



Nazaret Borja (1º Bach.-B)




Alejandra Ferreira (1º Bach.-A)



María Lago (1º Bach.-B)

Carteis de logotipos (Departamento de Plástica)



Kevin Campo (4º ESO-A)



María Lago (1º Bach.-B)

Mario Iglesias: “Resulta incomprendible que a Xunta de Galicia pechase *Flocos*, a rede social do cinema galego”

Entrevistamos a Mario Iglesias, director de cine

ALEJANDRA FERREIRA/

Como te introduciches no mundo cinematográfico?

Eu fixen Belas Artes. Entendía a arte como algo global e empecei a traballar no videoarte e na curtametraxe. Pouco a pouco acabei adicándome ao cinema a tempo completo, ata agora que volvíñ ao ensino.

De toda a túa filmografía, cales son as películas das que te sentes mais orgulloso? De que falan?

Todas as películas teñen algo que che gusta pero digamos que ningunha consegue satisfacer plenamente. Se tivera que elixir algunha probablemente escollería *De Bares*, que foi a miña primeira longametraxe.

Trátase dunha historia de historias pero ten unha especie de atmosfera que a min me resulta cálida; é como cando te lembras dos teus primeiros amigos. Quizais sexa por temas afectivos, ou porque foi unha película que fixemos case sen medios e no curso da súa rodaxe fomos aprendendo o oficio e acabou para min cun orzamento importante. Realizamos unha rodaxe case documental mais na que introducimos efectos especiais bastante perspicaces e innovadores.

E o presuposto foi moi grande ?

Pois acabou sendo, se non recordo mal, de 400.000 ou 500.000 €.

Dos premios e recoñecementos que recibiches, cal foi o que máis satisfacción che causou ?

Quizais o de *Versión Española* xa que era algo que non esperaba conseguir. Vaia, tampouco é que espere acadar premios constantemente, pero foi como especialmente sorprendente .

Con que actores rodaches? Houbo algún famoso?

Javier Albalá e Nacho Novo quizais fosen os máis coñecidos, pero eu traballo moito con actores “na-



Un intre da conversa mantida pola nosa xornalista co noso profesor e cineasta

turais” que son xente normal no seu rexistro persoal. Gústame combinar actores naturais con actores profesionais xa que dá un resultado moi realista.

Os actores que escollías pasaban algunha proba?

Hai películas nas que atopei a persoa pola rúa ou nun bar; presentábanmo e preguntáballes se querían participar na película porque era perfecto. Pero outras veces houbo que facer *castings* moi esgotadores porque ao mellor despois de 3 días de probas constantes non atopabas o actor. Normalmente cando se trataba dun actor profesional, era alguén que eu xa coñecía e el xa sabía de que ía a cousa.

Podes contarnos o proceso de como se fai unha película?

Hai moitos camiños. Antes había un xeito de facer unha película, unha especie de manual, pero é que agora non hai unha mellor maneira, senón millóns. Actualmente a tecnoloxía está ao alcance de todos e moitísima xente fai cine e bo, de xeito que cada un escolle o seu método. Agora o que se leva moito é facer algo que está entre o documental e a ficción: esa división de xéneros que medio desaparece dálle unha sensación moi realista ao produto final.

Normalmente o que se fai é propoñer unha idea e desenvolverla ata que se ten un argumento. A partir de aí faise un guiñón no

que teñen que aparecer todas as accións que van ocorrer, co seu relato exacto, e todos os diálogos dos personaxes. Logo realízase o desglose do guiñón e elabórase o proxecto no que se inclúen as necesidades que existen para que se poida levar a cabo a película: materiais, tempo, orzamento. O axudante de dirección encárgase de facer un calendario no que aparece cada día o que se vai rodar e qué necesidades se teñen para esa rodaxe en concreto, e o equipo de produción encárgase de ter esas necesidades cubertas para ese día de rodaxe. O produtor executivo é o que vai por aí buscando cartos para que todo iso se poida facer.

Precísase moito diñeiro?

Normalmente si, pero vaia, todo isto que estou dicindo forma parte do método ortodoxo, é dicir, do método industrial que máis ou menos seguen as produtoras. Na rodaxe dunha película hai un feixe de equipos cando se trata dunha produción de tipo estándar: produción, que son moitos, dirección (o director e mais todos os seus auxiliares), o equipo de maquillaxe, perruquería, vestuario, arte (decorados), transportes... Unha película española terá entre 40 ou 50 persoas traballando, aínda que se o comparamos cunha película americana a cifra resulta case ridícula.

De todos os xeitos, pódense facer películas de mil maneiras. Nós unha vez fomos un grupo de tres persoas a Cuba a rodar unha película e alí, sobre a marcha, im-

provisamos un equipo de rodaxe.

Cal sería o teu filme máis custoso?

Probablemente *Catalina*, que non se chegou sequer a estreitar. Foi unha produción con Voz Audiovisual pero que está metida no caixón. Aínda que o orzamento fora de 1.000.000 de euros, coido que non se gastou esa cantidade. A razón pola que non se estreará é que cambiaron os executivos desa empresa e os novos deixárona de lado e non retomaron a película. Actualmente vendéronlle os dereitos a TVG pero a verdade é que non teño nin idea de como vai.

Participaches en todas as edicións do "Festival de cine chico de Canarias", lamentablemente suspendido o ano pasado. Por que che parecía tan atractivo?

Si. O Festival do cine chico de Canarias é probablemente un dos eventos culturais máis interesantes que existen en España, ou polo menos que eu vivín. Consiste nunha morea de xente: actores, directores, xente adicada ao cine, que se xuntan nunha illa con equipos e con cámaras, e nun prazo dunha semana teñen que elaborar unha proposta de rodaxe e levala a cabo utilizando como plató a illa. De aí saíron cousas fascinantes nos 10 ou 11 anos de edición. Cada vez era unha experiencia inesquecible



Relatos, unha película de Mario Iglesias editada en DVD, que tedes á vosa disposición na nosa Biblioteca



Que che pareceu participar no festival de Cans do Porriño? Que é o que che resulta máis atractivo dese festival?

É o festival do *agro-glamour*. Foi brillante a idea de aproveitar o festival de Cannes en Francia e a coincidencia fonética para lanzalo. Paréceme moi festivo e moi interesante xa que se pode ver como o cinema galego goza de moi boa saúde, malia o desastre de administración e gobernantes que temos, que non puideron facelo peor. Actualmente é un festival bastante afin ao festival de Canarias. Agardemos que dure moitos anos.

Que opinas da industria do cinema? E da descarga de películas por Internet?

Coido que unha película se pode afundir se non se respecta o período comercial. Cómpre que recupere os cartos que custou e gañar algo de diñeiro.

Canto tempo dura o período comercial?

Pois de un a dous anos dende que se estrea, aínda que o seu ciclo económico non se remata totalmente porque o segue o DVD, descargas legais por Internet, reportaxes, etc.

É certo que moitas veces unha película tarda anos en amortizarse, pero digamos que rematado ese ciclo de explotación duns dous anos, paréceme ben que se descarguen as películas, que pasen a ser un ben común, porque non ten sentido que sigan cobrando os herdeiros de non sei quen para ver unha película de cine clásico, non ten sentido. Pero reitero que as películas precisan ese tempo para se desquitaren, porque se non hai que deixar de facer cine.

Como ves o panorama no cinema galego actual?

A ver, no cinema galego actual había un sitio en Inter-

net que se chamaba *Flocos*, que o creou un xenio que se chama Manolo González, que estaba na anterior administración da Xunta de Galicia. *Flocos* era unha rede social que estaba constantemente ampliándose con todo o cine galego antigo e actual, á parte de pór en contacto a todos os integrantes do audiovisual. E o que sucedía era que había máis filmes e de mellor calidade, o que producía un boom impresionante e estaba apoiada pola administración.

Chegou a nova administración e foi a súa morte absoluta. Dunha maneira incomprendible pecharon *Flocos* e iso foi coma atentar contra os intereses dos galegos porque nin sequera custaba cartos. E de súpeto volveuse á opacidade que había antes. Agora non se sabe o que se está a facer; polas novas que chegan a través dos medios, vólvese á escuridade na que os políticos se relacionan coas produtoras que “teñen de man”, e isto volve a ser o desastre que sempre foi. Con todo, o que non se vai parar é que hai moita máis xente nova facendo cine e de calidade.

Sabemos que é moi difícil pero se tiveses que citar as túas cinco películas favoritas de toda a historia, cales sinalarías?

Falarei de cinco porque me pedides esa cantidade, pero evidentemente deixarei fóra moitas outras.

-*A noite da iguana (The Night of the Iguana)*, de John Huston, que me parece dunha intensidade e dunha percepción cinematográfica especial.

-*O festín de Babette (Babettes gæstebud)*, de Gabriel Axel, que tamén é unha película que vin 11 ou 12 veces, e máis que verei

-*Amacord*, de Federico Fellini.

-*Celebración (Festen)*, de Thomas Vinterberg, que é o punto máis álxido para min do



Mario Iglesias, nun intre dunha rodaxe

cine Dogma.

-*Construcción*, de Jose Luis Guerín.

Se tivera que dicir cinco agora mesmo diría esas, pero dentro de dez minutos probablemente citaríase outras cinco.

E podes contarnos agora unha secuencia que che gustase especialmente?

Pois, por exemplo, a persecución polos sumidoiros de Austria na película *O terceiro home (The Third Man)*, de Carol Reed. Ou tamén o momento do diálogo dos persoaxes d' *A noite da iguana*, cando está atado o reverendo protagonista e toda esa catarse que se produce nesa secuencia.

Que lle dirías a un mozo ou moza que queira comezar no mundo do cinema?

Que comece, que despois xa irá aprendendo as cousas. Que se informe e que aprenda todo o posible. Que

non saber ou non ter os medios non o bote para atrás, que se non os ten, xa os terá con calquera cámara. Eu vin películas feitas co móbil, ou sexa, que con calquera cámara se pode arrincar. Hoxe en día a tecnoloxía puxo ao alcance de todos o cinema.

Celebración, a película da que falei antes, foi feita cunha cámara de vídeo, que era das primeiras dixitais de cinta, é dicir, unha cámara doméstica, sen iluminación, sen nada. Demostraron a forma de contar unha historia e contalaben. En definitiva, eu diríalle que se lance xa, que intente facer cousas e que irá aprendendo, e no momento que poida, que se matricule nunha escola ou facultade de audiovisual, claro está.



O protagonista desta entrevista durante a presentación da súa película *Cartas italianas*

“A papiroflexia é unha arte con múltiples aplicacións”

Entrevista a Manuel Cuervo, experto papiroflexista

ANTÍA CARIDE /
SARAY LOSADA

Que é a papiroflexia?

A papiroflexia consiste na manipulación dun anaco de papel, que se dobra paso a paso e así comeza a obterse unha figura en tres dimensións. O papel que se escolle pode ser de moitos tipos: o de xornal, un folio que teñamos na casa, un pano da mesa ou calquera outro tipo. O único que teñen que ter en común é que estean recortados de forma que estirados dean lugar a un perfecto cadrado.

Efectivamente, a papiroflexia xenuína parte dun papel cadrado do cal se saca unha figura, mais tamén é certo que hai figuras realizadas con billetes que non son cadrados, e incluso hai quen as fai con papeis redondos.

Este anaco de papel non se pode cortar ou rachar de ningunha maneira, todo o obxecto co que traballamos ten que ser manufacturado, aínda que ás veces tamén é posible utilizar algún tipo de ferramentas que permitan seguir coas dobreces do papel en extremas condicións. Aínda que de novo cómpre dicir que hai papiroflexas que traballan con figuras que son modulares (que se fan con varias pezas).

Como se denominan os que teñen esta afección?

Papiroflexas ou Origamistas.

De onde provén?

Do antigo Xapón, aínda que hai xa algúns séculos que se practica no noso país. Tamén se lle chama “Origami”, e é unha arte que se practica de forma habitual no continente asiático.



O profesor de Tecnoloxía Manuel Cuervo creando unhas rosas de papel para as xornalistas de Órbita

O “Origami” procede das ofrendas que se facían envoltas en papel. En principio a ofrenda tiña valor, pero foi gañando en importancia o papel e acabaron ofrecendo simplemente o papel. De feito, existe unha historia asociada a unha figura que adoita representar o símbolo do día da paz.

A historia conta que unha rapaza no bombardeo de Hiroshima - Nagasaki, por culpa da radiación tiña un cancro, e para que o soportase mellor díxéronlle que se pregaba 1000 grullas concederíanlle todo o que pedise. Ao final a rapaza finou antes de rematalas; mais os seus compañeiros pregaron as grullas que faltaban.

No día da paz en moitos institutos celébrano co tema das 1000 grullas. De feito, en Lalín (onde estiven impartindo clases) colgábanas nos corredores, e en Santiago no teito da entrada, semellando unha lámpada.

Pode facer papiroflexia calquera persoa?

En principio si, todo depende da habilidade do operador, é dicir, hai figuras que se elaboran co menor número de pregues posibles, como por exemplo un dino-

sauro, que se realiza cun só pregu.

Como é posible manipular un papel de tal xeito que dea lugar a unha figura?

Para transformar un simple anaco de papel nunha de estas figuras é preciso seguir un tutorial, co que se colle práctica, e chegado un momento pódese chegar a ser un gran artista obtendo novas figuras feitas pr un mesmo.

Existe unha asociación cultural que pretende promover e difundir a práctica da papiroflexia dentro do noso territorio. Eu, sen ir máis lonxe, pertenzo a esta asociación, na que moitos dos asociados reunímonos de cando en vez, para falar sobre este tema. É posible obter figuras de animais, flores, figuras xeométricas, caixas, aves, barcos e todo tipo de figuras que podas imaxinar. Só é precisa moita imaxinación, ganas, axilidade e algo de paciencia.

Cando comezaches coa papiroflexia?

De cativo. Miña irmá regaloume un libro deste tipo que me chamou moito a atención, e pouco a

pouco fun obtendo esta axilidade para dar formas tridimensionais de figuras a papeis. Nas cafeterías collía os panos e comezaba a facer xogos de dobreces con eles.




Houbo tamén unha época, na que me tiña que dirixir por razóns de traballo ao meu lugar de emprego en tren, e polo camiño tiña moito tempo libre, polo que decidín comezar a facer unhas figuras todos os días. Unha figura moi doada é por exemplo unha rosa, e ao rematala deixábaa no asento do vagón, xa que me daba tempo a facer moitas e era algo que eu xa tiña na casa ou xa lle regalara a case todos os meus coñecidos. Só a facía por enredo e diversión para min, e como non era algo que tiñese que levar outra vez para casa, deixaba a rosa no asento para o próximo cliente que subise no tren, e supoño que lle faría algo de ilusión.

E ti chegaches algunha vez a crear unha nova figura que non existise?

Pois si. Probablemente a primeira figura que creei foi este dragón (Ver fotografía). Para ser sincero, nun primeiro caso non pretendía facer esta figura, pero coma en moitos outros campos, foi descuberta por casualidade. Eu estaba a traballar na forma dun dragón que xa existía, pero rematei creando a figura dun novo réptil deste tipo. Amoseina nunha asociación de papiroflexas e pedíronme os diagramas porque gustou moito.

Tamén elaborei unha paxariña con ás, unha cuncha de pegrino ou un tangram bicolor (xogo de 6 triángulos, 1 cadrado e 1 trapezoide, co que se forman figuras).

(Segue na páx. 32)



Algunhas figuras animais creadas polo noso entrevistado: un rato, un lagarto, unha paxariña con ás e mais un dragón. Estas dúas últimas son creacións orixinais súas



Seica existen diversos estilos ou escolas de papiroflexia.

Efectivamente hai dúas correntes, ou inicialmente habíaas, unha asiática e outra europea, pero agora vaíse notando menos esa diferenza por mor da globalización.

Na tradición oriental, como a cousa empezou cunha especie de cucuruchos onde se metían as ofrendas, os ángulos eran máis pechados (de 30° para abaixo). A tradición europea xurdiu dunha necesidade distinta, que era a do pregado dos panos de mesa e de certas prendas eclesiásticas como as mitras, etc. Nese tipo de pregados predominaban os ángulos rectos e os ángulos de 45°.

A tendencia actual é utilizar cuadrículas formadas por ángulos de 90° e 45° para acadar o número de puntas necesarias e logo, aplicando métodos máis parecidos aos tradicionais, ir dándolle forma a cada punta de forma independente.

A figura tradicional española é a "paxariña", que ten ángulos rectos ou, como moito, de 45°; e a xaponesa é a "grulla", con ángulos moito máis pechados.

Considérase arte a papiroflexia?

Si, pódese considerar arte ou un pasatempo, dependendo do nivel con que se traballe. De feito, hai xente que vive diso. Coméntovos a seguinte reflexión:

Se eu che dou un folio e che digo "Cheira isto", ti dirás: "Que estás facendo?"; mentres que se ese folio representa unha rosa, ti lévalo ao nariz sen que eu cho diga. Nese senso, algo estou creando porque o folio é o mesmo.

Polo tanto, si é arte e creación.

Pódese crear calquera figura con calquera papel?

Non exactamente. Hai figuras que, pola cantidade de pregues que teñen e polas capas que van acumulando, non se poden facer cun papel moi pequeno porque non o darías pregado, nin tampouco cun papel moi gordo xa que non o dás dobrado ou rómpche. Xa que logo, con calquera papel pódese realizar papiroflexia, pero non calquera papiroflexia.

Ademais de reproducir figuras, a papiroflexia ten algunha outra aplicación?

Si, ten aplicacións. A maioría dos participantes galegos de papiroflexia son profesores de matemáticas que a empregan para demostrar teoremas de xeometría. Despois hai temas tradicionais dos que non nos decatamos pero son papiroflexia, como pode ser o caso dos mantecados de Nadal. Estes veñen envoltos nun papel para forno que se meten nunha caixiña de papiroflexia.

Ten habido exposicións de papiroflexia en Galiza?

Si, houbo. Agora está un pouco máis parado o grupo, pero haberáas. A Asociación Española de Papiroflexia celebra anualmente unha convención onde se concentra xente de toda España e, normalmente cada ano é un grupo distinto o que se encarga de organizala.

Aquí en Galicia, dende que son socio, celebrouse unha vez en Santiago cunha exposición bastante importante en "Área Cen-



Fermoso e complicadísimo dragón elaborado por Satoshi Kamiya

tral", onde se puido admirar un dinosauro de 9 metros de longo.

Gústache a papiroflexia por algo en especial?

O que me gusta da papiroflexia é poder, en calquera momento e en calquera sitio, sacar un papelíño e estar facendo algo. É unha forma de ter as mans ocupadas e a capacidade de poder desconectar un momento da rutina.



As rosas, tan queridas polo noso entrevistado, foron creadas orixinalmente polo seu admirado Toshikazu Kawasaki

O tempo que se precisa para a composición dunha figura, dependerá do tamaño, non?

Si, claro. Hai moitas figuras e cada unha require o seu tempo. Hai figuras que teñen escamas, por exemplo. Parten dun papel que debe estar do-

brado ao mellor nunha cuadrícula de 100 ou 200 X 200. Só pregar un papel 100 veces nun sentido e 100 veces noutro xa leva moito tempo, e despois pregar escama a escama moito máis. Hai figuras que poden levar meses.

Quen son os teus papiroflexistas preferidos?

Hai moitos, pero pola calidade das figuras, Satoshi Kamiya, que crea arte en papiroflexia con figuras complicadas. Aínda que tamén me gustan os creadores de figuras sinxelas pero resultonas e que sexan facilmente identificables. Por exemplo, para min o que inventou as rosas, Toshikazu Kawasaki, é case un deus, porque son fermosísimas e moi sinxelas.

Por que é tan importante a papiroflexia francesa?

Porque ten un creador da talla de Eric Joisel, unha persoa que vivía da papiroflexia e que creaba unhas figuras tan, tan reais, tan traballadas, que resultaba totalmente atípico.

Pódesnos recomendar algún enlace na rede para aprender a facer figuras?

Xaora que si. Paréceme importante a web da Asociación Española de Papiroflexia (localizándoa nun buscador de internet). Para vídeos, podedes buscar "Origami" en Google, onde aparecen moitos tutoriais.

Para saber máis

Falade co noso profesor de tecnoloxía Arturo Longa, que é tamén un extraordinario papiroflexista e que nos axudou a preparar esta entrevista



Figuras creadas polo origamista francés Eric Joisel

O noso Instituto organiza as V Xornadas Micolóxicas

MODESTO IGLESIAS /


O pasado venres 11 de novembro do 2011, dous técnicos de xestión de recursos paisaxísticos, Laura Pardo e David Castro, viñeron ao instituto a darnos unha pequena charla sobre cogomelos, e explicáronnos algunhas características que debemos ter en conta para clasificar un fungo:

- Sombreiro: é a carapucha que está na parte de arriba do talo. Ten unha membrana que o recobre e debaixo unhas láminas con esporas que ao soltarse dan lugar a novos fungos.
- Talo: Pode ter un anel móbil ou fixo.
- Volva: Especie de ovo que está debaixo da terra e do que sae o cogomelo.

Segundo nos comentaron os nosos convidados, existen unhas 300.000 especies de cogomelos, pero só se clasificaron uns 10.000.

Velaquí algunhas clases de cogomelos:

- Amanita: Teñen volva, anel e láminas debaixo do sombrero.
- Cantarelas: Teñen pregues debaixo do sombrero.
- Hydnums: Teñen agullas debaixo do sombrero.



Cartel deseñado para as Xornadas pola alumna Diana Carballo

- Boletus: Debaixo do sombrero teñen unha especie de esponxa. Deste xénero case ningunha especie é velenosa.
- Macrolepiotas: Só é comestible o sombrero. É escamosa. O anel pode

- ser móbil ou fixo.
- Agaricus: É o xénero ao que pertence o champiñón.
- Rúsulas: Rompen coma os xices e teñen láminas.

- Lactarius: de varias cores, desprenden leite. Hainos comestibles e velenosos e teñen sombrero cóncavo.
- Cortinarius: posúen unha especie de veo.
- Tricholomas: Con láminas, sombrero irregular e de varios tamaños.
- Fistulina lepática: parece un fígado. É comestible cando é nova
- Aleuría aufantia : Sen pé e corpo xelatinoso. Úsase en ensaladas.
- Scleroderma citrinum. Ten forma de bóla pegada ao chan.
- Armillaria mellea: Aliméntase de madeira morta ou enferma.
- Coliflor do monte: para comela hai que lavalas ben e cocela.

Esta charla ensinounos moitas cousas sobre os cogomelos que temos en Galiza. Ademais, afoutáronnos a que foramos ao monte durante a fin de semana para apanhar cogomelos, e que os trouxeramos o luns ao instituto co gallo de poderen ser clasificados. Moitos sumáronse a proposta e nese día montouse na entrada do centro unha fermosa exposición.

Por outra banda, alumnos de Bioloxía do Instituto participaron nun obradoiro para aprender a cultivar cogomelos da especie *Pleurotus ostreatus* (trátase da especie que máis se vende nos supermercados, xunto co champiñón).



Na foto superior, dúas alumnas diante da mostra de cogomelos montada na entrada do instituto; abaixo, conferencia sobre o eido da micoloxía, pronunciada por unha representante de ADENCO



Alumnos no obradoiro: Como cultivar cogomelos na casa?, impartido pola empresa "Ventos".



Como elixir unha profesión?

Nos monográficos que periodicamente prepara o Departamento de Orientación para *Órbita*, as profesoras Asunción Teixeira e Ana Perdiguero abordan desta volta un tema clave para o futuro dos nosos estudantes

Cando se achega o final da escolarización obrigatoria é frecuente escoitar a pregunta: “Que vas estudar no vindeiro curso?”, ou ben: “Xa sabes o que vas facer o ano que vén?”. Estes interrogantes poden chegar de pais, profesores, amigos... Isto é así porque está próximo o peche dunha etapa, é dicir, é visible para todos que se avexina un cambio externo e todo parece centrarse na túa “decisión”.

Tanto a elección de estudos postobrigatorios como a dunha profesión concreta, non dependen unicamente das capacidades do individuo. Nesta decisión entran en xogo moitos outros factores.

O “proceso de toma de decisións”

Como en toda decisión importante, a elección de estudos futuros debería facerse tendo en conta os seguintes pasos:

1-Identificar claramente o que se quiere conseguir. Neste caso, elixir os estudos máis axeitados para poder exercer unha profesión .

2-Clarificar as alternativas que temos, é dicir, neste caso coñecer a oferta educativa que existe así como o que define a cada profesión. Isto suporá informarse das características dos distintos estudos: duración dos mesmos, lugares onde se poden cursar, materias que inclúen... Así mesmo, haberá que saber a quen acudir para obter toda esta información.

3-Analizar os factores condicionantes desta decisión:

-De tipo persoal (autoñecemento): que cualidades teño?, que se me da ben?, en que materias escolares destaca?, que cousas me gustan?...

-De tipo económico: canto me vai custar?, terei que cambiar de domicilio?, como vivirei: nunha residencia de estudantes, nun piso compartido?, etc.

-De tipo social: hai estudos con máis “saídas” ca outros? Hai estudos (ou profesións) tipicamente masculinos ou femininos? Hai titulacións con máis “prestixo social”?...



4-Valorar e decidir. Tendo en conta todo o anterior, habería que conxugar todos estes factores e finalmente decidirse por un campo profesional.

Analicemos un pouco máis polo miúdo algunhas destas cuestións.

Vocación e profesión

Podemos definir a vocación como a inclinación que un individuo ten por unha determinada carreira, profesión ou calquera outro tipo de actividade na vida. Así e todo, **a vocación non é algo innato**, constrúese coas experiencias.

Por outra banda, cando se fala de “profesión” faise referencia a unha actividade permanente que require unha capacitación previa e que normalmente se desenvolve como medio de vida.

A mesma vocación pode desenvolverse a través de varias profesións e en diferentes lugares de traballo. Por exemplo, se hai un interese no campo da saúde poderíase abordar dende as profesións de bioquímico/a (análise e investigación no laboratorio), enfermeiro/a (atención ao proceso de recuperación da saúde), médico/a (análise para o diagnóstico dunha enfermidade), nutricionista (atención aos aspectos alimentarios), etc., segundo os intereses e as características de cada quen.

A oferta do sistema educativo actual

No seguinte esquema pódese

ver a actual estrutura do sistema educativo no noso país, organizado en etapas, ciclos, graos, cursos e niveles das ensinanzas. A partir do ensino obrigatorio (Educación Primaria e ESO), existe a posibilidade de seguir distintos itinerarios para chegar finalmente a cursar estudos de tipo profesional, universitario, de ensinanzas especiais (artísticas, deportivas, de idiomas...), etc.

Como se pode apreciar, non existe unha única vía para chegar a cada nivel. O sistema educativo permite certa flexibilidade, cumpríndose determinados requisitos. Ás veces será obrigatorio cursar primeiramente certos estudos para acceder a outros. Outras veces, só será recomendable, pero non prescrito (como é no caso das materias optativas ao longo dos cursos). Nalgúns casos, haberá que facer probas de acceso específicas (cando non se ten a titulación de acceso requerida, por exemplo, ou mesmo para entrar na universidade dende estudos de bacharelato ou acceder ás ensinanzas artísticas ou deportivas de réxime especial). Tamén se pode acceder aos mesmos estudos seguindo unha “vía” máis longa ou máis curta (por exemplo, no caso dos ciclos formativos de grao superior, pódese acceder tras cursar o bacharelato ou dende os ciclos medios ou mesmo sen titulación previa cunha proba de acceso e un mínimo de idade requerido).

A quen acudir para informarse?

Para tomar unha decisión sobre

o noso futuro académico-profesional é imprescindible estar ben informado respecto do que temos que elixir, pero non deberiamos fiarnos só da nosa opinión. Pais e profesores son os que mellor nos coñecen neste aspecto e ademais nos centros educativos están os departamentos de orientación, que son os encargados de planificar a orientación profesional do alumnado, e os orientadores, que poden asesorarnos dun xeito máis profesional sobre este tema.


Deberiamos, polo tanto, ter en conta todas estas opinións, aínda que a decisión final sexa sempre a nosa.

Outros recursos importantes que temos ao noso alcance son a consulta de páxinas web relacionadas con estas cuestións (hai que escoller sempre páxinas oficiais) e a visita ás “feiras do ensino”, que se organizan periódicamente, onde se pode pedir información directamente nos stands sobre distintos estudos, así como facer acopio de material informativo (folletos..).

E se me equivoco...?

Cando se toma unha decisión sempre se corre o risco de equivocarse. Ninguén ten garantido o éxito na vida. Equivocarse non é unha traxedia e, ademais, debemos lembrar que ás veces se aprende moito dos erros. En todo caso, antes de decidirmos por outras opcións, hai que informarse de todas as alternativas e non esquecer algunhas vantaxes como, por exemplo, que os estudos pertencentes ás mesmas áreas de coñecemento teñen algunhas materias en común que poden ser validables, polo que o cursado anteriormente nunca sería un tempo perdido.

“Corramos o risco de equivocarnos e non cometamos a equivocación de non arriscarnos”



Esquema do Sistema Educativo no Estado español

Algunhas consideracións sobre os estereotipos sociais

No momento de elixir unha profesión non deberiamos deixarnos cegar polo nome, as modas ou o suposto “prestixio social”. Unha vez descuberta a nosa verdadeira vocación, o mellor é deixarse levar por ela. Unha elección guiada pola vocación, polo gusto, polas aptitudes e actitudes leva a conseguir un bo grao de satisfacción nos estudos e, daquela, a un moi probable éxito académico.

Por outra banda, existen estudos ou profesións máis propiamente masculinas ou femininas? Hoxe en día é evidente que mulleres e homes teñen idénticos derei-

tos á hora de escoller unha profesión e as mesmas capacidades para desempeñala con eficacia.

Respecto da cuestión de se existen estudos con máis “saídas” que outros, hai que ter presente que cando se remate unha especialidade formativa o mercado de traballo pode ter cambiado moito, polo que isto non debería ser un determinante da nosa decisión.

Unha reflexión sobre o mundo laboral actual

O mercado laboral actual non é o mesmo que hai 10 anos, e nin siquiera é igual ou parecido ao de hai dous anos, antes

de que a crise golpeara con dureza

O papel dos pais: pautas para axudar a decidir

- Orientar aos fillos esixe informar honradamente, sen condicionar.
- Querer orientar profesionalmente demasiado pronto pode ser negativo e non conseguir a finalidade desexada.
- Hai que pensar máis nas posibilidades dos fillos que nas carreiras ou estudos en si, xa que é máis importante o que vaia ser como persoa que o que vaia ter como estudante ou profesional.
- Non se debería impoñer un determinado centro de estudos, aínda que pareza o mais axeitado, se eles non están de acordo.
- Non pretender que sigan a tradición familiar profesionalmente, se eles non o desexan.
- Se nos damos conta de que elixiron erroneamente, non lles amarguemos máis. Axudémolles a rectificar a tempo.

a economía do mundo e deixara centos de miles de parados.

Dende hai xa uns anos, abunda a destrución de emprego, onde non só se despediron a moitos traballadores, senón que algúns postos ou cargos xa nin existen. Pero ademais, as novas tecnoloxías e as novas formas de traballar favoreceron o nacemento de novos postos. Son as “novas profesións” que cobraron un auxe importante e responden directamente ás novas necesidades.

Ao mesmo tempo, moitos profesionais están tomando iniciativas de formación para dar novos rumbos á súa carreira e conseguir empregos en sectores profesionais e laborais emerxentes, como ocorre, por exemplo, coas profesións relacionadas co medio ambiente e as enerxías alternativas.

Neste panorama, os estudos determinan cada vez menos a profesión que ao final se realiza. Ademais, pódese chegar a exercer unha mesma profesión dende diferentes estudos. E tamén é ben certo que, na actualidade, ningunha titulación garante un traballo seguro.

Cada vez máis, habilidades como a capacidade de superación de dificultades e resolución de conflitos, a capacidade de adaptación aos cambios, a capacidade de traballo en equipo, a búsqueda activa de novas oportunidades ou a iniciativa para pór en marcha novos plans, serán máis determinantes á hora de atopar un emprego.

Así mesmo, é importante asumir que a “formación permanente”, ou “formación ao longo da vida” é fundamental para garantir máis posibilidades no acceso ao mundo laboral, para o mantemento no posto de traballo e o para o progreso nunha carreira profesional.



Dúas alumnas de Comercio Internacional fálannos dos sistemas educativos en Suíza, Ucraína e Rusia

MODESTO IGLESIAS /
ÁNGELA PALACIOS

Lyudmyla Chub Sávhenco -"Mila"- (Ucraína) e máis Yesica Santamaría García (Suíza), estudantes do ciclo de Comercio Internacional, brindáronse xentilmente a manter este diálogo con *Órbita*, para falarnos, entre outras cousas, doutros sistemas educativos, diferentes do español, que coñecen moi ben.

Canto tempo levades vivindo aquí? Por que escollestes Galiza para completar os vosos estudos?

(Mila): Levo case 15 anos en España, e dende hai 11 anos estou vivindo en Galicia. Vin coa miña familia por razóns de traballo do meu marido, que traballa nunha empresa internacional.

(Yesica): Levo vivindo en Galicia 8 anos. No meu caso foron os meus pais os que decidiron virse a vivir a España despois de casi 20 anos en Suíza.

Estades contentas non ciclo de Comercio? Que é ou que vos resulta máis interesante? Cales son as vosas perspectivas de futuro e en que vos gustaría traballar?

(Mila) Eu a verdade é que estou moi contenta co ciclo de Comercio. Sobre todo co feito de que os profesores están moi preparados e moi ben informados. Ás veces teño dificultades con reter tanta información no idioma que non é o meu. O máis interesante espero que empece agora, cando vaíamos ás empresas para facer as prácticas. As miñas perspectivas sitúanse en traballar nunha empresa de exportacións-importacións ou nunha consignataria, para poder aplicar o meu coñecemento de idiomas e os coñecementos adquiridos no ciclo de Comercio.

(Yesica): Considero que o ciclo de Comercio Internacional podería ter algunhas melloras, como por exemplo a incorporación de idiomas no segunda ano de formación (inglés e francés). Para min a materia máis interesante é Transporte Internacional. Nun futuro gustaríame traballar no campo da lóxística, aínda que as circunstancias actuais son moi difíciles e moito máis no eido laboral. Polo de agora teño unha perspectiva positiva.

Gustaríanos coñecer algo sobre os sistemas educativos dos vosos países de orixe. Podíadesnos contar as etapas educativas polas que fostes pasando?

(Mila): Cando eu era alumna, empezamos o ensino obrigatorio aos 7 anos e duraba ata os 14, dividíndose en primaria (1-3 graos), e secundaria (4-8 graos); despois había a opción de ir ás



De esquerda a dereita, as alumnas Lyudmyla Chub e Yesica Santamaría, a quen lle agradecemos a súa amabilidade por concedernos esta entrevista

escolas profesionais ou seguir estudando ata o décimo grao, e entón tiñas a opción de ingresar na universidade.

(Yesica): en Suíza ata 6º de primaria a educación é moi semellante á de España. Unha vez que se chega a 7º, realízase unha división: por unha os alumnos máis destacados (moi boas notas durante a primaria) entran no chamado *Gymnasium*; os alumnos con boas notas na *Secundaria*, e por último os alumnos coas notas máis baixas noutro grupo. Nalgúns casos considérase que esta división é discriminatoria, non obstante e dende o meu punto de vista, permite a mellora de cada alumno porque os profesores adaptanse ás necesidades dos estudantes e, desta forma o seu interese medra, ou polo menos mantéñese constante e non provoca fracaso escolar porque todos acaban sacando a titulación (polo menos a básica dos seus estudos).

Cal é a idade obrigatoria de ensino?

(Mila): en Ucraína e Rusia ata os 14 anos.

(Yesica): en Suíza ata os 16 anos.

Que diferenzas atopades nos sistemas educativos? Que cousas preferides e que cousas non?

(Mila): A maior diferenza que me chama a atención é que no meu país mándanse moitísimos deberes á casa. Os nenos antes pasaban todo o día estudando. Ademais os pais apoian moitísimo aos profesores e os escolantes teñen a obriga de dar clases de apoio aos alumnos que non asimilan a materia. En xeral no meu país os nenos estudan e len máis que en España, esa é a miña impresión. Aínda que hai unha explicación tóxica, a de que é un país frío e non apetece saír a pasear? (risas).

(Yesica): Sinceramente, gústame o sistema educativo suízo. Existe un elevado respecto cara aos profesores. Se

nalgún momento algún alumno non entende algo, o profesor ten a obriga de explicarllo (as clases particulares son case innecesarias). A división educativa da que cal falei na anterior pregunta paréceme moi útil xa que permite potenciar ao máximo a aula (tanto no nivel máis alto como no baixo). Unha das cousas que máis me gusta é que, á hora de realizar unha aprendizaxe, a teoría e a práctica combínanse, é dicir, nunha semana podes ter dous días de clases teóricas e tres de prácticas nunha empresa e ademais retribuídas (forma de aprender moi útil porque non te esqueces das cousas con tanta facilidade).

Que tal se vive nos vosos países? Está ben distribuída a riqueza? De que se queixa a xente?

(Mila): A riqueza está moi mal distribuída, está en poder duns poucos. Os políticos acúsanse mutuamente de corrupción e fraude, e xestionan moi mal o país. A xente queixase da falta de medios e das subidas de prezos no mercado.

(Yesica): Suíza é un país cunha elevada economía. Atópanse oportunidades de traballo e o soldo mínimo é moitísimo máis alto ca en España, polo que case todo o mundo se pode independizar con moita facilidade. A riqueza está ben distribuída, cun predominio da clase media e media-alta.

E agora unhas preguntas para coñecer algo das vosas culturas propias e dos vosos gustos. Poderíades recomendarnos un libro dalgún escritor do voso país que vos encante, un grupo musical e algún director de cinema?

(Mila):

A novela *O idiota*, do escritor do século XIX Fiador Dostoyevski, que trata sobre a sociedade rúsa da súa época, pero que resulta tamén moi actual.

O grupo musical *A máquina de tempo*. É de hai moitos anos, pero seguen actuando e reflicten os acontece-

mentos da vida da sociedade moderna.

Por último, un director que ultimamente ten proxección internacional chámase Nikita Mikhalkov. Gústame unha que se titula *O barbeiro de Sibéria* (*Sibirskij tsiryulnik*) e trata da Rusia de época do Imperio Ruso e dos tsares, e tamén do amor.

Se fósemos aos vosos países, poderíadesnos dicir un lugar con encanto para visitar?

(Mila): Recomendaríavos visitar Kiev, a capital ucraína. Ten moitas cousas para ver, como un antigo mosteiro, o Pechersk Lavra, onde se poden visitar as catacumbas coas momias embalsamadas dos monxes que morreron nos anos 900-1000 da nosa época. Tamén podedes acudir a unha feira folclórica na cidade de Sorochinty, que se celebra nos finais de xullo: a xente vai vestida de traxes nacionais, véndense produtos artesanais, soa música popular, etc.

(Yesica): Suíza é un país moi bonito aínda que se tivese que destacar algún lugar en particular serían os Cantóns de Berna (capital de Suíza) e Ginebra

Cantas linguas sabedes falar?

(Mila): Falo cinco: ruso, ucraíno, castelán, inglés e francés.

(Yesica): Son bilingüe en alemán e castelán, e ademais deféndome no inglés e francés e sei falar un pouco o italiano.

Como se di "Grazas" en ucraíno, en alemán e en ruso?

(Mila): en ucraíno: "Diakuju", en ruso: "Spasibo".

(Yesica): en alemán "Danke".

Podédesnos contar algunhas tradicións típicas?

(Mila): hai moitas que se parecen ás de aquí. Lémbrome dunha que é o día dos Inocentes, que se celebra o 1 de abril; no meu cole facían bromas ata aos profesores, tomábanlles o pelo e non se ofendían. Outra, que é parecida aos entroidos de aquí, ten lugar no final do inverno e nela celébrase a chegada da primavera: prepáranse "blyny" (o que aquí se chaman "filloas"). Tamén celebramos a Pascua: píntanse ovos e cocíñase o pan típico de Pascua, en Semana Santa.

Contáronnos que vos gusta o deporte.

(Mila): Pois si. Eu teño varias afeccións e unha delas é nadar travesías populares no mar. Gústame as augas de Galicia, e tamén o marisco (risas).

Unha visión sobre sistema educativo de Canadá

Logo dunha estada dun mes nun centro de ensinanza secundaria de Ottawa, o noso profesor David Barros ofrece neste artigo as súas reflexións sobre o sistema educativo dun país que sempre se sitúa, segundo os informes de PISA, entre os que ofrecen os mellores resultados educativos do mundo

O pasado mes de outubro, tiven a oportunidade de realizar un curso de formación na cidade de Ottawa, capital de Canadá. Este curso consistía na inmersión na vida escolar dun centro de ensinanza secundaria, en concreto o Longfields Davidson Heights, baixo a tutela da profesora de música Carey Godfrey. Recomendo unha visita virtual á páxina web deste instituto para ilustrar en imaxes as reflexións expresadas neste artigo: <http://ldhss.ocdsb.ca/>

Como ben é sabido, Canadá é un país cun extenso territorio (o 2º no mundo despois de Rusia), e está formado por unha poboación multicultural que se asentou neste largacío territorio durante xeracións e xeracións de inmigrantes; de feito, o 20% da poboación actual naceu fóra do país.



Clase de cociña no centro educativo no que estivo o noso profesor David Barros

Este mosaico cultural onde cohabitan máis de 200 grupos étnicos, é moi determinante no seu sistema educativo, posto que aproveita de forma brillante esta riqueza e diversidade en favor do colectivo, da comunidade. Lonxe de forzar unha cultura dominante e global, aléntase a que cada comunidade manteña as súas raíces, lingua e costumes e se sinta cómoda e parte activa da sociedade.

Os indicadores internacionais de avaliación educativa, confiren a este país un dos mellores resultados en comprensión lectora e en competencia matemática e científica. Sería moi complexo abordar todos os factores que inflúen neste éxito, pero tratarei de achegar as miñas propias conclusións de seguido:

–Grande investimento en educación

Os centros educativos canadenses están moi ben dotados de material didáctico e cunhas instalacións óptimas para a práctica das diferentes disciplinas. Como exemplo, as instalacións deportivas só son comparables ás do Campus Universidade de Vigo, e a dotación de instrumentos nas aulas de música, á do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

–Ensinanza moi práctica

O profesorado case non explica teoría, coordina diferentes actividades nas que o alumnado descobre de forma práctica os contidos da materia. Nas explicacións búscase en todo momento

que o alumno interveña activamente na clase, a través do diálogo. Hai unha gran cultura do discurso: de escoitar e ser escoitado (tanto profesor como alumno)

–A ratio de alumnos por profesor é baixa, unha media de 16

Os profesores utilizan ferramentas avaliadoras diferentes do exame escrito, como presentacións orais, proxectos, traballos de campo, portafolios electrónicos, etc. Normalmente os profesores teñen moitos traballos para corrixir, e informan puntualmente ó alumnado da súa evolución. Hai unha relación profesor-alumno moi cercana con reforzos individualizados e de motivación.



A Torre da Paz en Ottawa, no bloque de edificios que albergan o parlamento de Canadá

–Poucas materias nun horario extenso

A xornada escolar vai normalmente de 9 a 3.30, pero esténdese diariamente polas tardes con moitas actividades extraescolares (deportes, arte e novas tecnoloxías principalmente). O curso está dividido en dous semestres (setembro-xaneiro, febreiro-xuño) onde o alumnado cursa soamente 8 materias, que elixe en función dun sistema de créditos.

Os centros educativos teñen moita autonomía na oferta de materias e o deseño do curriculum.

–O valor da comunidade

Unha das principais funcións do centro é organizar actividades para a inclusión de toda a comunidade favorecendo o sentimento de pertenza a un colectivo. Os docentes adican tempo a preparar e impartir clases, correxir traballos, e a coordinarse (non realizan labores administrativos nin de mantemento). Pero unha das súas funcións máis importantes é a de contribuir ó benestar xeral do alumnado levando a cabo diferentes actividades extraescolares e comunitarias.

En conclusión, pódese afirmar que a sociedade canadense confía e se sente orgullosa do seu sistema educativo. O seus axentes activos, os profesores, son moi ben valorados, teñen unha intensa formación e séntense motivados. Á súa vez, os docentes confían moito nun alumnado que se atopa

feliz e cómodo nunha escola que impulsa valores como responsabilidade, compromiso, paciencia, respecto e colaboración, sen descoirdar unha alta esixencia de habilidades e coñecementos.

O grande esforzo que Canadá adica á mellora da educación, formación e investigación, levouno a ser un dos países do mundo en afrontar a crise actual dende unha posición de fortaleza, axudado por un sistema bancario sólido, un sector inmobiliario san e unhas bases económicas rexas.

“Nos centros de secundaria de Canadá hai uns 16 alumnos por aula”

En conclusión, Canadá non só se sente orgullosa do seu legado cultural e medioambiental, tamén dos seus habitantes, que vidos de todos os recantos do mundo, viven en harmonía neste gran, e frío, país.

David Barros
Departamento de Música





II Día da Ciencia en Galego

Videoconferencia de Ángel Carracedo sobre a investigación xenética e o seu uso na práctica policial

O 4 de novembro tivemos ocasión de seguir no Salón de Actos unha interesantísima videoconferencia de Ángel Carracedo, catedrático de medicina legal e director do Instituto de Medicina Legal e do Grupo de Medicina Xenómica da USC. O noso instituto foi un dos cen de toda Galicia que participou nesta actividade organizada con éxito pola Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, á que tamén pertence o Equipo do noso centro. Da coordinación da actividade no IES Ribeira do Louro ocupouse o profesor de Tecnoloxía Arturo Longa.

Ángel Carracedo é unha eminencia mundial no eido da xenética e da investigación forense e ademais, un apaixonado defensor da lingua galega. Unha alumna de 4º ESO, baixo a supervisión da profesora M^a Luisa Tenreiro, ofrece neste artigo un resumo da conferencia.

SARA SILVA /

A medicina forense utiliza a análise xenética para realizar probas de paternidade, estudo de mostras na escena do crime, análise de restos óseos, análise de restos de ADN non humano ou establecer bases de datos de ADN criminal. O equipo de Ángel Carracedo traballa con investigadores de todo o mundo e realiza traballos que son difíciles para outros laboratorios. Estudaron por exemplo casos nos atentados das Torres Xemelgas ou dos incendios ocorridos en Galicia nos últimos anos, e teñen tamén analizado pacientes con determinadas enfermidades para obter in-

formación sobre elas.

A xenética forense fai fincapé na utilización dos intróns (partes de ADN non codificadas) nas que os distintos individuos posúen diferentes haplotipos, e traballa con cantidades mínimas de ADN chamadas SNP. Analizando o número de repeticións e a súa variabilidade nos SNP, pódense establecer cunha probabilidade de máis do 90% paternidades, indentificación de criminais, etc., baseándose na herdanza destas repeticións de xeito mendeliano.

As técnicas empregadas son as seguintes: extracción de ADN, ampliación mediante PRC, separación de microsátélites, aplicación de paquete estadístico xa que os resultados sempre serán en ter-

mos de probabilidade. Como non sempre se dispón de ADN nas mostras, ás veces úsase o ADN mitocondrial, moi útil para a análise de pelos que non teñen núcleo, que aparecen moitas veces na escena do crime. Como o ADN mitocondrial se herda da nai, comparando con descendentes por liña materna, puideron identificar a familia dos Romanov, e identificar restos de persoas desaparecidas.

A secuenciación do cromosoma Y permite resolver casos de violación, xa que toda a información que se obtén del pertence ao violador; ademais, aínda que non

haxa moito seme pódense obter mostras de líquido seminal.

Os SNP, nos que se analizan cambios nunha base nitrogenada, permiten manipular o ADN moi deteriorado como no caso das Torres Xemelgas, nos tsunamis, incendio..., chegándose a obter datos que permiten identificar a orixe xeográfica, a complexión, a cor dos ollos, da pel, etc., o que permite cunha alta probabilidade acoutar o número de sospeitosos, facilitando o labor policial.



Momento da videoconferencia no Salón de Actos do científico Ángel Carracedo

O IES Ribeira do Louro participa no Correlingua

Dende hai anos o noso Instituto non falta á cita con este evento de apoio á lingua galega

SARA BASTOS / PAULA E. FLORES

O xoves 10 de maio os rapaces de 1º de ESO, acompañados de tres profesoras, acudimos ao *Correlingua* en Vigo. O autobús deixounos na praza do Rei, diante do Concello. Alí xuntámonos cos demais institutos e colexios participantes. O alcalde, Abel Caballero deunos a benvida e tamén dixo que sempre debemos sentirnos orgullosos de ser galegos e falar a nosa lingua.

Despois iniciamos a marcha cara ao parque de Castrelos. Durante a andaina pasámolo xenial porque atopamos amigos doutro centro e coñecemos a moita xente nova.

Cando chegamos a Castrelos estaba tocando un grupo de música galega e a continuación houbo varias actuacións de colexios e institutos. Mentres, nós tiramos fotos, xogamos e, os que quixeron, comeran mazás.

Aínda que estabamos algo cansos polo moito andar e a calor que ía, foi unha actividade bonita e divertida para convidarnos a FALAR GALEGO.

Dúas imaxes do Correlingua deste ano: na praza do Rei (abaixo) e en Castrelos (foto superior)



Os estudantes de 2º de Bacharelato visitan a Facultade de Química

Dúas alumnas explican con certas doses de humor esta interesantísima visita



Estudiante manexando un alcoholímetro, baixo a supervisión da profesora



Alumnos contemplando un "xardín químico" na Universidade de Vigo

SOFÍA LORENZO / MARTA VIÉITEZ

LUGAR: Universidade de Vigo. Facultade de Química.
HORA: 10:00 a 13:00
MISIÓN: Descubrir qué clase de trasnadas fan nesas instalacións.

Alí, no campus de Vigo, fronte a un sobrio e elegante edificio, atopábase a clase de 2º Bacharelato A do IES Ribeira do Louro coa intención de solicitar información sobre a carreira de química. Cando penetramos nas instalacións vímonos mergullados nun variopinto mar poboado polas máis diversas especies.

Dúas profesoras agardábanos para nos dar instrucións. Debiamos acudir a unha charla sobre "A Química" que nos sería de gran utilidade para levar a cabo a nosa misión nos laboratorios.

Ao mesmo tempo explicáronos o porqué da presenza dos teledirixidos de peixes e crustáceos

suspendidos do teito á entrada do edificio e é que, no mesmo edificio, atopábanse as facultades de Bioloxía e Ciencias do Mar.

Dirixímonos á aula de conferencias. Durante o camiño non perdemos miudallo. O medo comezaba a apoderarse de nós, perante a incerteza de que dun momento a outro estoupase unha porta debido a unha mala reacción producida polos químicos en prácticas.

A conferencia forneceunos información máis que suficiente sobre a carreira de química e o seu respectivo campus. Cando xa nos sentimos preparados, dirixímonos aos laboratorios, parte fundamental da visita; alí por fin puidémos nos sentir químicos grazas á indumentaria (batas brancas e lentes de seguridade) que nos proporcionaron.

Para saciar a nosa curiosidade química, as guías que nos acompañaban ensináronnos as cousas

que podíamos chegar a facer se escollésemos esa carreira.

Facendo honra ao dito popular "Se é química, cheira", levamos a cabo unha reacción que case provoca o desaloxo e intoxicación dos alumnos, mediante a deshidratación do azucre en carbono por medio de ácido sulfúrico concentrado.

Para celebrar a nosa iniciación no mundo da química mediante a oxidación de etanol con permanganato potásico, obtivemos pequenos, pero millóns de fogos artificiais.

Observamos como o peróxido de hidróxeno (auga osixenada concentrada) se descompuña como un monstro amarelado sen control, ao engadir un catalizador, e descubrimos como funciona un alcoholímetro ou a belísima coloración das nanopartículas ao iluminalas con luz UV.

Cansos destas novas experiencias, as guías decidiron obsequiar nos cunha merenda moi nutritiva: "galletas anticrise", que era unha degustación de fumegantes galletas bañadas en nitróxeno líquido.

Cando pensabamos que nada máis nos sorprendería, as científicas guindaron o nitróxeno líquido a -196°C , formando sobre os nosos pés un frío río que se evaporou instantaneamente.


As químicas, arriscando as súas vidas, deixaron o laboratorio nas nosas mans, permitíndonos deste xeito probar as nosas habelencias.

Conseguimos, grazas aos nosos amplos coñecementos, que un lí-


quido incoloro conseguise pórse azul e incoloro de forma intermitente. Finalmente construímos un "xardín químico" con sales de distintas tonalidades.

O tempo da nosa visita expirou, obrigándonos a voltar á nosa base de operacións (o instituto) para poder redactar os nosos informes sobre a experiencia.

Esta misión resultou ser: "UN PEQUENO PASO PARA OS ESTUDANTES QUE SOMOS E UN GRAN PASO PARA OS CIENTÍFICOS QUE PODEMOS CHEGAR A SER".




Flor de sodio



O sodio estoupa na auga. Foi o que aconteceu no naufragio do Casón



Á esquerda, as dúas autoras do artigo, xunto cos seus compañeiros



Estudiantes do IES Ribeira do Louro, Abraidos diante dun xardín químico



Ar líquido



Estudiantes coas luvas e lentes de seguridade



Nitróxeno líquido a -196°C



Oxidación de etanol con permanganato




A folla vólvese fráxil no nitróxeno líquido




Galletas con nitróxeno líquido



Degustando as galletas "anticrise"




Descomposición catalización de peróxido de hidróxeno



O sulfúrico concentrado deshidrata o azucre. Á dereita, a nosa profesora Rosario Lucas



Reacción endotérmica



Nanopartículas iluminadas con luz UV



Alumnos no laboratorio

Biblioribeira 2011-2012, un mundo de posibilidades



De pista a pista nas
Letras galegas



Apadriñamento lector no CEIP Antonio Palacios



Amadriñamento lector de antigas
alumnas do CPI A Ribeira



Entrega de premios do concurso
"Adiviña quen é", en colaboración
co IES Taboada Chivite



Tendal das prendas literarias na Semana do libro



Escenario para a lectura
continuada da Semana do libro




Visita do club de lectura á
Fundación Neira Vilas



Actividade de formación e usuarios




Conto ilustrado enviado á bi-
blioteca do Bubisher (Smara)



Entrada no blog das
Biliorrecomendacións



Recomendacións lectoras para o Nadal



Inicio do relato conxunto co IES Pino Manso (Segue na p. 51)



Contacontos Inglés-Galego

CARLA BALADO /

O 10 de xaneiro visitounos un contacontos inglés-galego. A min o relato que máis me gustou foi o que se titulaba "O rei Arturo". Narra unha historia moi coñecida en Gran Bretaña. Conta que un día o rei Arturo saíu ao bosque cos demais cabaleiros, mirou a un cervo e púxose a correr e a correr detrás del. Ao chegar á zona máis iluminada do bosque, o cervo parouse, virouse e converteuse en cabaleiro. Achegouse ao monarca e retouno a unha batalla. O rei Arturo respondeu que non tiña a espada. O cabaleiro entón díxolle que non o ía matar pero cunha condición, que pescudase e soubese responder a esta pregunta: "Qué é o que queren as mulleres por enriba de todo?" Tiña un ano e cinco días para facelo. Se de alí a un ano e cinco días non tiña a resposta, había matar.

O rei voltou ao castelo e contoulle aos demais cabaleiros o que lle pasara. Así que marcharon á procura dunha resposta. Fóronlle preguntando á xente e con todas as respostas que lles daban fixeron unha lista.

Pasou un ano e cinco días e o rei Arturo e os demais compañeiros foron ao bosque para enumerarlle as respostas ao cabaleiro.

Mentres ían polo camiño, nunha encrucillada, atoparon unha muller moi fea que lle preguntou a onde ían e eles contáronlle a historia. Inesperadamente, ela explicoulles que sabía a resposta desa pregunta, pero só llela diría se algún dos cabaleiros casaba con ela. Foi entón cando un cabaleiro chamado Galván ofreceuse voluntario para unirse en matrimonio a ela. Despois diso, foron todos onda o cabaleiro e déronlle a lista das respostas pero el afirmou que ningunha era correcta. Decontado, falou a muller feísima e deulle a resposta idónea: "O que as mulleres desexan é decidir sobre o seu propio destino", de xeito que o rei Arturo salvou a vida.

Como prometera, Galván casou coa muller nada agradecida fisicamente e, na noite de vodas, ela deitouse na cama e díxolle que lle quería dar un bico. Galván deitouse con ela, pechou os ollos e bicáronse. Nese intre a muller preguntoulle se quería que estivese fermosa de día e fea de noite, ou ao revés, ao que Galván respondeu que era decisión dela. De súpeto, cando abriu os ollos, viu a muller máis fermosa que endemais ollara.



Imaxe no Salón de Actos na que se ve o monologuista en lingua inglesa e a súa tradutora ao galego (que, por certo, nos sorprendeu a todos cando interpretou cunha voz belidísima, un canto indíxena americano). O acto foi organizado polo Departamento de Inglés



Na fotografía de arriba podemos ver unha imaxe da actuación d'A tropa de trapo. Na de abaixo, os dous compañeiros do grupo coa xornalista de Órbita

ÁNGELA PALACIOS /

No mércores 25 de xaneiro, os alumnos e alumnas de 1º e 2º da ESO escoitamos tres fantásticas historias d' A tropa de trapo, relatadas por Marta e Brais, dous estupendos contacontos.

Leila e Salím

O primeiro conto trataba dunha moza que se chamaba

Leila. Ela facía historias que logo o seu namorado Salím ía contar na praza acompañado da súa guitarra. A guerra chegou e Salím tivo que ir loitar, pero antes díxolle a Leila que o esperase. A rapaza aceptou pero díxolle que si non volvía en dous anos ela iría buscalo.

Leila que sempre cumpría as súas promesas, agardouno ata o día en que se cumprían dous anos. Leila cortou o pelo, vesti-

ase con roupas vellas de Salim e marchou a buscalo. Ela recordou que Salim, ao marchar, comezou a tocar a guitarra, facendo unha melodía de despedida. Leila buscábo desesesperadamente e en cada lugar ao que ía procuraba aquela melodía. Ao final Leila adentrouse no deserto e morreu.

Mohamed

Mohamed era un neno moi pobre, non tiña nin casa nin familia. Os días de mercado encantábanlle, porque con tanta xente era probable que se lle caese algo a alguén. Mohamed por moita fame que tivera, nunca roubaba. Un día de mercado Mohamed atopou un chusco de pan e unha pequena moeda, e ademais, de súpeto o nariz de Mohamed percibiu un cheiro delicioso. Guiado por ese recendo, Mohamed chegou ata unhas brasas nas que grandes anacos de carne se facían devagariño. Mohamed colleu un pauciño, trinchouno no seu chusco de pan e púxo nas brasas para ver se polo menos collía un pouco de cheiro da carne. Entón chegou un comerciante e berroulle: " Neno, ti cres que podes roubarme a min?". O neno, asustado, intentou explicarllo. Ao final foron onda a máis sabia da aldea e ela comprendeu o que pasaba: o comerciante quería que Mohamed lle pagara por cheirar a carne!

A sabia preguntoulle a Mohamed

se tiña diñeiro, Mohamed sacou a súa pequena moeda do peto e deulle. A sabia colleu a moeda, pasouna por debaixo do nariz do comerciante e díxolle: " O neno cheirou a túa carne e ti cheiras o seu diñeiro"

Ramón

Ramón era un pequeno neno de "Sandevito". O seu pai traballaba en Vigo. O pai de Ramón contáballe historias das máquinas que vía, barcos a vapor, cámaras... A Ramón o que máis lle fascinaba eran as cámaras. Ramón pedíalle sempre unha ao seu pai pero el non podía comprilla porque escasamente tiñan para comer. Nas festas Ramón coñeceu a Sabela; el pediulle saír a bailar pero Sabela prefería bailar con Antón. Ramón incomodouse de tal forma que se foi a Vigo e embarcou para o estranxeiro. Ao cabo duns anos Sabela casou con Antón, pero este caeu doente e morreu.

Outra vez volveron a celebrarse as festas e Sabela, viva e sen diñeiro, foise ás festas. Entón Ramón, que se convertera nun home moi adañeirado, achegouse a ela e díxolle: "Que Sabela? Morreche Antón? Queres bailar comigo?" E Sabela deixou lucir un sorriso e díxolle: "Non".

Os contos d' A tropa de trapo

CADERNO DUN LECTOR (V)

Maio 2011. “El silencio se mueve”, de Fernando Marías. Oportuno coñecer o autor para saber que nada do que se escribe é simplemente un exercicio de creación. A memoria xoga un papel tremendamente importante nas vidas das persoas. Valente na proposta.

Xuño 2011. “Crime e castigo”, de Fiodor Dostoievski. A praxe da relectura permite abrir canles tapiadas polas présas, obrigas, concrecións, utilitarismos ... Novela psicolóxica que se adianta e abre paso ás vangardas do século XX.

Xullo 2011. “A casa das belas adormentadas”, de Yasunari Kawabata. O trato coa xente nova fai evocar lembranzas de antigo, enchendo de paixón o que estaba a ser unha mera monotónia. Inspiradora de “Memorias de mis putas tristes”, de Gabriel García Márquez.

Agosto 2011. “Hijos de la medianoche”, de Salman Rushdie. Realismo máxico? Ciencia ficción? Puidera ser “Cien años de soledad”, na India? É a crónica dun enorme fracaso pero a dose de humor atenúa, e moito, a desesperanza que flúe polo fondo.

Setembro 2011. “Nada”, de Jane Teller. O impacto que recibín con esta obra non a sentía dende que lera “Señor das moscas”. É un libro que suscita polémica. Recibiu censuras e críticas demoledoras. Verse cara dentro provoca desacougo e é máis doado tirar polo camiño do medio: prohibir. O libro remata cunha mensaxe de posibilidade de futuro.

Outubro 2011: “Una vida auténticamente maravillosa”, de Enrique Vila-Matas. Esta obra na que reflexiona

sobre Marcel Duchamp, reconece a súa debida con este autor. Como sempre Vila-Matas pon en xogo esa dobre vertente de saber o que quere escribir e ser fiel ao lector que o segue. Atrévome a situar a este autor como unha das grandes figuras actuais do noso panorama literario.

Novembro 2011: “As ondas”, de Virginia Woolf. Coincido, con moitos estudosos, que esta autora, xunto con Joyce, Faulkner, Kafka e Proust, representan aos grandes autores que revolucionaron a novela na primeira metade do século XX. A nacemento das ilusións, a pegada que deixan os obxectivos non logrados e esa sensación de morte case irremediable, son os grandes trasuntos que, cun lirismo marxista e cunha técnica narrativa no emprego do monólogo interior, fan desta obra unha das máis sobranceiras que se teñen escrito.

Decembro 2011: “Drácula”, de Bram Stoker. Presenta entre outros temas: o papel da muller na época victoriana, a sexualidade, a inmigración, o colonialismo... O vampiro logra conquistar a morte, máis que a inmortalidade, posto que está condenado a vivir case como un espectro. Coa tendencia que amosa a mocidade a ler novela gótica, é gratificante deleitarse cunha obra que responda a esa estrutura, e co engadido de ser unha obra de calidade contrastada.

Xaneiro 2012: “Yo confieso”, de Jaime Cabré. Nesta novela pérdete con moito gusto, pero Cabré non te deixa escapar e guíate da man de novo cara á historia. Contén moitas histo-



rias que suman máis que o total de todas elas. Require acostumar-se á súa proposta narrativa; logo de facela túa, é un goce enorme.

Febreiro 2012: “Purga”, de Sofi Oksanen. A novela desvela unha trama de medo, humillación e supervivencia. É unha novela de múltiples lecturas e matices que, pola súa mestría, abráianos e sobrecolle.

Marzo 2012: “Diario de inverno”, de Paul Auster. Paul Auster en estado puro. Proposta orixinal. Achegamento inesperado. Acento en situacións inusuais. Hai un Auster que arrisca ao contar aspectos persoais e familiares que ispen e deixan sen protección estadios vitais. A nivel persoal, estraño máis literatura: curiosamente, un autor que enche de referencias literarias todas as súas obras, neste diario, que ten moito de aprendizaxe, é onde menos existen. É unha obra apaixonante.

Abril 2012: “Non me deixes nunca”, de Kazuo Ishiguro. O mesmo que me pasou ao ler “Nada”, viñéronme a memoria toda unha serie de exemplos de novelas distópicas: “O Quixote”, “1984”, “A revolta dos animais”, “El fugitivo”, “Los juegos del hambre”, “Fahrenheit 451”, “La carretera”, “A metamorfose”, “Un feliz

mundo novo”... Ishiguro, que xa sorprendera con “Los restos del día”, pon de relevo nesta obra a fragilidad do ser humano fronte a un mundo aparentemente feliz.

Maio 2012: Nesta última entrega falo de dúas obras. A primeira é “A miña planta de laranxa lima”, de José Mauro de Vasconcelos. É un libro moi recomendable por ser novela de aprendizaxe, ter á vez humor e traxedia, ser crible, e por estar escrito dun xeito tan directo que chega ao corazón.

A segunda é “Trilogía de la ocupación”, de Patrick Modiano. Por que me gustou esta obra? Por representar novidade a pesar de ser publicada hai corenta anos... Por gozar léndoo... Porque o máis grande aparece no último libro, co difícil que é rematar unha obra... Pola sorpresa que supón... Pola ironía que desprende... Polo seu realismo... Por non escatimar esforzos narrativos... Por render tributos solapados a grandísimos autores... Por ser un gran libro.

Xuño 2012: Caderno dun lector, entrega sexta: empezará en breve...

O Porriño, a 31 de Maio de 2012

Xulio César Abalde García

Erri de Luca: un quixote actual



Erri de Luca, escritor italiano

Acostúmase a presentar a De Luca coma o escritor-obreiro. Non obstante, baixo ese binomio agóchase unha traxectoria vital polifacética e excepcional, resumo, ademais, da historia europea da segunda metade do século XX.

Nado en 1950, nun Nápoles depaupado pola guerra e mandado pola VI flota americana, no seo dunha familia de clase media, aos dezoito anos abandona os estudos e marcha para Roma onde se inicia na loita revolucionaria dos anos sesenta e milita durante os “anos de chumbo” nun grupo de ex-

trema esquerda, *Lotta Continua*. Á súa disolución convértese nun obreiro fabril e comeza a traballar na FIAT ata que en 1980 é despedido xunto con outros 24.000 operarios. Participa con eles no que foi unha das últimas grandes folgas en Italia e a partir de entón comeza a traballar de albanel.

É durante ese anos de duro traballo físico cando Erri, para superar a súa adicción á televisión, descobre que a lectura, a escritura, o estudo son táboas de salvación contra a sensación de “ter desperdiçado inutilmente o día”. A eles adica todo o seu tempo libre e as escasas enerxías que lle quedan tralo traballo diario porque “esas lecturas daban consistencia ás horas de traballo que me esperaban. Para min, o estudo tiña un sentido físico, axudábame a vivir”. Comeza así a estudar hebreo, o que o converte nun singular coñecedor e tradutor agnóstico da Biblia, e a escribir e reescribir mil e unha historias que nunca pensou en publicar, ata que xa preto dos corenta anos e, polas ca-

sualidades da vida, o manuscrito de *Aquí no, agora, no*, chega ás mans dun editor que decide darlle unha oportunidade a esa novela.

Comeza así unha dilatada e fructífera traxectoria literaria que traspasa as fronteiras do seu propio país e cuxos títulos máis sobresalientes son, ademais da xa nomeada *Aquí no, agora, no, Tres caballos, Tú, mío, Montedidio* e que segue na actualidade con *Los peces no cierran los ojos*.

Todas as obras de Erri de Luca son tan concisas, tan austeras, tan breves que o lector non pode nin debe prescindir de ningunha das súas palabras. Redúcense só ao obrigado, ao necesario, eliminando adxectivos e nexos subordinantes. É a súa unha prosa seca pero intensa e poética. As súas novelas están constituídas por breves estampas a modo de capítulos, historias mínimas, que debemos ler coma verdadeiros poemas independentes, e que revelan unha forte influencia dos libros da Biblia.

A materia da que se fornecen estes

textos son as experiencias da infancia e a primeira adolescencia, ese momento no que, indefensos aínda, nos encontramos á vida e aos seus grandes desafíos: o amor, a inxustiza...

Os seus libros transpiran realidade, autenticidade. Nacen da propia historia do autor que considera que “inventar é un exceso de confianza”. Das cicatrices deses anos de crecemento nun Nápoles sórdido e miserento, xorden os seus libros e tamén a súa actitude de compromiso e rebeldía política que non abandona nunca e que o levou, xa consagrado como escritor, a participar como voluntario na guerra dos Balcáns conducindo camiións de axuda humanitaria baixo as bombas da OTAN. Un quixote dos nosos tempos que pensa que “os auténticos invencibéis non son os que gañan sempre senón os derrotados, os vencidos que sempre caen e volven a porse en pé”.

Dolores Méndez

Departamento de Lingua castelá



Os alumnos quedan encantados coa obra *Pelos na lingua*, posteriormente galardonada en Madrid co premio MAX á mellor obra en galego

SARAY LOSADA / ANTÍA CARRIDE

O venres 18 de novembro o alumnado de 4º ESO e 1º BACH. acudiu a unha representación teatral en Tui. A obra titulábase "Pelos na lingua". Foi representada polo grupo de teatro Talía Teatro e constaba só de tres actores. Estes cambiaban continuamente de personaxe para interpretar distintas escenas e mudaban de sitio os poucos obxectos que no escenario tiñan para dar novas formas e

crear diferentes ambientes cun novo decorado.

Esta representación mostraba que hoxe en día o galego segue a ter un papel secundario, e que algúns seguen asociando exclusivamente á fala dos máis maiores ou ás persoas que viven na aldea. A obra mostra que ser galego ou falar galego non é algo que se poida mostrar fisicamente. Non por vestires de marca ou vivires en cidade ou aldea, vas ter que decidir se falar o galego ou non. É un idioma

coma outro calquera, pero é o noso idioma. E somos libres de falalo onde e cando nós o creamos conveniente, sexa na casa, no traballo, na escola ou en calquera sitio, sexa cun amigo, cun familiar, cun xuíz, cun médico...

Tratase dunha obra moi divertida e graciosa, que utiliza o sarcasmo e mais o humor para facernos reflexionar sobre o uso do noso propio idioma. É unha peza moi recomendable para gozar, sentir e cavilar sobre a nosa cultura.



AITOR LAGO /

Dende o meu punto de vista as escenas eran moi divertidas e entretían moito ao público. A parte que máis me gustou foi aquela en que estaban facendo unha manifestación para que non se falase galego. Esta escena era moi graciosa porque se apreciaba que os participantes en realidade non sabían polo que estaban alí.

Outro intre da obra que me pareceu importante foi cando un home acudiu a unha clínica para que lle quitaran o galego e fixérono, pero despois intentou falar en inglés e non foi capaz de pronunciar algúns fonemas coma o palatal fricativo xordo que aparece na palabra Shakespeare. Isto serve para decatarse que saber galego pode facer máis doada a aprendizaxe doutros idiomas.

Houbo outras escenas que me pareceron absurdas pero que lamentablemente están tiradas da realidade:

Nun encontro de fútbol con nenos, o adestrador dun dos equipos estalle dando en galego as consignas aos seus xogadores e o pai dun deles ía facendo a tradución simultánea. Noutra parte da obra unha muller foi a unha carnicería e a muller que a atendeu non entendía o galego.

Un home preguntoulle a unha muller francesa como se dicía unha palabra en galego. A muller, falándolle en galego, díxolle que ela non o sabía pero que el tiña que sabelo porque era de Vigo.

O alumno e colaborador de Órbita Aitor Lago é cego e fixo esta crítica logo de acudir á representación



Aquí podemos ver a Toño Casais, Artur Trillo e María Ordóñez en distitos sketches nas que a cuestión lingüística xera situacións ridículas. O autor da obra *Pelos na lingua* é Avelino González

Os nosos estudantes asisten á representación de *Bodas de Sangre*, de García Lorca

CRISTIAN LORENZO SALGUEIRO /

O 20 de xaneiro de 2012, alumnos de 4º ESO e de 2º BACH. trasladáronse ao Teatro Salesianos en Vigo co gallo da representación de *Bodas de Sangre* (*Vodas de Sangre*), de Federico García Lorca. Esta obra xira ao redor dunha prevista voda de dous noivos, que desemboca en traxedia.

Por un banda, cómpre salientar a decisión do noivo por casar, que provoca na súa nai un malestar emocional debido á anterior relación amorosa da noiva cun membro da familia dos Félix, causante da morte de dous membros da familia do noivo.

Por outro lado, o amor

renacido da noiva polo seu antigo mozo, Leonardo, provoca nela a dúbida de volver con este ou de casar co seu noivo. Iso é o que motiva que, tralos festexos nupciais, a noiva e mais Leonardo fuxan para facer realidade o seu soño de estar xuntos.

Mais o noivo sae na súa procura por un bosque, onde os encontra, e alí enléase nunha loita con Leonardo, na cal falecen ambos os dous. A noiva, desolada polo suceso, visita a nai do noivo e pídelle que a mate, xa que non ten razón de vivir; con todo, esta, aínda que con ganas, é incapaz de facelo pola tristura que lle produce a perda do único que lle quedaba, o seu fillo.

Esta obra baséase nuns sucesos reais, acontecidos en 1928

en Níjar, Almería, onde aconteceron uns feitos semellantes aos da obra que escribiu o autor.

Con respecto a Federico García Lorca, o escritor da peza, foi un poeta, prosista e dramaturgo granadino do século XX, adscrito á Xeración do 27 e considerado un dos poetas de maior influencia e popularidade da literatura española do século XX, ademais dun dos dramaturgos mais sobranceiros no teatro español deste século, xunto con Valle-Inclán e Buero Vallejo. Entre as súas pezas teatrais, tamén é preciso citar dúas das traxedias máis importantes da súa produción: *Yerma* e *La Casa de Bernarda Alba*.

Na imaxe superior, o público asistente á representación de Bodas de Sangre; abaixo, unha imaxe da actuación



Diario literario, por Saray Losada

I

É tan estraño, tan estraño ... sentir esa "liberdade", esa capacidade de facer calquera cousa, calquera. Podería facer tantas cousas que non sabería por onde comezar. É unha sensación de baleiro, pero non un baleiro doloroso, é un baleiro que se ten que cubrir, que sabes como facelo e que desexas con todas as túas forzas facelo. Este día creo que comezou a miña adolescencia.

Durante tres meses dei renda solta a esa liberdade e disfrutei como nunca antes; poderíase dicir que toleei, que fixen miles e miles de loucuras. Se o home que eu pensaba que era para min para sempre, puido namorarse doutra ata tolear de amor "outra vez", só quero que imaxinen as loucuras que eu puiden cometer.

Chega un momento en que non hai máis nada por experimentar, onde xa un probou todo ou case todo. Chegados a este punto, sénteste libre de novo, pero dunha forma distinta. Sabes que podes voar, non sería a primeira vez, sabes que podes caer, pero así é como ti mesmo querías aprender. Pero xa non atopas ganas, propostas, desexos, novos plans... e é aí cando todo remata. E creo, e repito, creo, que aí é o comezo da madurez.

II

É certo, non esperaba que foses diferente, non era algo no que eu puxera esperanza, pero... pero tampouco imaxinaba que foses tan igual, tan semellante a todos os demais.

Sempre houbo quen me guiase, quen me dirixise, e eu iso odiábao. Cheguei a odialo tanto que decidín liberarme, decidín cambiar. Mudaron tanto as miñas ideas que apenas eu me recoñecía. Quixen desprenderme de todas aquelas persoas que me quixesen influenciar. Perdinme, pero fíxeno conscientemente. Fun eu quen desexi afastarme do camiño, buscar outro, cambiar de... cambiar de todo. Neste camiño que eu hoxe percorro, atopei a moitas persoas polas cales guiarme. E aquí descubrín que ninguén terá que dirixirme endexamais, que podo pedir consello, que podo buscar acougo, pero que as miñas ideas son miñas, que as opinións que eu teño serán sempre dignas de escoitar, que a mente que eu teño é distinta a todas as demais e que só é necesario bucar quen me escoite, aínda que o que diga non interese, quen me entenda, aínda que non comparta, quen me aconselle sempre que o necesite, quen me acougue sen llo ter que pedir, quen me coñeza como ninguén o fixo e quen me aprecie tal e como son. Grazas ás persoas que me mostraron isto, atopei sen buscar as mellores persoas que ata hoxe coñecín. Grazas, moitísimas grazas amigos.

III

Inspírame o inverno, inspírame o frío, a chuvia, a néboa, e moitísimo o vento. Encántame o son das rodas dos coches contra a estrada mollada.

Non é especial, non é un lugar húmido nin chuvioso, non é solleiro nin caluroso, non é unha cidade de película, é un sitio normal, con casas, edificios, supermercado, centro médico, escola, instituto, farmacia... Non ten cine nin grandes centros comerciais ou museo; tampouco, praia.

Poderíase dicir que son paliducha, non extremadamente branca, pero pálida. O meu cabelo é castaño, aínda que entre as miñas toleiras da adolescencia volveuse laranxa. Teños os ollos marróns verdosos e non son extremadamente delgada nin tampouco gorda.

IV

Como custa comprender, entender, que se desfíxeron todos os lazos. Como custa recoñecer que me quedei baleira, que o inverno é frío de verdade. Doe notar que ese frío existe; había xa tanto que non o sentía...

V

Non era divertido ver día tras día cambiar as tonalidades do ceo. Seguía a ser bonito, e seguía a inspirarme e ata a sorprendeme, pero non era algo que me entretivese día a día. O verán pasara xa a moita présa. No verán todo é diferente. Cambiou todo tan de súpeto, agora xa ninguén me posuía, ninguén. As cordas romperan e eu xa estaba moi lonxe para que me alcanzara. Desprendinme da miña faceta de marioneta, ninguén me dirixiría xa nunca máis. As miñas cordas colgaban arrastradas polo chan, humedecidas dos charcos que as tormentas ofrecían, noxentas por percorrer tantas rúas como quixen. Os días facíanse curtos e cada día anoitecía máis cedo. As noites comezaban a ser frías e moito máis escuras. As follas das árbores xa caeran, estaba a chegar o inverno. As cousas mudaban. Había xa tanto tempo que non sentía o frío do inverno. Sentía un baleiro

que me estaba a furar o estomago. A miña pel queixábase, os meus pés tamén, pero o peor de todo eran os ollos. Os meus ollos precisaban queixarse, pero eu non llelo permitía. Poderían irritarse, secar e ata fenderse, pero non non se humedecerían en publico endexamais.

VI

Outro día máis, outro día gris. O ceo amósase completamente branco. As árbores son cincentas; as estradas e as rúas, tristesiras. A melancolía é capaz de respirarse.

Tendencia á tristura. O frío faime débil. Cústame moverme. Os dedos non responden. Cústame agarrar calquera cousa. Creo que encollo. O inverno debilítame. Estou a caer, de xeito semellante a como o fai a chuvia, acompañada por tronos e lóstregos que me asustan canto máis preto estou do chan.

É sinxelo, xa sei o que preciso. Xa creo sabelo. Non sei como rematei así, ou quizais non queira recoñecelo. Non fun quen de desafiar ao destino. Puiden cambiar as cousas. Non teño forza de vontade. Non creo que a posúa axiña, mais agardo poder conseguila algún día, o día que todo cambie para mellor.

Esta a parar de chover, pero a treboada estreméceme aínda, aínda posúe algo de enerxía.

VII

Acabo de correr as cortinas, non me sinto capaz de nada. Intenta abrir a fiestra, por favor. Faino, faino xa, ou pecha a persiana o máis forte posible...

Preciso seguir adiante, pero..., a onde ir?

Hoxe atopei ollos aos que mirar, e todo se complica. Pero en certo modo era o que eu buscaba. Nada interesante ocorreu sen máis. Quería unha historia, quería algo difícil de conseguir, unha meta, algo que me satisfecese, ese obxectivo, ese propósito polo cal loitar, unha historia que intentar, que inventar, e como xa comezo a sentir a dor, podo dicir que isto acaba de comezar.

VIII

Non te amo, claro que non. As cousas ocorrerían de xeito moi diferente se o fíxese. Pero tampouco te odio, ocuparía moito do meu tempo.

Non foi amizade, tampouco foi un mes, nin dous, nin tres o tempo que pasamos xuntos. Quizais para ti non foi o que para min. Era algo diferente, era algo especial, foino, para min foino. Non cambiaría nada, nada do que aconteceu, acontece nin acontecerá. Non o cambiaría, non serviría de moito, pero aínda que sexa imposible aprender a actuar dunha maneira determinada, agora levamos unha base, unha nova etapa que vai acompañada dunha nova experiencia.

IX

Illamento, asedio, bloqueo, corte, incomunicación, interrupción, obstrución, retiro, separación, soidade. Cando non existen razóns para chorar, a soidade provoca que o fagas continuamente.

X

Chega só? É preciso esperar? Ou é desas cousas que non veñen así, pero que se as buscas...? Busco?

Mentres o tempo pasa, as ganas desaparecen, a ansiedade apodérase de min, o medo séntese na gorxa pedindo saír. Remorsos. Experiencia a base de erros. Minutos de agonía. Intensas ganas de saír correndo. A luz asústame, o ruído abúxame, o frío moléstame, as caricias que preciso non existen... Estou baleira.

Non te extrañes se namoro moi rápido de ti: estou completamente baleira e estoume a encher de ti.

(Segue na pág. 46)





Día das Letras Galegas

Unha tea de grandes dimensións decora a casa da cultura do Porriño

SARAY LOSADA /

Os alumnos do IES Ribeira do Louro volven, como cada ano, a debuxar e pintar uns murais enormes que despois son colgados na entrada da biblioteca municipal do Porriño. Aínda que con alguna dificultade, conseguimos convencer a profesora e voltar un ano máis con esta actividade tan custosa economicamente. Este ano as dificultades son evidentes posto que o nivel de crise que hai repercute nas nosas familias e en todos nós. Por esa razón a profesora quixo concienciarnos para facer esta actividade o máis barata posible co obxecto de que amosemos solidariedade e acheguemos o noso pequeno granciño de area. Esta é a razón pola que este ano

fixemos una soa tea e non puidemos cubrir toda a parte dianteira da casa da cultura. Agradecemoslle ao concello por darnos a oportunidade de seguir con esta actividade, malia a crise económica que estamos a sufrir. Trátase dunha actividade escolar única en Galicia e quizais tamén en España, que ademais resulta moi divertida e coa que amosamos os nosos dotes artísticos.



Mural deseñado polo Departamento de Plástica en homenaxe a Valentín Paz Andrade



Os alumnos aprendemos a traballar en equipo e utilizamos un sistema que xa se utilizaba na

Imaxes que corresponden a distintos momentos da confección do mural



Este ano foi Valentín Paz Andrade, un xurista, economista, político, empresario, poeta e xornalista galeguista, que escribiu ensaios literarios, históricos e económicos nos que se reflectiu a súa preocupación polo progreso de Galicia e a súa afán por defender a nosa cultura e lingua.

Os estudantes queremos agradecer ao concello do Porriño por facilitarnos a tea e facilitarnos un lugar onde poder realizar a pintura e mostrala, e sobre todo, darlle as grazas a profesora María Jose que é a creadora e a persoa que fai posible esta actividade ano tras ano. E agardemos que se poida seguir a realizar nos vindeiros anos, para que os demais alumnos que pasen por este instituto poidan gozar dela.

Idade Media para practicar os debuxos. O feito de que se faga fóra busca dar a coñecer o noso labor á cidadanía. Realízase dende hai xa quince anos e nela participan os alumnos de palstica da ESO e os de debuxo técnico de Bacharelato, que se desprazan ata o parque do Cristo. A tea, que ten varios metros de longo por catro de largo, está deseñada pola profesora de Debuxo Técnico e nela retrátase a persoa homenaxeada cada ano no Día das Letras Galegas.

XI (Vén da páxina anterior. Continuación do Diario literario)

Algo estraño supoñía, e só supoñía, que aquí remataba, xa nos seus brazos, isto que el buscara en todo este tempo. Tantos meses escribindo, tantas cartas, mensaxes, entradas, tantas conversas das que me escapulía con facilidade. Xa remataba o son de todas aquelas cancións que nos dedicabamos indirectamente durante horas, aquelas noites en vela só por falar con el, todas e cada unha daquelas miradas que nos regalabamos sen querer, cada un dos sorrisos que se nos escapaban ao compás das miradas, aquela forma lenta que el tiña de pestanexar e dirixir a súa mirada cara a min.

De súpeto caín, supoño que xa era hora. El estaba aí sempre, sempre que eu caía... E estivo en cada momento no que o precisei. Estábame a namorar con cada palabra, mensaxe, texto, mirada, sorriso. E todos o sabían, ata eu, se son sincera, pero por primeira vez non me importaba, gustábame caer nos seus xogos, gozaba das súas parvadas, os seus piropos, as súas formas de picarme para que se me notase todo o que sentía... Encantábame confundilo, coído que ata nun momento me estaba a gustar o seu sufrimento, necesitábao, botaba de menos que me demostrasen que de verdade existía iso, todo iso que dicía que el sentía.

E repito, caín, e por suposto el recolleume. Nos seus brazos chorei, demostrei todo aquilo que agochara durante os meses anteriores.. Míreino aos ollos e busquei as palabras correctas que nunca atopei, pero lembrei algo que el me dedicara nun dos seus textos: "O día que te decates do namorada que estás de min, colles o teléfono, deixas o orgullo onde queiras, e chámame, díme que conduza, corra, voe, que non importa como, pero que te vaia buscar. E cando colgues o telefono, corre a abrir a porta da túa casa, porque sempre vou estar á túa disposición..." Cada recordo facíame apertarlle máis cos meus brazos. El rodeábame cos seus, e sentados no asento traseiro do seu coche branco, na escuridade da noite nun pobo próximo, as árbores cinguíannos, o vento facíaas bailar, a lúa brillaba máis que nunca, e as miñas ganas de bicalo non deixaban de crecer... Collín a súa cara coas miñas mans, rocei a miña meixela dereita contra a súa, acariciei cada unha das súas pencas e lunares, observei cada imperfección na súa faciana e namoreime por completo, enchínme de amor. Todo, todo para el... E biqueino.

Así es la vida..., así soy yo

Hay veces que caemos al suelo,
coges, te levantas, lo intentas de nuevo.
Hay veces que soñamos agarrar el cielo,
y cuando casi lo consigues, tropiezas de nuevo.

Cuando tenemos calor, Sol;
cundo tenemos frío, Luna;
dejamos volar la imaginación
y nos inundamos en nuestra locura.

Y rompemos el acero,
el acero del miedo,
dejamos la mente en blanco
y vamos cogiendo vuelo.

Ironía, añoranza,
los valores y el perdón,
confusiones e ilusiones,
el dolor de un adiós.

Así es la vida,
con su peros y sus pros.
Así es el mundo,
y así soy yo.

Diego Gregores Rendo

Música da alma

Entrade,
pasade,
mirade
a casa de Breogán.

Ride,
correde,
chorade, porque agora
xa non tedes onde mirar.

Gafas de vidro
na táboa redonda,
anacos de vida
viaxando nas ondas.

Nas ondas da vida
que chora tamén,
non sabe a onde vai,
non sabe de onde vén

Quizais a túa dor
sexa un cuspe de Deus,
mañá terás boa sorte
como tiveron os meus.

Agora que miras
bágoas do ceo,
por que pensas que é por ti,
se ao ceo lle es alleo?

Diego Gregores Rendo

Tamén a chuvia, de Iciar Bollaín: unha película para ver e analizar

SARA DOMÍNGUEZ / A principios do primeiro trimestre, os alumnos de 1º de Bacharelato fomos ver unha película chamada “Tamén a chuvia”, da directora Iciar Bollaín. A película contaba que uns cineastas fan a Bolívia a rodar unha película sobre a conquista de América e deciden contratar indíxenas como actores, porque lles sae máis barato. Cando comeza a rodaxe, ocorre un problema coa auga e prodúcese unha loita entre os indíxenas e a xente que quere privatizarlles a auga, xa que aqueles non aceptan que teñan que pagar pola auga da chuvia. Pareceume moi emotiva porque houbo un momento no que o mundo de Cristovo Colón e a realidade se mesturan. Encantoume cando o indíxena lle di a Tosar: “A auga é vida, non o esquezas”, e ao final lle regala un frasco do preciado líquido, que en quechua se chama “yacu”. Dende estas páxinas recoméndámoches que vexas esta magnífica longametraxe e que logo intentes facer esta ficha de traballo que elaboraron os departamentos de Filosofía e Lingua Galega.



FICHA DE TRABALLO

Argumento: Na película uns cineastas van rodar unha longametraxe sobre a chegada dos españois a América, pero dende un punto de vista crítico.

1. Fíxate nas definicións e reflexiona sobre que termo se axeitara mellor ao que aconteceu no ano 1492:

a) Descuberta: coñecemento de algo que ata ese intre o ser humano ignoraba que existise.

b) Encontro: coincidencia nun mesmo lugar de dúas ou máis persoas, de xeito que poden coñecerse.

c) Conquista: 1. Logro obtido con esforzo, con habilidade ou vencendo dificultades. 2. Dominación dun territorio mediante operacións de guerra.

d) Invasión: Entrada nun lugar pola forza e ocupación do mesmo.

- Que termo coidas que prefiren usar as comunidades indíxenas americanas?

- Por que pensas que a moitas persoas en América o termo “descuberta” lles parece ofensivo?

- Cal é a palabra que máis tes oído, a que máis acotío aparecen nos libros de texto ou nos medios de comunicación en España? Poderíamos aplicar aquí a cita: “Os vencedores da guerra son os que escriben a historia”.

- Como se chaman as expresións atractivas ou neutrais que disfrazan feitos desagradables e que son moi usadas polos que detentan o poder para desorientar a poboación? Consideras que algunha das expresións anteriores se podería considerar así?

2. Realiza unha valoración persoal do conxunto dos seguintes textos:

A. “Eu, Cristovo Colombo, humilde servo do rei Fernando de Aragón e a raíña Isabel de Castela, no nome de Xesucristo, fillo do único Deus verdadeiro, tomo posesión destas terras e mares, e de todo o que conteñen. E con este acto proclamo a soberanía sobre estas terras e mares das súas maxestades” (12 de outubro de 1492, á súa chegada a Guanahani, no actual arquipélago das Bahamas. Es-

taba habitado polo pobo taíno. Colombo non respectou o nome do topónimo e rebautizouno co nome de San Salvador)

“Son tan inxenuos e xenerosos co que teñen que nunca negan nada. Calquera cousa que teñan, se lla pides, dancha, convidándote a compartila con eles. Aínda non dei conseguido comprobar se teñen propiedade privada. Con só 50 homes pódense reducir e obrigarlos a facer o que un queira. Na primeira illa que atopei, tomei a algúns pola forza. As súas altezas poderán ollar que lles darei tanto ouro como desexen en troques dun pouco de axuda. Ademais de especias e algodón, hai escravos, tantos como se soliciten. Toda a cristiandade debería estar leda e agradecer solemnemente á Santísima Trindade o feito de ter convertido a tantas almas á fe sagrada, así como dos innumerables beneficios materiais que esta nos reportará, xa que non só España senón toda a cristiandade gozará de solaz e proveito” (Extracto da primeira carta que enviou Cristovo Colombo -en italiano Cristoforo Colombo-, dende o Novo Mundo á coroa española -aproximadamente, marzo de 1493)

B. “A véspera da nosa volta a España, decepcionados por non ter atopado ouro, rodeamos os catro poboados situados preto do noso fondeadeiro e capturamos 1600 salvaxes, homes, mulleres e nenos grandes, e embarcámoslos nas nosas naos para os vender como escravos en España. Ao non contar con espazo suficiente nas nosas carabelas, informámoslles aos soldados do fortín que podían capturar tantos escravos como quixeran entre os indios que quedaban. Como a pequena ralea (refírese aos bebés) das mulleres, abandonada in situ, armaba un rebumbio horrible, tronzámoslles o cráneo; os outros nenos foron devorados polas bestas (...) Como pagamento dunha débeda de xogo, o propio Colombo ofreceume unha magnífica escrava caribe de 11 anos. Cando quixen exercer os meus dereitos sobre ela, comezou a berrar e resistíuseme. Tiven entón que disciplinala co meu látigo e forzala”. (Miguel de Cúneo, compañeiro de viaxe de Colombo durante a segunda expedición -outubro de 1495-. Narra a saída da illa de La Española, illa que contén na actualidade os estados de Haití e República Dominicana).

Segue na páx. 48)

Saberías engadir ao cadro algunha expresión máis que teñas oído nos medios de comunicación e substituíla por outra que axude a entender mellor a realidade?

Expresión que confunde á poboación

-Na actuación do noso exército producíronse algúns danos colaterais

-Hai que recapitalizar o sistema financeiro español

-Cómpre flexibilizar o mercado de traballo

-Ese partido político propuxo liberalizar o sector da sanidade

Expresión máis transparente:

-O noso exército matou a nenos, mulleres, anciáns e poboación civil.

-Temos que dar máis axudas públicas aos bancos privados españois

-Despedir traballadores ten que ser moi barato

-Ese partido político propuxo privatizar hospitais e centros de saúde





Cadea humana contra a violencia de xénero en Torneiros

O 25 de novembro, Día contra a violencia de xénero, levouse a cabo en Torneiros unha cadea humana en sinal de protesta pola violencia que sofren moitas mulleres. Participaron nela os seguintes centros: CEIP Antonio Palacios, CPI Ribeira, ACEESCA, IES Ribeira do Louro. Saímos a rúa ás 11 da mañá portando uns carteis co nome de cada unha das mulleres mortas no 2011, e enlazamos as nosas mans, simbolizando que todos xuntos podemos cambiar esta realidade social.



Distintas imaxes da espectacular cadea humana na que participaron os distintos centros educativos da parroquia de Torneiros, no Porriño, e na que se leron poemas relacionados co tema



(Vén da páxina anterior)

C. “Os indios están a extraer o ouro co que construímos as nosas cidades, mesmo as nosas igrexas, un ouro que serve para financiar as nosas conquistas en lugares remotos e fai xirar a inmensa roda do comercio. Vivides en pecado e nel morredes. Por que?, pola tiranía que usades contra esta xente inocente. Con que dereito tedes en tal cruel escravitude a estes indios que vivían pacificamente nas súas terras? Con que dereito os tedes así de oprimidos, así de exhaustos e de fementos. Están morrendo pola vosa culpa, ou mellor dito, matádelos”.
(Antonio Montesinos. 1511)

- Cal dos textos anteriores non aparece na película?

- Como se chama a figura de quen no filme se di o seguinte:

“Chegou ás Indias con só 18 anos para se facer cargo dunha “encomenda”, é dicir, dunha plantación con escravos indios ao ser cargo. Pero logo, traumatizado polos masacres que viu, adicou o resto da súa vida á causa dos indios. Nel influíu moito a figura de Antonio Montesinos, o que fora o primeiro que intercedeu polos in-

dios, a primeira voz da conciencia contra todo un Imperio. Fíxose dominico. Afirmou que os indios foran sacrificados por apetitos e intereses privados. Criticou os bispos corruptos, os comerciantes, os funcionarios do rei. O estado enteiro tññale xenreira. Estiveron a piques de asinalalo dúas veces e no seu leito de morte dixo: ‘Condeno a cegueira dos que ignoran o xenocidio e ditan as ordes do mundo’. Algúns considéranlo o pai do dereito internacional.

3. Cando chegaron os españois, pénsase que nas Antillas había unha poboación de 230000 individuos, dos cales a maioría eran taínos. Hoxe non queda practicamente ningún (algúns falan de que en Puerto Rico poderían ter sobrevivido ata hoxe unhas cincocentas persoas de orixe tainina) e a súa lingua e cultura desapareceron (algunhas palabras que hoxe usamos procedían desa lingua: piragua, furacán, hamaca). Mais, afortunadamente, noutros lugares como Bolivia conservamos aínda unha gran riqueza lingüística e cultural, xa que moitas comunidades lograron manter e defender as súas linguas propias. Cantas linguas se falan neste intre en Bo-

livia? Podes citar algunha?

Na película aparecen personaxes falando nunha das linguas orixinais e os actores amosan interese en coñecer como se din nela determinados conceptos: yacu “_____”, sulpayki “_____”, qanta munani “_____”, mikuna “_____”. **Dámosche unha pista: foi o idioma oficial do Imperio Inca e hoxe fálanlo uns 10 millóns de persoas nos estados de Bolivia, Perú e Ecuador. Como se chama esa lingua? Cal é o significado desas verbas que aparecen na película?**

4. Reflexiona. As protestas contra as privatizacións:

Argumento (continuación): Ademais da parte histórica de hai 500 anos, e en perfecto paralelismo con ela, como se se nos quixese dicir que a explotación dos máis febles, a poboación indíxena, se mantén na actualidade, a película “Tamén a chuvia” dá conta da chamada guerra da auga que aconteceu en Cochabamba, Bolivia, en abril de 2000.

Co argumento de que o goberno de Bolivia non tiña suficientes recursos para sostener un servizo de abastecemento de

augas, nese ano decidiuse privatizar ese servizo básico a unha empresa multinacional estranxeira. A medida supuña un aumento do 300% do prezo da auga e algo que era aínda máis grave: para que a empresa privada aumentase os beneficios, aprobouse unha lei que lle garantía o monopolio (é dicir, a venda e distribución en exclusiva do produto) polo que ás comunidades locais se lles prohibía coller auga dos pozos, ríos ou lagos para o seu autoabastecemento. Nin sequera a chuvia se podía recoller. A chuvia pasaba a ser tamén un ben privado (de aí o título da longametraxe). Iso foi o que orixinou unhas enormes manifestacións e protestas por parte da poboación civil.

- Segundo se reflicte na película, quen venceu nesta loita: o goberno e a empresa multinacional ou a poboación civil?

- O actual presidente de Bolivia, indíxena aimara, participou naquelas manifestacións. Sabes como se chama?

- Debate: consideras que todo é privatizable ou, polo contrario, coidas que existen determinados servizos que nunca deberían pasar a mans privadas?

Un acto con valor para o *Día Internacional do Dereitos Humanos*

O Departamento de Filosofía impulsa unha recollida de sinaturas no centro a prol dos dereitos humanos organizada por Amnistía Internacional

ALEJANDRA FERREIRA /

Para conmemorar o 10 de decembro, Día Internacional dos Dereitos Humanos, Amnistía Internacional celebrou un acto no IES Ribeira do Louro no que se reivindicaron os dereitos de persoas que, por loitaren polos dereitos humanos, foron encarcerados inxustamente. Este acto vense levando a cabo dende hai varios anos: moitos cidadáns en todo o mundo envían cartas ou correos a través de internet, para que dunha vez por todas, a xustiza sexa de verdade xustiza. Os alumnos que así o quixeron asinaron peticións para reclamar o seguinte:

-Que as miles de persoas recluídas nun campo de traballos forzados en Corea do Norte sexan liberadas, xa que viven en condicións inaceptables e o propio goberno daquel país se nega a admitir a existencia do campo.

-Que Halil Savda poida manifestar o seu apoio aos obxectos de conciencia en Turquía para non facer o servizo militar. Halil Savsa foi detido en moitas ocasións por manifestar libremente a súa opinión.

-Hanadi Zahlout, activista dos dereitos das mulleres, sexa posta en liberdade en Siria. Dende o 4 de agosto atópase recluída en réxime de incomunicación na capital siria, Damasco, e está moi exposta a sufrir tortura ou outros malos tratos.

O ano pasado coa loita de todos os participantes, Amnistía Internacional conseguiu a liberdade de Saber Ragoubi, Mao Hengfeng e Femi Peters, e grazas á información que se proporcionou aos medios guatemaltecos, axudaron a activista Norma Cruz que recibía ameazas.



Alumnos e profesores asinan na campaña organizada por Amnistía Internacional. Na fotografía superior esquerda, a profesora do Departamento de Filosofía, Virixinia Calviño, dá as últimas instrucións para que todo estea pronto



ALBA F. LOUREIRO /

O día 26 de abril tivo lugar no IES. Ribeira do Louro una videoconferencia con Rosa María Calaf, unha xornalista de TVE, na que nos falou da súa experiencia como correspondente de guerra.

A min persoalmente chamoume a atención cando foi perseguida el e varios compañeiros polos paramilitares indonesios, aínda que non querían matalos, senón intimidalos, e cando dixo que o seu amigo Julio Fuentes foi asasinado poucas semanas despois.

Rosa María di que que é importantísimo o papel dos periodistas aínda que é certo que ás veces

ocultan información xa que non interesa que o mundo coñeza verdadeiramente a causa dos problemas. Por exemplo, na República Democrática do Congo, a explotación a que está sendo sometida a poboación e a vilaoación dos seus dereitos, debido a que se trata dun territorio con enormes recursos naturais e moitas empresas occidentais queren facer negocio con eles.

“Os países non teñen amizades, senón intereses”: esta frase pode sintetizar o que ocorre na actualidade. A xornalista tamén di que dependendo do país que incumpra os dereitos humanos, actúase internacionalmente dunha

maneira ou doutra, tomando medidas de resposta ou virando a cabeza cara outro lado. Ten unha actitude crítica respecto das Nacións Unidas porque nela teñen demasiado poder as grandes potencias, que tamén actúan por intereses.

Fálanos dos nenos soldados e di que son as vítimas directas deses conflitos. Di que as mulleres nos procesos de paz teñen unha misión conciliadora, e de feito moitas veces é obrigatoria a súa presenza.

Rosa María anímanos a querer saber máis do que nos din, e que nas escolas se fale claramente da verdade. Aléntanos a que defen-

damos o ben público e no só o propio, e que loitemos por un mundo mellor.



Rosa María Calaf



Estudiantes de Bacharelato asisten en Madrid ao musical *O Rei León*



O Rei León, un dos musicais de máis éxito de Broadway que o noso alumnado puido ver



Alumnos e profesores diante da entrada do parque de atraccións Warner

REDACCIÓN /

No pasado mes de maio, os días 3, 4 e 5, os alumnos de bacharelato que cursamos a materia de Música, realizamos unha viaxe á Comunidade de Madrid. Aloxámonos na zona de Prosperidade, no Apartahotel Internacional.

O primeiro día, baixamos do metro na praza Colón e camiñamos polo paseo da Castellana ata a praza da Cibeles, onde cada-

mos coa celebración do Real Madrid, e tamén puidemos apreciar o Palacio de Comunicacions, que actualmente é a casa do concello de Madrid e o Círculo de Bellas Artes, obras de Antonio Palacios. Paseamos pola Gran Vía ata chegar ó Teatro Lope de Vega, no que gozamos do musical do Rei León. Finalmente voltamos ao hotel onde descansamos.

O segundo día, disfrutamos do Parque de atraccións da Warner

todo o día.

O derradeiro día, o autobús deixounos na praza de España onde atopamos unha feira artesanal. A continuación desprazámonos ata o Palacio Real, zona peonil ategada de xente, onde tamén estaba o Teatro Real. De seguido camiñamos polo Madrid dos Austrias ata a praza Maior. Alí ollamos unha manifestación a prol da legalización da marihuana e tamén participamos da festa que conmemoraba a expulsión dos franceses. Ese mesmo día provei-

tamos e fomos de compras. Quixemos rematar a nosa visita no Parque do Retiro pero desafortunadamente comezou a chover, deixándonos un sabor agriado de nosa visita a Madrid. Foi unha excursión inesquecible da que disfrutamos moito malia as condicións meteorolóxicas.

Os alumnos estamos moi agraecidos ao noso mestre de música David, e a Meri, por brindarnos a oportunidade de participar desta experiencia.

Os alumnos de Comercio Internacional visitan Malta

Malta é o país máis pequeno da Unión Europea, tanto en superficie como en habitantes, e ten como idiomas oficiais o inglés e o maltés, que é unha lingua de orixe árabe con moitas influencias doutros idiomas, especialmente do italiano. Ofrecemos aquí este álbum de fotos que nos enviou a alumna Carmen M^a Pérez



Os estudantes da educación de adultos visitan lugares emblemáticos de Padrón, Santiago e Silleda

Nestas catro fotografías podemos ver os lugares visitados por alumnos e profesores do Nivel II e mais 1º, 2º e 4ºESA. De arriba a abaixo e de esquerda a dereita: ponte preto do mosteiro de Carboeiro, entrada da casa-museo de Rosalía de Castro, ferverza do río Toxa e praza do Obradoiro.



2º ESO no Parlamento, a Cidade da Cultura e a catedral

EVA GONZÁLEZ / O día 31 de maio os alumnos de 2º ESO fomos de excursión a Santiago de Compostela. Primeiro visitamos a Cidade da Cultura (V. foto inferior esquerda), deseñada polo arquitecto Peter Eisenman. Á hora de xantar

dirixímonos ao parque da alameda, pero antes estivemos vendo o Parlamento (V. foto da dereita) e as súas instalacións. Pola tarde visitamos a catedral de Santiago por dentro e despois camiñamos polos seus tellados de pedra.




Actividades do Equipo de Biblioteca (Continuación. Vén da páxina 41)



24 de outubro, Día das bibliotecas escolares



Lendo a Rosalía na Biblioteca municipal



Exposición: "Dereitos humanos e literatura"



Obradoiro de Kamishibai



Voo a Bos Aires

Unha alumna de Comercio Internacional cóntanos a súa experiencia como azafata, e lémbra-nos o seu primeiro voo ao continente americano e os malentendidos iniciais pola falta de dominio da variedade dialectal do castelán falada en Arxentina

YOLANDA INSUNZA/

Sucedeu no ano 2000. Con 21 anos apuntábame a un curso de azafata de voo. A finais de ano xa acudira a varias entrevistas de traballo e elixía, recalco, elixía cal sería a primeira compañía aérea na miña nova andaina profesional. Naquel entón o que non faltaba era traballo, e menos en aviación. Entrevistas eternas, cribas, natación, e unha morea de cursos ou *training courses*, como se chama aos cursos que te forman para traballar nos avións da empresa que te escolleu a ti e a outros 15 entre 380 persoas..., case unha lotería.

Despois do curso de tres semanas e catro mil novos termos na cabeza, recibo a miña “programación” de xaneiro do 2001, ou sexa, os meus voos para o mes seguinte; a miña sorpresa foi ver un voo transoceánico... a Bos Aires!!!! (ademais duns cantos voos máis), hora de despegamento ás 14.30, e aterraxe..., 13 horas despois en Ezeiza, aeroporto internacional de Bos Aires capital. Increíble, tiven que ir correndo ao mapa para ver onde estaba esa cidade e que ceos ía sacar.

Que nervios...! A maleta xigante... Que tempo vai alí? Mmm, calor..., así que roupa de verán. Que raro todo, deixaría Madrid con 2 graos e neve para en 13 horas estar a 28 graos noutra continente. Non o podía crer.

A xornada empeza unha hora e media antes do despegamento do voo, así que ás 13 horas hai que estar na oficina da compañía no aeroporto para o seguinte: asinar na folia do voo, coñecer o resto da tripulación (o comandante, o copiloto), repasar o servizo a bordo que se dará durante o voo e con que frecuencia, recibir información do tempo estimado para o voo, se haberá ou non turbulencias, en que momento as haberá; tamén nos dan a *passenger information list* ou *PIL*, na que se repasa polo miúdo o tipo de pasaxe que levaremos a bordo, se hai nenos sós, persoas con discapacidade, cegos etc. Tamén comentamos as comidas especiais (vexetarianas, xudías, ovolácteas, diabéticas) e en que asentos hai que dalas; e por último, o máis importante, repasamos os procedementos en caso dunha emer-

xencia a bordo, que fariamos dependendo do noso posto, se tivesemos un lume a bordo, ou parada dun motor, ou un desmaio, ou como procederíamos en caso de evacuación, por que porta, o material que usamos e como.

Despois do *Briefing* inicial, collemos un autobús que nos leva da oficina ao avión. Nesta ocasión os voos transoceánicos regulares adoitan estar en *finger*, o que significa que a pasaxe embarca directamente da terminal ao avión por medio dunha pasarela, e unha curiosidade, a pasarela adóitase pór na porta 2L ou sexa 2 esquerda porque ao entrar os pasaxeiros de Business van á esquerda e turista á dereita, así se evitan molestias nos corredores de primeira clase.

Lémbrovos que era o meu primeiro voo *long haul* (longa distancia). Nin idea de nada, perdídsima nun avión con 263 pasaxeiros con catro mil maletas cada un, varios nenos chorando, berrando, teléfonos soando, tres persoas preguntándome onde está o asento 27B ou o 32F á vez, e o peor: non entendía a metade das cousas. Entre os nervios, o acento e o rápido que me falaban eu só podía sorrir e dicir: “Si, un momentito”, “Non, outro momentito”, “Claro, dous momentitos”....

Cando a pasaxe está sentada e acomodada, despois da benvida e o vídeo coas instrucións de seguridade, sentámonos e despegamos (case sempre hai algún espontáneo que se cambia de sitio cando debería estar sentadiño e co cinto abrochado, pero qué se lle vai facer).

Ese día 11 erguinme ás 10.30 da mañá, fixen a maleta, maqui-me, púxenme o uniforme e conducín até chegar ao traballo.

O despegamento foi ben, sen novidades. Unha vez en voo, comeza o traballo de verdade. Dar auriculares aos pasaxeiros para que poidan utilizar os seus PSU *passenger service unit*, ou sexa, a música e televisión individual, cousa que parece fácil pero non o é; somos 4 azafatas para 263 repartindo auriculares e revista de venda a bordo; cando levamos dez filas empezan a soar timbres e a acenderse luces. Non ocorre nada. Nas primeiras 4 horas de voo o pasaxeiro familiarízase cos 3 botóns que hai no reposabra-



zos, polo que tocará aproximadamente 75 veces o mesmo botón “por erro” ata decatarse de que ese botón *Señor/Señora* é para *chamar á azafata*, por iso está o debuxiño dunha señorita ao lado. É a nosa obriga acudir a esas chamadas e apagar as luces, polo que nas primeiras horas creo que fun 20 veces ao mesmo asento a apagar a luz e o timbre.

Cando rematamos de dar os auriculares a todo o avión, soan timbres pero por outras causas, “Señorita, estes audífonos non funcionan”. Ninguén me falou da xerga arxentina, pero neste voo descubrí un novo mundo en torno á linguaxe. Tamén comprobé como algunha veterana ao ser informada do non funcionamento dalgunha pantalla, contestou con moita profesionalidade: “Si señor, agora saco o gadcheto-brazo e arránxolle a televisión e o coche se fai falta...” Claro, a miña cara ao ouvir iso e a do pasaxeiro, un poema, aínda que non puideron evitar sorrir.

Unha anécdota sucedeu a outra, empezando pola demostración de emerxencia na que ao ser nova, sufrín varias novatadas, como un cartel pegado ás miñas costas no que se lía: “Son nova, por favor aplaudan”, polo que recibín un agarimoso aplauso cando me ía moi digna ao meu asento, e as seguintes foron meteduras de pata pola miña ignorancia pura e dura. No medio da voráxine do servizo principal ás 4 horas de voo, no carro de servizo que eu levaba faltaban produtos, así que chamei a unha compañeira de nome Concepción, que estaba no outro corredor: “Conchaaa, Conchaaaa...! Os pasaxeiros mirábanme; Concepción, toda rubia, xesticulando para que calara. Eu non entendía nada. Amablemente unha pasaxeira explicoume que “Concha” en Arxentina é o nome dado ao órgano feminino sexual. Púxenme tan vermella e a xente ría tanto que tiven que ir ao baño

10 minutos.

Ao volver, o servizo de comidas estaba dado e estaban a recoller as bandexas, así que me unín ao resto para axudar. E recollín, vaia se recollín... Recollín tanto que lle pedín a un pasaxeiro que “me collese un momento, se facía favor” (referíame á bandexa), ao que o señor res-

pondeu: “As veces que queiras!”. Dinlle as grazas, porque me pareceu amable, pero non, non fora amable, a miña compañeira díxome que “coller” en arxentino significa “copular”; agora xa entendía por que o señor estivera tan disposto a “collerme” cando eu llo pedía cun sorriso na cara e por favor ..., e non tiña nada que ver con bandexas.

Pasaban as horas e xa sobrevoabamos o océano. Metera a pata varias veces pero non as suficientes. Nestes voos tan longos os baños son moi utilizados durante todo o voo. Acotío están ocupados a maior parte do tempo, polo que a xente fai cola no corredor esperando a que queden libres. Pois ben, as azafatas tamén imos ao baño e esperamos a nosa quenda, e nesta espera os pasaxeiros adoitan establecer conversa e preguntarnos cousas sobre o voo ou as nosas viaxes. O pasaxeiro que falou comigo na cola do baño dirixiuse a min para preguntarme algo que francamente non entendín. Só sei que, cando me virei de costas, braceaba, xesticulaba e facía espaventos berrando: “Che, boluda, pelotuda, vos tenés que regalarme una cobija...” E non sei qué máis rematado en *-uda* e en *-ija*, porque eu despois de 7 horas de voo e curso acelerado de arxentino aínda seguía verde no idioma.

E seguí verde todo o traxecto, mesmo despois de varios días alí e pasándome de todo no voo de ida, repetía as palabras tabú, sen querer, unha e outra vez. Pasaría tempo ata que un día volví a Arxentina e xa me sentía como na casa.

Dez anos despois, tras máis de 15 voos a Bos Aires e miles de horas de voo (900 anuais) ao redor do mundo, entendín por que din que viaxar enriquece.

Feliz voo a tod@s!

“Nun deportista é moi importante a alimentación, a hidratación e o descanso”

Entrevistamos a Jonathan Vila, xogador do Celta de Vigo e antigo alumno do IES Ribeira do Louro

NEREA ESTÉVEZ /

Podes facer un repaso da túa vida profesional?

Comecei no Porriño Industrial na categoría de pre-benxamín con 8 anos e aí estiven ata cadetes na división de honra. Despois recibín a chamada do Celta no verán e non o pensei dúas veces.

Que sentiches cando te chamaron do Celta?

Pois imaxina... Que un equipo como o Celta te chame porque quere facerse cos teus servizos e contar contigo foi unha ledicia inmensa, tanto para min coma para meus pais. Foi un dos días máis felices da miña vida.

Que lembranzas gardas do que foi o teu instituto?

O certo é que moitas: pequenas batallas, alegrías, moitos compañeiros, profesores mesmo que aínda atopo e cos que manteño boa relación... A verdade é que en parte foi unha pena non seguir estudando. Por iso dende aquí gustárame dicirlles a todos os rapaces do IES Ribeira do Louro que aproveiten o tempo, que estuden e completen a súa formación.

Para ti foi doado compaxinar os estudos co deporte?

Si, o que tes é que tratar de separar unha cousa da outra. Tes que saber que cando estás co deporte hai que centrarse niso; e cando estás cos estudos, o mesmo; hai tempo para todo. Se te sabes organizar ben, podes triunfar nun ámbito e no outro.

E que tal se concilia o fútbol coa familia?



Bastante ben: como adestramos case sempre pola mañá, temos a maioría das tardes libres para adicarllelas á familia e aos amigos.

Hai algún adestrador que te marcasse especialmente ou do que aprenderas moito?

Todos, en xeral. De todos se aprende. Sempre tratas de sacar o máis positivo de cada un, e iso é o que te fai crecer e ser mellor. Tes que prestar moita atención a cada un e polo tanto non destacaría a ningún senón a todos, xa que se non fose por eles non estaría aquí. O místico actual o ano pasado axudoume a adaptarme ao posto de central e estou moi contento.

Foi moi complicado facelo?

Ao principio sempre custa un pouco, pero eu xa era mediocentro defensivo e pasar a ser central só foi retrasar un pouco máis a posición. Hai pequenos aspectos que poden custar un pouquiño máis, pero a medida que adestras vas mellorándoos.

Cal é a xornada típica dun xogador profesional?

Erguémonos, almorzamos e, como no noso caso adestramos sempre ás 10:30, temos que estar 5 ou 10 minutos antes aquí, ou mesmo máis cedo para ir ao ximnasio e potenciar algunha parte do corpo que necesitemos e para facer estiramientos. Logo saímos a adestrar sobre unha hora e media ou dúas e, ao rematar, se quere, podemos quedar outra vez no ximnasio estirando ou mellorando o que non teñamos ben como pode ser controlar unha lesión. Despois imos para casa a xantar e, sobre todo, descansar. Nun deportista é moi importante a alimentación, a hidratación e o descanso.

Que facedes acotío durante as concentracións do equipo?

De todo un pouco: cando non nos toca charla co adestrador ou vídeo, tratamos de pasar o tempo o mellor posible e estar bastante



Jonathan Vila nunha foto para Órbita no mes de xaneiro

tempo xuntos xogando ás cartas ou á PSP, e se non, descansamos.

Tedes algún berro característico ou facedes algo normalmente antes de comezar un encontro?

Si, adoitamos reunirmos todos xuntos no medio do vestiario para facer un cántico de motivación antes de saír ao campo e animarnos.

En que pensas ou como te sentes antes de saltar ao terreo de xogo?

Pois a verdade é que intentas librarte de todo un pouco e ter a mente en branco ou relaxarte. Ás veces tamén pensas en pequenos aspectos que poden vir durante o partido, en como compaxinarte co compañeiro, ou nalgunhas xogadas.

Como é a relación con Paco Herrera?

Boa, normal, cordial, de xogador a adestrador e de adestrador a xogador, como con calquera outro. A verdade é que é un moi bo místico e do que trato cada día de aprender.

Con que xogador do equipo tes máis relación?

Con todos en xeral, non quito a ninguén porque me levo fenomenal con todos. Quizais con quen máis me reúno é coa xente galega, como Iago Aspas, Yoel, Hugo Mallo, Álex López...

Dos compañeiros que marcharon esta tempada, cal botas máis de menos?

A Dani Abalo, un dos últimos que marchou, ímolo botar moito de falta. Ogallá lle valla moi ben en Tarragona; seguro que lle vai saír todo moi ben e esperemos que triunfe.

Ti antes fixábaste en Oubiña, pensas que agora os rapaces da canteira se fixan en ti?

Non o sei, ogallá fose así, para min sería unha alegría inmensa. O importante é que saiban que con traballo e esforzo poden estar aquí arriba connosco en calquera momento.

Coidas que o feito de que haxa tantos canteiráns no primeiro equipo dálles ilusións aos máis pequenos?

Claro que si, para min este é un club de canteira e con moitos xogadores das categorías inferiores. Penso que eles teñen que fixarse niso e deben saber que con dedicación poden recibir en calquera momento a chamada do místico.

Cales son as bandas salariais dun xogador profesional?

É moi difícil responder porque as diferenzas entre uns e outros poden ser enormes. Hai uns topos altísimos como poden ser os de Messi e Cristiano, e despois estamos moitísimos xogadores “normais” que cobramos dependendo do acordo co que cheguemos co club.

Que significa para ti o Celta ou levar a camiseta posta?

Imaxínate, é un soño dende pequeno. Para min poder pór este escudo é unha alegría, e ademais sabendo que a xente toda está con este club. Por iso, cada vez que visto a camiseta intento dar o máximo posible de min.

Que prometes facer se ascendes este ano? (A entrevista foi realizada durante o mes de xaneiro)

A verdade é que non pensamos nada pero se estamos aí ata o final, algo habemos facer, por exemplo, unha tatuaxe. A verdade é que faría o que fose por ascender.

Unha alumna do IES Ribeira do Louro, campiona galega de 5000 m en ruta

O noso Instituto ten a sorte de contar entre o seu alumnado cunha atleta de primeiro nivel. Rajaá Rizki, nada en Marrocos e alumna do noso centro dende hai catro anos, é a actual campiona galega de 5000 m en ruta, e atesoura xa excelentes marcas e clasificacións en diversas probas: no campionato galego de 10000 m en pista, celebrado en Noia o 17 de marzo de 2012, quedou 1ª na categoría xunior e 2ª na categoría absoluta; ademais, un mes despois conseguiu a marca mínima que se pide en 800 m en pista para os campionatos de España que se van celebrar en Avilés

RAJAA RIZKI /

“Chámome Rajaá Rizki, son de Marrocos e gústame moito facer deporte, sobre todo atletismo. Levo catro anos no club do Porriño. Cando comecei non corría moi ben pero agora estou moito mellor e con moita forza. Pedíronme moitos clubs que me cambiase aos seus equipos, pero non quixen porque estou moi contenta no Porriño, e ademais aquí entreno moi ben. Atópome de cada vez con máis capacidade grazas ao meu adestrador Daniel Mouriño. Antes había moita xente que me gañaba, pero agora xa non. O ano pasado quedei campiona de Galicia en 5000 m en ruta, e tamén teño moi bos tempos en pista nas distancias de 400 e 800 m.

Este ano fun coa selección galega ao campionato de España de cross que se celebrou en Asturias, en Xixón, o día 4 de marzo, e de vinte e dous participantes, Galicia quedou oitava. O 17 de marzo participei no campionato de Galicia, no concello de Noia, e quedei 1ª na categoría xunior, e 2ª na categoría absoluta na proba de 10000 m en pista.

O atletismo é un deporte moi fermoso, aínda que duro. Sofres moito pero sempre o pasas ben. Eu coñezo todos os lugares de Galicia grazas ao deporte, e tamén moitos sitios de España. O atletismo é un deporte moi san e anímovos a todos a practicalo”.



Campionato galego de 10 km en pista no concello de Noia. A alumna Rajaá Rizki, segunda pola dereita.



A nosa alumna coas compañeiras da selección galega de Cross, no campionato de España celebrado en Asturias este ano



Rajaá Rizki nunha entrega de trofeos



Aquí a vemos competindo con toda a súa forza

Nazaret Borja Jiménez, Premio ao esforzo e superación persoal

A nosa actual alumna de 1º de Bacharelato foi a primeira xitana do Porriño en conseguir o graduado en ESO

NAZARET BORJA /

Son unha alumna que veu nova este ano ao IES Ribeira do Louro e son a primeira xitana que sacou o Graduado no CPI da Ribeira. Eu levaba nesta escola dende que tiña tres anos e cando rematei 2º ESO tiven que marchar para Valladolid durante unha tempada. Alí estudei no colexio Reinado Corazón de Jesús y Nuestra Señora del Pilar, que, como podedes imaxinar, era de monxas e privado. Durante a miña estadia nese centro, tiña que ir sempre con uniforme, entrar moi cedo e saír moi tarde. Para min foi como unha tortura e resultoume moi difícil adaptarme. Ao final logrei superar 3º da ESO, aínda que me quedaron dúas materias: Física e Química e mais Tecnoloxía. Cando comecei 4º da ESO xa me foi mellor: o primeiro trimestre curseino naquel centro e aprobei todas, e o segundo e terceiro xa no Porriño e logrei, como digo, completar 4º da ESO con todo aprobado (as dúas que suspendera tamén as recuperei). A Consellería de Educación concedeme o Premio ao esforzo e superación persoal. O bacharelato estouno a facer neste instituto e, aínda que me vai un pouco mal, coido que con máis esforzo podó sacalo.

Dende estas páxinas gustaríame animar a todos os rapaces e rapazas para que empreguen todas as súas enerxías en estudar, xa que os estudos marcarán o seu futuro.



Nazaret Borja, en primeiro plano e no centro, xunto cos seus compañeiros e compañeiras, nunha aula de 1º de Bacharelato do noso instituto